22 outubro novembro decembro 1968

GRIAL



D. GARCÍA-SABELL: A realidade humá de Rosalía.

XOSÉ-ÁLVARO PORTO: Estudo morfo-semántico do apreciativo galego.

RAMÓN PIÑEIRO: Carta a Jean Pierre García.

CARLOS A. ZUBILLAGA: *Epistolario americano de los hermanos Sagra.*

A. VILLAR PONTE: Nouturnio de medo e morte.

MICAELA MISSIEGO: A nova poesía: Allen Ginsberg ou a rebelión.

M. RODRIGUES LAPA: Uma ediçao do trovador Airas Nunes.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 22 — OUTUBRO, NOVEMBRO, DECEMBRO 1968

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

A realidade humá de Rosalía, por D. GARCÍA-SABELL ... 385

Estudo morfo-semántico do apreciativo galego. ¿O sufixo -iño, diminutivo garimoso?, por XOSÉ-ÁLVARO PORTO DAPENA ... 412

Carta a Jean Pierre García, por RAMÓN PIÑEIRO ... 425

Epistolario americano de los hermanos Sagra, por CARLOS A. ZUBILLA BARRERA ... 433

ESCOLMA

Nouturnio de medo e morte, por ANTÓN VILLAR PONTE 451

Dous contos de Yasunari Kawabata. Trad. de S. SEOANE 465

PENEIRA DOS DÍAS

A nova poesía: Allen Ginsberg ou a rebelión, por MICAELA MISIEGO ... 469

Dámaso Alonso, y su obra, por RAMÓN LORENZO ... 476

Uma edição do trovador Airas Nunes, por M. RODRIGUES LAPA ... 482

O Graal, por A. LABRADA ... 486

A festa dos Maios na Gran Bretaña, por JAVIER FERNÁNDEZ ... 488

Cinco pezas para cémbalo, por ALLUÉ ANDRADE ... 492

Carta de Inglaterra, por CARLOS DURÁN ... 494

LIBROS, por *Basilio Losada, M. Rodrigues Lapa, Andres Torres Queiruga e Manuel Fabeiro Gómez* ... 496

O REGO DA CULTURA ... 510

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

A REALIDADE HUMÁ DE ROSALÍA

A Basilio Losada Castro

Tense dito, i a cousa resulta innegábel, que Rosalía representa o pirmeiro intento, na poesía peninsuar, de apreixamento de aqueles estados de ánimo que remiten, de modo inequívoco, ó grande problema humán de todolos tempos, a sabere, o problema da finitude do home, o da sua inespricabre continxencia, o da sua aparente inxustificación. Nunha verba, a incógnita, ou mellor aínda, a tremecente vivencia inentendibel da nada.

Tamén é certo que isa vivencia da nada enxéndrase, pola sua banda, na anguria e que isa anguria é, polo tanto, a grande desveladora da derradeira esencia do home, é a grande amostradora da testura ontolóxica de toda criatura humá.

Ninguén en Iberia, deica Rosalía, tiña cumplido a fazaña de evidenciar, a favor da poesía, tan enigmática e comprexa rede vivencial. Rosalía adiantóu, polo vieiro intuitivo, o que máis adiante os filósofos, os antropólogos i os psicólogos haberían levar, con rigor metódico, a decisivas palabras de conceito.

Todo isto é esaito, todo isto é evidente. Velahí está, pra probalo, o volume "7 ensayos sobre Rosalía" que é o punto de arranque da valoración eisistencial e, por ende, metafísica, do noso máisimo poeta. E, dentro dise volume, as aportaciós decisivas de Ramón Piñeiro co seu ensaio "A saudade en Rosalía" que é, a todas luces, un escrarecemento básico pró entendemento en transcendencia da obra rosalián. I a de Celestino Fernández de la Vega que, en "Campanas de Bastabales", inserta a figura de Rosalía nun ámbito heideggerián de forte e incitante orixinalidade.

Rosalía é, pois, un poeta metafísico. Ista é a enorme novedade do seu quiñón ó acervo universal do arte. Rosalía sinte i espresa, como dí Ramón Piñeiro, "a soedade ontolóxica", a soedade ausoluta do seu ser. Ou o que ven sendo o mesmo, a forma máisima do que en Galicia entendemos por *saudade*.

A PERGUNTA POLA PERSOA DE ROSALÍA.

A miña pescuda non vai seguir, agora, o camiño filosófico que Piñeiro e Fernández de la Vega teñen encetado. Eles son os que, dalgún xeito, terán de completalo —si é que, en verdade, as súas redondas ideias percisan, niste caso, de ulterior cumplimento.

A miña pergunta, niste intre, sona eisí: ¿Cómo é a visión eisistencial de Rosalía? ¿Cáles son as súas dinamicidades? ¿Cál o seu estilo persoal?

Coido que si acadase respostar a istas inquisiciós, poderíamos acceder a unha imaxe máis xusta, e cecáis crara, da nosa grande escritora. E isto é, no fondo, do que se trata: de ver craro, de fitar lucidíamente, de alucar con nidieza na figura que pra nós, homes galegos, constituie unha das representaciós máis esgrevias do noso esprito coleitivo, da nosa maneira propia, de nós mesmos. Aprofundar en Rosalía é aprofundar na ialma da xente galega. Coñecer a Rosalía é coñecernos a todos nós. E paréceme que ista é a obriga esencial: que non nos falle, que non escasee *o saber inteleitivo,* xa que do outro, *do saber afeitivo,* non andamos, por fortuan, nada probes.

Pra furar nos recunchos orixinarios da dimensión eisistencial de Rosalía dous vieiros poden seguirse. Un, o estudo pormenorizado da súa propia vida. Outro, a pescuda antropolóxica na súa obra de creación.

Calisquera distes vieiros é, en sí mesmo, abondo pra cobrar portazgo no entendemento de Rosalía e do seu arte. Os dous xuntos, en esposición paralela, constituirían un desideratum inestimábel. ¿Qué camiño seguiremos agora? ¿Axuntaremos ambos a dous nunha sinerxia espricativa de amplo radio?

A BIOGRAFÍA DE ROSALÍA I A EISISTENCIA DE ROSALÍA.

Chegados a iste punto un pirmeiro impedimento nos sae ó paso. I é que, a pesares dos innúmeros e meritísimos traballos de investigación que se teñen levado a cabo sobor da vida de Rosalía —i entre eles compre destacar os beneméritos de Fermín Bouza Brey, máisimo coñecedor dos avatares cronolóxicos rosaliáns— a verdade é que apenas sabemos cousa de sustancia no que se refire á realidade íntima da persoa Rosalía. Coñecemos moitísimos pormenores dos aconteceres vitales do poeta. Sabemos ónde nacéu, ónde se crióu, a estadía infantil na aldea ca familia paterna, a ligazón ca nai, o papel que xogóu na sociedade compostelá durante a súa mocedade, o casorio con Murguía, os fillos sucesivos, as estadías en Madrid i en Simancas, a doenza que rematóu con ela, o lugar e mesmo a estancia na que finóu, etc., etc. Sabemos, nunha verba, datas, testos numéricos, situaciós sociales, estado económico, aitividades inteleitoales, pro ¿i ela mesma? ¿Cómo foi a persoa Rosalía Castro? ¿Cáles eran os vectores importantes do seu esprito? ¿Cómo respostaba ás aguilloadas do

mundo do seu arredor? ¿Qué pensaba e qué sentía na vida cotián? Pra contestar a istas inquisiciós, repito que apenas dispoñemos de algúns, moi poucos datos fidedignos e siñificativos. En realidade, somentes poseemos un feito carregado de siñificaciós: a súa escandalosa ilexitimidade. O resto é mera cronoloxía. E por iso podemos afirmar, sin medo a trabucarnos, que *de Rosalía coñecemos bastante ben a súa biografía, pro descoñecemos a súa eisistencia.* E isto é o que agora nos importa.

A VIDA I O SEU SEGREDO.

Situámonos, pois, dediante dunha incógnita: *a do ser persoal de Rosalía.* ¿É factíbel chegar a ele? Eu coido que soio en parte.

Poderemos, dende logo, entender e mesmo perfilar as liñas de forza da súa ialma, a dinámica psíquica que a envolvía i a condicionaba. Endexamáis, coido eu, nos será dado meternos na derradeira raigaña eisistencial da súa vida, nos derradeiros penetrales da súa persoalidade. Mais ista imposibilidade non é unha caraiterística privativa do noso poeta. É unha imposibilidade ausoluta que se dá cando nos encaramos con calisquer gran esprito creador. O análisis definitivo dunha figura literaria, a súa cabal inteleición, é inapreixábel e depende, sempre, dos instrumentos culturales que manexemos con arreglo ó tempo en que vivimos. Toda criatura humán é, en derradeira instancia, opaca. I hai un derradeiro pouso de incomunicabilidade eisistencial que ninguén pode escochar, nin tan siquera o propio interesado. Cada persoa leva en sí unha raiceira segreda que aínda ela mesma nunca acadará a intuir de todo.

Non se trata ,por tanto, de chegar deica ise fondo abisal da persoa. A miña arela, máis modesta, estriba en acadar unha certa diafanidade, deica agora non albiscada, sobor da teitónica espritoal de Rosalía, sobor da rede das súas dinamicidades anímicas nas que ten de insertarse, por unha banda, a súa vida cotián e, pola outra, a súa obra literaria.

OS DOUS VIEIROS DA REVELACIÓN EISISTENCIAL.

Repitamos a pergunta: ¿Cómo terá sido a persoa Rosalía Castro? E repitamos a resposta: dous camiños se nos apresentan si intentamos contestala. Un, a consideración dos escasos testemuños válidos que sobor de *Rosalía como persoa eisisten.* Outro, o análisis antropolóxico da súa propia obra. Non o análisis estético, ou estilístico, ou o estudo das infrecuencias literarias que enriba dela pesaron, ou a siñificación dela mesma pró arte do seu tempo e do noso. Non. Se non trata de ren disto. Trátase de pescudar, de remexer na dimensión eisistencial que os versos rosaliáns poidan amosar e ver de atoparlles *o senso humán, o seu senso meramente humán.* Dito con outras verbas, trátase de *apreixar a persoalidade rosaliá a favor da obra rosaliá.* Pra

iso, unha condición é percisa: esquecer, xustamente, a biografía de Rosalía. Como nunha pescuda fenomenolóxica —e de feito o meu intento vai selo— imos poñer entre paréntesis, ó menos de modo provisorio, todo ou cáseque todo o que, esternamente, lle aconteceu á nosa autora. Imos arrincar de cáseque cero. Soio eisí a nosa esperencia poderá poseer algún valor demostrativo. Imos realizar unha faena de pendol: carregar a nosa búsqueda sobor do lado antropolóxico da obra pra que, ó incrinarse iste, nos poña ó descuberto o outro costado do barco rosalián, o da súa verdade eisistencial.

E, pra escomenzar, reparemos en que, dende sempre, ven facéndose o contrario, pois Rosalía vive unha vida que brinda incontábeles razós pró pranto. Logo, asegún os fáciles eiséxetas, a súa poesía é, en definitiva, pranto. Rosalía chora, ó que parece, como calisquer poeta menor. "Toda a chorar me matéi", dí nun dos seus poemas. Velahí ben ás craras, aparentemente, a proba documental da tesis que sostén, como esencia do arte rosalián, o laio lacrimóxeno i elexíaco. Tesis, ó meu modo de ver, trabucada. Logo veremos o fundamento dista miña afirmación.

Arte i eisistencia.

Veño de decir que pra entender a Rosalía nas súas raiceiras eisistenciales profundas compre esquecer a Rosalía aparencial das meras esterioridades. Pra entender a Rosalía hai que esquecer a Rosalía. E íremos, direitos, ós seus versos.

¿Pode o arte revelarnos a íntima trama da criatura que o fixo realidade? Veleiquí, agora, a custión. Pra entrar nela con rigor e veracidade é perciso que vaiamos con moito tento. Que avancemos devagar, despexando obstáculos máis ou menos ocultos i evitando cair en doados psicoloxismos.

Polo pronto, é evidente que certos modos de poesía poden narrarnos, mesmo con fartura de detalles, a vida particular do poeta. Os seus días, os seus ocios, as súas miudas paixóns, as súas trécolas, as súas preferencias, os seus afastamentos. É moi difícil que un tal poeta non se chante nun vulgar prosaismo. Si o poeta nos refire o que constituie a rede da súa vida cotián, iso ha ser en función doutra cousa. Isa outra cousa que trascende ó relato máis ou menos pormenorizado da biografía, é, dende o punto de vista eisistencial, aquelo que traba os en aparencia insiñificantes feitos da cotidianeidade a unha esfera de valores de máis outo senso. A vivencia vulgar adequire importancia en tanto en canto a súa propia vulgaridade alude, sinala a outras capas máis mestas, máis consistentes que a propia vulgaridade narrada.. A alusión pode sere, por exemplo, á monotonía do proceso vital, á súa anguriante miudeza, á súa nadería intrínseca. Entón, aquelo que o poeta nos di, xurde como un simple reflexo do que non nos di, pro que sustenta ó dito. Que é o seu chan de mantencia. O poeta non narra por narrar. Narra porque ó facelo libérase do cotián, infiltrando a súa esencia —que é o que vale— nos fondales da intimidade do lei-

tor ca súa cárrega de senso transcendente. Se isa cárrega é capás de apropiarse de nós, *de embargarnos a ialma*, o poema será auténtico. Se a tal cárrega esvaece baixo o peso das anéidotas triviales, o poema non será poema, será relato en verso. Quede craro que o poeta podo decilo todo si en todo acerta a poñer o minuto de transcendencia necesario. Por iso, pra unha ollada antropolóxica, non hai poetas intimistas, nin poetas sociales, nin poesía pura, nin poesía comprometida. Hai, sinxelamente, poesía con poder de transcendencia e poesía sin ele. Poesía con total poder de comunicación e poesía enquistada en sí mesma. Que o que ela comunique seña, a pesares da comunicación, inefábel pro real, é o que define a súa autenticidade. Si o que ela comunica é perfeitamente comunicábel, sin inefabilidade algunha, por moi real que semelle será, sempre, indefeitíbelmente, irreal. Refírome á irrealidade poética, non, naturalmente, á falla de apoio ouxetivo. Un poema comprometido pode darnos a solución ó problema da inxustiza social, e mesmo ofrecela en fórmulas doutrinarias moi concretas. Con iso o poema —que os hai, e con fartura— é decididamente real, decididamente ouxetivo pro, ó tempo, polo costado da súa dimensión poética e transcendente, é supremamente irreal. Irreal porque non é un poema. É outra cousa. O troque dunha cousa por outra de menor cuantía constituie, sin dúbida, un fraude. A min me non parece mal a poesía comprometida. A mín o que me parece mal é a poesía comprometida que se descompromete. A poesía cuio xogo estriba en choutar enriba dos valores líricos reales pra embarcarse noutro orde de valores, moi respetábeles, todo o respetábeles que se queira, pro non valores poéticos. I ó decir poéticos, polo mesmo que aludo ó poético-humán, non me refiro a ningún tipo de fuxida máis ou menos lírica da realidade circundante, senón á fuxida ou ó refuxio nos programas políticos de todo orde. *Hai unha falsa poesía comprometida que é unha evasión.* Nietzsche decía: "Alles moderne Philosophieren ist politisch und polizeilich"; ("Todo o moderno filosofar é político e policíaco"). Iso podería apricarse a gran parte da poesía do noso tempo. I eisí veríamos que, dentro da poesía comprometida, hai tamén unha poesía política e unha poesía policíaca. Si non é que as duas son a mesma cousa. Mayakowski foi, sin dúbida, un grande poeta. Os epígonos de Mayakowski son, sin dúbida, uns falsos poetas. Mayakowski contábanos os avatares da revolución e os facía transcender en valores fondamente humáns. (Cecáis o non ter acadado unha íntima fusión entre ambas instancias é o que poida espricar a derradeira determinante eisistencial do seu suicidio). Os epígonos de Mayakowski cóntannos os dramáticos costados da miseria do home e poñen ises tremendos costados ó servizo dunha palabrería máis ou menos oca. Mayakowski, e algúns, moi poucos poetas revolucionarios de hoxe, consiguen facernos tremecer *co latexo comunicado da súa rebeldía.* Os outros, o imenso fato *dos demáis*, asobállannos cunha falsa retórica. Velahí, en arte, a diferencia antropolóxica entre o verdadeiro i o falso.

Iste inciso era necesario, non pra meternos no probrema da poesía comprometida, senón pra indicar con intensidade a folgura de que dispón o poeta na eleición do tema da súa poesía, e na eleición dos materiales cos que ha edificala. O arte i a eisistencia poden e deben ir estreitamente ligados, como entrabados un noutro, pra que da súa mistura xurda, inconteníbel, a beleza i a verdade.

Máis xusto isa ligazón é a que agora eu desexo tronzar pra inquirir nos seus cachos o campo de forzas da eisistencia que neles puideran atobarse. Espresado doutro xeito: nós podemos afirmar que, por unha banda a obra de arte é, como o propio home, esprito *encarnado,* esprito feito carne, esprito materializado. Sadzik fala da obra de arte como "dunha similitude ontolóxica do home mesmo". O home é quén pra traer á lús grandes i estensas realidades que acochan no baixo chán, no fondo do ouxetivo. Ista laboura de sondeo soterrán pode levarse a cabo, de feito lévase a cabo, gracias á obra de arte. A obra de arte é feita, *realizada* ("hergestellt", pra empregar un dileito vocablo heideggerián) de forma distinta a como o é un ouxeto determinado, ista mesa ou aquela lámpara. Na obra de arte rube á superficie o que, como dí Sadzik, "hai de máis profundo na realidade material". O ouxeto fabrícase, a obra de arte créase. Veleiquí a diferencia fundamental entre ambas instancias do facer do home.

Mais prá creación é mester a eisistencia de dous termos. Un, o da realidade sobor da que vai operar o artista pra zugarlle as súas escondidas intimidades. Outra, a realidade do propio artista creador, do que vai producir, do que vai "facer sair", ("das Hervorbringen", na terminoloxía de Heidegger) aquelo que na ouxetividade esterior anda encuberto.

Hai un dito de Alberto Durero que algunhas vegadas teño visto citado a iste respeito: "Denn wahrhaftig steck die Kunst in der Natur, wer sie heraus kann reissen, der hat sie". ("En verdade, o arte apousa na Natureza; aquele que é capás de arrincalo, ise é o que o posee"). O termo que agora nos interesa prá miña pescuda antropolóxica é, xa que logo, o segundo, a sabere, o da criatura humán que pode sacarlle á Natureza o seu oculto segredo. Que ise segredo sexa, en derradeira instancia, "a espresión do ser mediante as verbas", e que as verbas, a língoa, sexa xa en sí mesma poesía, pois que ela torna posíbel a apertura do ser, en tanto que ser, pra o home; e que a palabra —o instrumento da poesía— constituia, por esencia, o "orixinario nombrar do Ser", son cousas que quedan fora do perímetro diste ensaio, aínda que o seu desenrolo conceitual me faga constantes chiscos de ollos e me incite a seguir describindo o seu proceso.

Imos, pois, encararnos ca poesía de Rosalía de Castro. E imos ver o que nela hai de revelador da íntima testura da súa autora. Imos manexar, non o que o poeta estrae á lús da verdade sobor do mundo, senón *cómo o estrae,* que estilo tén o seu esforzo, cál é o seu formato vital.

E imos percibir, como nun barco de boa fasquía, o arfar contínuo que a arrebata, que a fai avanzar e que, en non poucas sazós, a arrinca da súa segura derrota.

As duas facianas da obra rosalián.

Si nos atemos ós dous libros máisimos do noso poeta, "Cantares gallegos" e "Follas novas", deseguida chama a atención o feito da súa polaridade vital. "Cantares gallegos" é, pra decilo con verbas sinxelas, un libro ledo. "Follas novas" é un libro dramático.

"Cantares gallegos".

Vaiamos, pois, co primeiro.

A ledicia diste libro non é unha ledicia de entrega total, de entrega propia ó espeitáculo da vida de arredor. Se non trata dunha fusión da cantora co mundo circundante, cas xentes dise mesmo mundo. Non é unha ledicia dionisíaca na que a criatura humán é literalmente poseída polos xenios telúricos e por eles arrebatada nunha danza estrema e anonadadora. Non é tampouco unha participación nun coro coleitivo de seres que erguen as súas voces unánimes como unha parte máis do coro universal da vida cósmica. Non. É outra cousa.

A participación rosalián na ledicia popular é unha participación de espeitadora. Rosalía alédase da ledicia dos demáis e compártea na medida na que isa ledicia pode supoñer unha mitigación dos dramas e miserias do seu pobo ó que por outra banda, ela se sinte radicalmente ligada. E na medida en que ise placer comunitario aparece como vehículo dun estilo vital máis rico e máis humán que o de outras terras por ela menospreciadas, en especial Castela. E tamén na medida en que tal estado de ánimo popular soio é espresábel na nosa língoa —que ela pretende resgatar da vulgaridade dos seus escasos cultivadores.

Pro ista colaboración en reflexo do esprito de Rosalía na vida do seu pobo, tal é como se apresenta en "Cantares gallegos", non quere decir, nin moito menos, que Rosalía trate poéticamente os costumes comunales —algúns xa no seu tempo con fortes síntomas de erosión destructiva— dende unha perspeitiva meramente estetizante. Hai, sin dúbida, esteticismo —esteticismo da época— nos poemas de "Cantares gallegos". Mais o que é evidente no libro é, *máis que a participación direita, o propósito reivindicativo.* I, endemáis, o propósito rememorativo, o caráiter de lembranza de moitas das vivencias por Rosalía cantadas.

Dende calisquera distes puntos de vista é sumamente siñificativo o testo do prólogo da propia autora. Eisí, ó falarnos dos motivos que purraron nela pra escribir o libro, dinos que "...inda achándome débil en forzas e n-habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, guiada solo por aqueles cantares, aquelas palabras

cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados *que tan docemente resoaron nos meus oídos desde a cuna* e que foron recollidos polo meu corazón *como harencia propia,* atrevíñme a escribir estos cantares esforzándome en dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva e cómo o noso dialecto doce e sonoro é tan apropósito como o pirmeiro pra toda clase de versificación".

Porque é unha reivindicación, en grande parte rememorativa, dun estilo de vida, porque do que se trata é de salvar un vago e conmovedor mundo infantil —sin dúbida o da casa de Ortoño, casa de labregos afincados na terra natal, a casa da familia paterna, onde Rosalía vive gran parte da súa nenez— a dinámica eisistencial non penetra, polo común, nas derradeiras raiceiras dos seres e das paisaxes. Dise xeito, o párrafo rosalián anterior compleméntase con istas frases nas que, dende outro ángulo, nos informa de cáles foron os seus propósitos ó escribir "Cantares gallegos": "Dar vida e acción ás múltiples esceas, paisaxes e mariñas de Galicia, así como a todo canto se refire ás cousas dos homes que as póboan e ás pasións que os domean".

Agora ben, ¿ónde están isas paixóns que domean ós homes de Galicia, ós homes da Galicia de mediados do século XIX? ¿Son paixóns as esceas de rústico madrigal, como as da composición 3?:

"Dios bendiga todo, nena
rapaza, Dios te bendiga,
xa que te dou tan grasiosa,
xa que te dou tan feitiña
que, anque andiven moitas terras,
que, anque andiven moitas vilas,
coma tí non vín ningunha
tan redonda e tan bonita.
¡Ben haya quen te paríu!
¡Ben haya, amén, quen te cría!".

Ou a despedida dos amantes no mencer, tema de singular fondura e de intensa tradición literaria, pro que en Rosalía se resolve con desenlace inocente:

Así te quero, meu ben,
como un santo dos altares;
mais fuxe... que o sol dourado
por riba dos montes saye.
—Iréi; mais dame un biquiño
antes que de tí me aparte,
que eses labiños de rosa
inda non sei como saben.

E tamén é notábel, niste senso, a fartura dos diminutivos que aluden, por iso mesmo, ó caráiter infantil dos relembros rosaliáns:

Xunto dela, os paxariños
gorgoxean que é un contento;
faille festiñas o vento
cos seus hirmáns os airiños.
Os pastores, coitadiños, cántanlle o doce a... la... là
que lengua de amores fala.

En seis versos, catro diminutivos.

A AUTENTICIDADE DE "CANTARES GALLEGOS".

¿Quere decir todo isto que "Cantares gallegos" é un libro inauténtico? De ningún xeito.

A inautenticidade estriba en traizoar á propia persoa. En "Cantares gallegos" Rosalía se non traizoa, denantes ó contrario, realízase. *Realízase* en canto de antemán se propón uns fins i a eles supedita a súa forza creadora. Salvar do esquecemento uns costumes mediante a palabra poética i erguer a língoa dises mesmos costumes, é tarefa que queda cumprida cando os poemas son cantados ou recitados polo pobo, e cando o pobo os funde no seu acervo coleitivo deica non chegar a sabere si son de algún poeta ou non son de ninguén e son, en definitiva, de todos. A un erudito, a un crítico literario, a isa cousa abominábel que se chama "un home de letras", os cantares rosaliáns, moitos dos cantares rosaliáns, poderán parecerlle, todo o máis, "deliciosos" —como a Goethe, tan home de letras, lle parecía a obra de Beethoven: "köstlich", decía escoitando a música do coloso de Bonn. Ó pobo, i ó home de cultura cando se non desaparta do pobo, os cantares rosaliáns non lle sonan a "deliciosos", ou a costumbristas, ou a docemente empalagosos. Sónanlle, por riba de tódolos análisis estéticos, a auténticos. ¿Por qué? Porque neles Rosalía acadóu a apreixar moi finamente non soio certos aspeitos da paisaxe galega, senón tamén moitos dos trazos psicolóxicos que aitúan de maneira constante no noso pobo: o disimulo intelixente pra conquerir o que se desexa —a vella que se finxe xorda pra participar nos béns da grande festa familiar. Ou o comento cauto, raposeiro, pro sumamente siñificativo, encol da solteira falsamente modosa. Ou sobor da casada casquivana. Ou a morriña do fogar. Ou, en fin, moitos máis que non é perciso espoñer. Pro todo iso esprica con craridade, por ser verdadeiro, o éisito da obra, éisito rápido e sostido ó longo dos anos i ó longo das xeneraciós. E ista é outra cras, e ren despreciábel, de autenticidade.

A autenticidade consiste, endemáis, en *desvelar a realidade,* deica entón oculta, do idioma. I a realidade, deica entón iñorada, dunha forma de vida campesía, cas súas gracias inxénuas —e cas súas dóres resiñadas.

A laboura dos "Cantares" e, pois, verdadeira. Tan verdadeira, que nela amosan outras cousas de ar moito máis persoal. Isas cousas

de tono específicamente rosalián son, ó meu modo de ver, a cólera i a vivencia do misterio eisistencial da vida.

Cando Rosalía se encara con algún aspeito inxusto do sufrir coleitivo, xurde nela algo que vai repetirse, e mesmo intensificarse, na súa obra posterior, a sabere, o alporizamento. A disgracia do seu pobo —a dór do traballo bestial fora da patria, a tráxica necesidade de emigrar, etc., etc.—, fan que Rosalía se convirta de espeitadora en aitora virtual disas mesmas disgracias. Agora, nunha verba, a *inritación non é contemplada, agora a inritación é con-vivida.* E, ca cólera asoma, por pirmeira vegada, unha enerxía de reaición vivencial sumamente escrarecedora, sumamente sintomática da testura espritoal do poeta: a súa capacidade de desprezo, pirmeiro. Despóis aparecerá, en "Follas novas" —i eiquí soio fuxidíamente— a súa insólita, enorme, tremecente capacidade de odio. Veleiquí un aspeito da ialma rosalián pra mín decisivo e sobor do que, coido eu, apenas se ten falado. Vexamos isa secuencia de alporizamento, desprezo e odio nos versos seguintes:

Morréu aquel que eu quería
e pra mín n-hai consuelo:
solo hai para min Castilla,
a mala lei que che teño.
Permita Dios, castellanos,
castellanos que aborreço,
que antes os gallegos morran
que ir a pedirvos sustento.
Pois tan mal coraçón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan,
dádesllo envolto en veneno.

E máis adiante:

¡Castellanos de Castilla,
tendes coraçón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sin entrañas o peito!.
En trós de palla sentados,
sin fundamentos, soberbios,
pensás que os nosos filliños
para servirvos naceron.
E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento,
coupo en máis fátuas cabezas
ni-en máis fátuos sentimentos.

E logo:

Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento.
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto.
Esto che tocou, coitada,
por herencia no universo,
¡miserable fanfarrona!...
triste herencia foi por certo.

Reparemos nas espresiós "a mala lei que che teño", "castellanos que aborreço". E, despois, a dura, alporizada escramación: "¡miserable fanfarrona!" que reasume en sí mesma toda a cárrega de odio e menosprecio inspirada por Castela cando Castela trata mal ós galegos. O profesor Carballo Calero na sua "Historia da literatura galega contemporánea" ten analizado, con moi bó senso humán, isas "duas verbas insustituibres na intención do poeta, porque dan a medida esaita dos seus sentimentos". Sentimentos, como se vé, nada malencónicos, nada elexíacos, nada choróns, e sí fortemente coléricos, decididamente protestarios.

Pro nos "Cantares" hai, como veño de decir, a vivencia, ou mellor aínda, a intuición arrepiante do misterio eisistencial da vida. Son os preludios a "Follas Novas", o anuncio de outra faciana do arte rosalián. Ténse siñalado, tamén Carballo Calero, que a composición XXXII, aquela que glosa o coñecido cantar:

Como chove miudiño,
como miudiño chove;
pola banda de Laiño,
pola banda de Lestrobe

é o paradigma de tal prolegómeno, i a cousa resulta totalmente esaita. Pois nela trunfa, ó fin i ó cabo, a morte. Todo deixa de ser, todo desparece i as risadas, as "brandas músicas", as danzas i a ledicia, todo, ausolutamente todo, por tremenda virazón,

se trocou na triste e fría,
xorda vós do forte vento.

Ou o que é o mesmo: en ren. (Veremos máis adiante o senso que pra Rosalía posee a morte, que é ónde está, xustamente, a súa esceicional dimensión anticipadora de toda a poesía europea posterior a ela).

Pro eu coido que ises anuncios da faciana dramática da obra rosalián apréixanse mellor nos súpetos lóstregos de amarguexo eisistencial, nos fuxidíos relampos de anguria concreta e, ó tempo, arrepiante porque é, en definitiva, inevitábel. Subraio iste aspeito de fulguración que xurde, inesperadamente, como a presenza hipnótica da serpe, no corpo dalgúns poemas máis ou menos inocentes dos "Can-

tares". Lemos neles e, ó rematar a leitura, quédanos resoando na cachola unha soia frase. Aquela frase cuia enerxía impregnadora do esprito do leitor deriva de que estamos dediante dunha esteriorización derradeira, quero decir dunha esteriorización que agroma dos máis recónditos manantíos da intimidade persoal do poeta. Isa frase ten máis forza porque é máis do fondo, do pouso incomunicábel de quen a escribíu. Porque siñala a algo que é inefábel. E cando un dito porta sobor do corpo dos seus vocablos a cárrega da inefabilidade, ise dito *penetra* en profundidades cáseque endexamáis acadábels. O inefábel de quen crea suscita o inefábel de quen goza o creado. I eisí, na composición XVIII, cuio tema é o do desvalimento dun recén nado que quedóu soio na casa namentras os pais están a traballar no campo, e que chora recramando o leite materno, dá sazón pra que unha muller que por alí pasa se doia do raparigo. Ela nada pode darlle. I entón xurde a Virxe i amamanta no seu divino seo ó neno necesitado. Iste poema, que se desenrola dentro dunha liña sentimental de compasión e abraio dediante do miragre, ten iste escomenzo popular:

Hora, meu meniño, hora,
¿quén vos ha de dar a teta,
si tua nay vay no muiño,
e teu pay na leña seca?

I o poeta engade:

Eu cha dera miña xoya,
con mil amores cha dera,
hastra rebotar, meu santo,
hastra que máis non quixeras,
hastra verte dormidiño
con esa boca tan feita,
sorrindo todo fartiño,
cal ubre de vaca cheya.

E agora, de sutaque, e denantes que a composición tome o proceso lírico e amábel que é tradicional niste tema, agora, digo, choutan dediante dos nosos ollos istas frases:

Mais ¡hay qué noite che agarda!
Mais ¡hay, qué noite te espera!

Veleiquí, como unha tralla, a impensada reaición dramática, a incoercíbel escramación doorosa do drama noitébrego que, en dous versos que son como duas mandíbulas, tritura todo o contido sentimental do poema. Isas fauces eisistenciales tráganse, engulen, degluten a tenrura do divino miragre. Outra vés, agora en tono comprimido e como frenado, o alporizamento rosalián. Outra vés, a cólera con-vivida. Outra vés, en suma, o prenuncio de "Follas Novas" i o seu crarísimo drama.

I outro tanto podería decirse da composición na que se fai o comento do cantar,

Campanas de Bastabales,
cando vos oyo tocar,
mórrome de soidades.

E na que o elemento dramático ven dado, non pola soedade da protagonista, senon pola presenza vagarosa e chea de misterio da paisaxe familiar.

O PROBLEMA EISISTENCIAL DO PRÓLOGO A "CANTARES GALLEGOS".

O prólogo que Rosalía Castro escribe pra "Cantares gallegos" ten duas ideias direitrices. Unha, espricar os motivos que purraron á autora a escribir os poemas. Outra, xustificar o feito de publicalos nun volume. Xa teño tratado denantes da primeira ideia. Atendamos agora á segunda. Hai nela, como era i en parte sigue sendo costume, a afirmación da escasa valía do libro i o facer fé dunha homildade poética cáseque sempre insinceira.

Non podemos sabere, a istas outuras, si Rosalía o era ou nono era. Mais o certo é que as verbas que escribe como autocrítica da súa obra son, certamente, reveladoras. "...e casi asoman as bágoas ós meus ollos ó pensar como Galicia se levantaría hastra o lugar que lle corresponde si un poeta como Antón o dos "Cantares" (D. Antonio Trueba) fose o destinado pra dar a conocer as suas belezas e as suas costumes. Mais a miña infeliz patria tan desventurada nesto como en todo o máis, tense que contentar co-unhas *páxinas frías e insulsas,* que apenas serían dinas de achegarse de lonxe ás portas do Parnaso como non fose polo nobre sentimento que as creóu".

Páxinas frías e insulsas. Veleiquí o segredo. Xa se sabe que calisquer autor pode decir cousas de aparencia máis ou menos desdeñosa prá súa propia obra. E, naturalmente, Rosalía é moi dona de escribilas. Agora ben, por qué ises dous calificativos —"frías", "insulsas"— e non outros calisquera? ¿Non será, por ventura, que ise é o defeito real do libro, si se xusga percisamente dende o estilo eisistencial da súa autora? Entendámonos ben: o libro é *verdadeiro,* a súa fermosura é asoballante en moitos treitos —xa o deixéi consignado—. Pro unha cousa é isa verdade, isa beleza, e outra moi distinta *a súa verdade eisistencial en relación ca criatura que a creóu.* I eisí, "Cantares gallegos", aínda sendo un libro auténtico, non acada as derradeiras raigañas do propio ser rosalián. Somente as roza. Os poemas pasan tanxentes á cólera, o alporizamento, a revolta metafísica, a anguria da nada. As súas páxinas, vistas dende a perspeitiva lírica, son ademirábels. As súas páxinas, vistas dende os fondos recunchos da ialma rosalián, son *frías e insulsas.*

A defensa de Rosalía, a súa precaución dialéitica cara futuros críticos, a denuncia a ela mesma. Porque a tal defensa escédese. A

autora podería falar, algo diso dice, dos erros formales que hai nos poemas. Da monotonía do seu léisico. Da tendencia ó tópico literario entón de moda. Pro non. Váise direita, eiquí sí que en bó estilo rosalián, ó que, en realidade, constituie o fondo do seu problema: decir as cousas con fondura, con forza, *con decidida participación*. Nunha palabra, con quentura e sabor humáns. Rosalía é vivencialmente radical. Enérxicamente radical. I o que non vaia tinxido por isa estremosidade, non remata de convencela.

Tan é eisí que páxinas máis adiante insiste no mesmo reparo: "...puxen o mayor coidado en reproducir o verdadeiro esprito do noso pobo e penso que o conseguín en algo... si ben *de unha maneira —debil e froxa—* que, sin dúbida, non é a súa.

PARÉNTESIS SOBOR DA CHAMADA I O ECO.

A nova fenomenoloxía antropolóxica está elaborando todo un sistema de ideias que tende á comprensión en profundidade disa estroitura, de seu tan comprexa, que se chama *a relación inter-humán*. ¿Cómo é isa relación? ¿Cáles son os seus compoñentes esenciales e cál o seu sentido funcional?

Moi en esquema podería decirse, sobor de todo a partir dos traballos de Bodenheimer, que nela dáse, dunha banda *a chamada* do mundo, ou *a chamada* da persoa. Dende o mundo pode arrincar isa apelación a partir da vía física —sensaciós auditivas, óuticas, osmáticas, gustativas, hápticotáctiles— ou ben, e ampliando o pensamento do dito autor, sería faitíbel ademitir —nisto teño traballado eu— que o vieiro físico veña carregado de contidos que, dalgún xeito, transcenden o meramente material. Cando o elemento da invocación é unha criatura humá, a súa presenza ouxetiva i a súa esteriorización sensorial son cáseque de maneira ausoluta portadoras de siñificación ultra-sensíbel. Dun modo ou doutro, a chamada diríxese a un sitio —*lugar*, na terminoloxía fenomenolóxica— e, dende ise lugar, espértase unha contesta. Ista é o segundo eslabón da cadea relacionante. A resposta chámase, na nova doutrina, *eco*. *A relación* é, pois, unha transacción, un trato entre algo que apela e algo que co-responde a isa apelación. Ambas fases do entramado eisistencial poden concatenarse dunha forma direita, ou a traveso dun terceiro, isto é, nun estilo *medial*. Si entre os dous termos do proceso eisiste incongruencia, as resultas poden sere, nunha escada progresiva de dano, a perplexidade, a desourentación, o medo, a anguria.

Certos autores, entre eles o propio Bodenheimer, meten o acento no compoñente sensorial do acontecer relacionante. Non é iste o lugar pra discutir tal supremacía, nin as posibilidades de fuxir, dende tal conceición, ós postulados da Psicoloxía da Gestalt. Isto, agora, non interesa. Interesa, en troques, e moito, sabere que a determinación do punto ó cal a chamada se dirixe e no cal a resposta se orixina, ise punto no que a ialma *acontece*, pode constituir, dende a perspeitiva antropolóxico-eisistencial, a entidade dinámica que abran-

gue á dualidade suxeto-ouxeto. Pode sere a nódoa de concreción da persoalidade en canto ista é unha dinamicidade que fai ligazón, nun sistema de chamadas i ecos, ca realidade circundante e cas outras persoas que animan isa mesma realidade.

Pois ben, en "Cantares Gallegos" Rosalía é ouxeto dunha apelación insistente, aguilloante. A que lle fai a vella terra de Galicia, a que lle fan, en mudez espresiva, os seus moradores. A que lle fai, en suma, o vivo e vivificante recordo da súa propia nenez campesía. O eco prodúcese. É un eco determinado por múltiples elementos sensoriales —a paisaxe, os recendos do xantar festeiro, os sóns da gaita, os mil bruídos da Natureza e, sobor de todo, a sagra articulación sonora do idioma.

A invocación, pola súa banda, posee un senso, a sabere, o reivindicatorio e salvador. Compre resgatar a vida popular galega do esquezo. Compre resgatar a língoa da súa constante deformación envilecedora. Compre revalorizar a eisistencia homilde tornándoa digna. Compre traguer á lús os tesouros de inxenuidade e de ledicia que o pobo conserva nas súas tradiciós, nas súas creencias, nos seus costumes. O eco prodúcese.

Rosalía bota man das canciós populares pra facerlles o comento poético. Dise xeito unha parte da ialma da autora *acontece,* isto é, ouxetívase, tórnase realidade apreixábel, faise *cousa.* Isa *cousa* é "Cantares Gallegos". Canta o pobo e, con ele, canta o poeta. Un derradeiro respeito pra ise pobo e pra isa língoa fai que o poeta se instale no nivel vivencial do que os costumes e a vida campesía deitan. Rosalía non *representa* agora, máis que en contadas sazós, ó pobo. *Está* entremedias do pobo. É pobo no senso máis inmediato e máis direito. A relación rematóu nunha fusión íntima que supón, por parte do poeta, un donarse a aquelo que é ouxeto da apremiante e calada apelación. De ahí que, agora se non produza toldadura nin *confusión.* Si Rosalía tivera feito poesía difícil dende o punto de vista formal e dende o punto de vista do seu contido, si o seu arte tivera sido máis requintado, a resposta rosaliá non sería hoxe popular. Dende o punto de vista antropolóxico-eisistencial suxeto e ouxeto teñen quedado imbricados. Rosalía canta como o pobo canta. Cos seus defeitos, cas súas sinxelas reaiciós emocionales, co seu candor primitivo. "Cantares Gallegos" *responde* a unha invocación galega. ¿Resposta á derradeira invocación do esprito da autora? De ningún xeito. De ahí, á miña maneira de ver, a insatisfaición rosaliá, a súa reserva en canto ó valor do libro. De ahí o auto-reproche de friura, soseira, debilidade e floxedade. Algo do esprito de Rosalía quedaba fora da obra. Algo moi importante, moi fondo, moi radical.

Ise algo é o mundo alucinante de "Follas Novas".

Rosalía cara a cara de sí mesma.

"Follas Novas" é o libro da confrontación de Rosalía consigo mesma. Agora ninguén lle pide cousa algunha. Ningunha obriga de

reivindicación popular ou de dinificación da patria a aguilloa. Soia, na súa terra ou fora dela, Rosalía volta a ollada pescudadora cara a súa propia intimidade. E cando acude ó testemuño da realidade de arredor é pra pretender trabarse a ela, pra que a pura ouxetividade en torno a axude a non naufragar na soedade ausoluta do seu ser.

Si agora repasamos o libro con valoración antropolóxica, poderemos distinguire nele as liñas de forza que constituíen o campo gravitatorio da ialma rosalián, aquelo ónde van caer, unha e outra vés, as vivencias do poeta como atraídas necesariamente por un derradeiro fondo espritoal que é o corozo inefábel da súa persoalidade.

A chamada xurde, niste intre, dende dentro da persoa creadora. A resposta, o eco, tamén xurde disa interioridade, pro a *forma* de tal resposta, está condicionada polos acenos, certamente incomprensibels, que o mundo fai á criatura inquiridora. A ialma de Rosalía *realízase* no contaio dela consigo mesma. Na espideza ontolóxica máis pura. No aillamente radical. Son mudos os testigos do poeta. E por iso o testemuño que arela arrincarlles é, si cabe, máis patético que ningún outro porque é o testemuño do silenzo. A *forma* da ialma rosalián está condicionada polas *siñales* do mundo de arredor. Isas siñales, pra que cobren valor, deben transmutarse en siñificados, isto é, en símbolos. Mais cando semellante transformación salvadora se produz, os símbolos remiten, unha vés, i outra, i outra, á intimidade da criatura. Co que Rosalía, unha vés, i outra, i outra, torna a atoparse envolveita, circunscrita por un feixe de incomprensibilidades tácitas, non axudadoras, cruelmente estranas.

Rosalía é unha illa de congoxas eisistenciales entremedias dunha Natureza ricaz, leda, variada e de aberta aparencia. E tamén, como non, entremedias dunha inter-relación humán de tona abigarrada, pro de fondo pechado sobor de sí mesmo.

O TEMA DA INCOMPRENSIBILIDADE.

O pirmeiro enigma eisistencial da criatura humá é o seu propio corpo. O segundo, o seu esprito. Por moitas pescudas intuitivas que o poeta realice, sempre se lle escapará, esguía, a derradeira esencia de ambas instancias.

¿Por qué o meu corpo se me alporiza? ¿Por qué non son quén de guialo i endereitalo asegún o meu propio mandato? ¿Por qué ista masa de carne palpitante leva a súa vida escura con autonomía da miña outa i esquisita persoa? ¿Por qué o orgaismo aguilloa, pide, recrama, i endexamáis remata de fartarse? ¿Por qué ista recolleita fermentación da materia que, logo e sin que nos decatemos, vai enxendrar toda crás de disturbios, dóres ausurdos, coerciós insoportábels? ¿Por qué? ¿Por qué?:

> Este barro mortal qu'envolve o esprito
> ¡Quen-o entenderá, Señor!...

I outro tanto pode decirse do esprito. O esprito tamén estorba, tamén aguilloa, tamén fai patente a súa presenza inquedante na vida da criatura que por ele *é poseída*. Pois pra Rosalía, e iste é un grande achádego do seu arte, unha cousa é o esprito i outra distinta o *eu* que o leva sobor das súas costas. Outro enigma, outra incomprensibilidade:

Eu só non digo nada,
Eu só nunca sospiro,
Qu'o me corpo de terra
Y o meu cansado esprito,
A donde quer qu'eu vaya
Van conmigo.

Corpo i esprito son os iniciales enigmas da pescuda rosalián. Por iso ela irá polo mundo,

Con un mundo de dudas n'os sentidos
Y-un mundo de tormentos n'as entrañas.

Ela é un ser vivo, algo que palpita e se move, e trata de establecer ligazós seguras ca realidade. Pro, en virtude disa incomprensibilidade derradeira do corpo e do esprito, ela mesma pode, sin pensalo. convertirse na cousa inanimada que é un cadavre.

Oxe ou mañán, ¿quén sabe cándo?
Pero quisáis moy logo,
Viránme despertar, y en vez d'un vivo,
Atoparán un morto.

Velahí a ouxetiva diferencia: "En vez d'un vivo, atoparán un morto". Iso é todo. E por iso mesmo, pode perguntarse o poeta, furando no pouso da súa propia esperencia.

¿Qué ves n'ese fondo escuro?
¿Qué ves que tembras e calas?
¡Non vexo! Miro, cal mira,
Un cego á luz d'o sol crara.

O que vé non é *visíbel*: é a mouramia sin fondo da incomprensibilidade:

O fondo sin fondo d'o meu pensamento.

É decir, a ausoluta incomprensibilidade. Pro o que se non comprende, non pode espresarse, nin sirve pra facernos compaña. ¿Qué poderá decir ista criatura menesterosa que non resulte vil tradución deformadora do que non entende, do "fondo sin fondo" do seu pensamento?:

Qu'a mán tremborosa n'o papel só escriba
¡Palabras, e palabras, e palabras!
¿Da idea a forma inmaculada e pura
Dónde quedóu velada?

Pro, ¿é irremediábel a soedade que deita da non intelixibilidade do mundo? Cecáis non de todo. Polo de agora Rosalía aínda non ten chegado ó estrato derradeiro da anguria. Rosalía, niste pirmeiro embate á realidade, aínda non perdéu pé. ¿Cál é a súa axuda? Unha moi siñificativa: a dos seres homildes e caseiros; a do lume fogareño; a dos breves e lixeiros animales fuxidíos; a das chamas familiares, que agora, de sutaque, i en medio de todo iste balbordo eisistencial, asoman as súas movibels figuras e xurden, conmovedoras, do ámbito das lembranzas. A memoria pode sere a gran salvadora porque a memoria representa a continuidade persoal. E xa que non outra cousa, isa mesma continuidade asegúranos, deica certo punto, da eisistencia de nós mesmos. A persoa humá volta ó mundo da man da miuda bichería infantil:

Y ó fin soya quedéi, pero tan soya
Qu'hoxe, d'a mosca o inquieto revoar,
D'o ratiño o roer terco e constante,
E d'o lume o chis chás,
Cando d'a verde ponla
O fresco sugo devorando vai,
Parece que me falan, qu'os entendo,
Qué compaña me fan;
Y este meu coraçón lles dí tembrando
¡Por Dios!... ¡non vos vayás!

O mundo non queda, con iso, entendido, comprendido radicalmente. Pro, ó menos, no seu laberinto, Rosalía non se ten desnortado. Aínda, agarrada ó homilde, cotián i en aparencia insiñificante, como a un báculo de axuda, pode ela camiñar polos vieiros vivenciales que a eisistencia lle depara.

O TEMA DO ODIO.

Outro vector da ialma rosalián é, lado con lado do amor —tantas vegadas comentado— o do odio. A memoria que axuda a apuntalar a persoa, ten tamén, pola súa banda, unha faciana destructora. A memoria é o grande acocho do odio. A memoria pode facer que, sin culpa, ún se sinta culpábel:

¡Hay infernos n'a memoria,
Cando n'os hay n'a concencia!

E tamén:

Pode acaba-lo amor, mais tí non acabas
Memoria que recorda-las ofensas.
Sí, sí, ¡de tí mal haya!

Pro maldecir o odio non é vencelo. É, cecáis, deixarse vencer por ele. En todo apóstrofe hai sempre un pouso de ademiración e de rendimento. Rosalía, sutil pescudadora dos seus propios estados de ánimo, eisí o vé i eisí nolo dí. Pirmeiro, aledándose sardónicamente da desilusión doorosa dos demáis dediante o perecer sin senso da eisistencia:

Dendes d'o meu currúncho solitario
Estarey axexándovos sereno.
E tras da primadera e tras do estío,
Verey cal chega para vós o inverno.
¡E qu'inverno tan triste,
Tan áspero e tan fero...!

Xurden "os nosos mortos":

E n'as negras mortaxas qu'os envolven,
Diante de vós aparecer verédelos,
Decindo: N'era aquelo o que buscabádes,
Cando engañados insultast'os ceos...
N'era aquelo sin duda, desdichados,
Mais... tampouco era *esto!...*
Y eu desd'o meu currúncho sorreireime
C'un sorrir triste e negro.

Despois, estoupando nun grande berro, nun brado de odio universal hacia todo:

Odiote campo fresco,
C'os teus verdes valados,
C'os teus altos loureiros
Y os teus camiños brancos
Sembrados de violetas,
Cubertos d'emparrados.
Odiovos montes soaves
Que o sol poniente aluma,
Qu'en noites máis sereas
Vín ó fulgor d'a lúa,
Y ond'en mellores días
Vaguey po-las alturas.
E tí tamén, pequeno
Río, cal n'outro hermoso
Tamén aborrecido,
És antr'os meus recordos...
¡Porque vos amey tanto,
E porque así vos odio!

Mais, anque sin sentirse culpábel, a persoa pode necesitar do odio, pode retelo no seu corazón dorido, pode, mesmo, sentilo como un compañeiro colaborador e seguro. Bismarck decía: "Hoxe paséi a noite odiando". Ista frase alude ó lado noitébrego da ialma humán que, en non poucas sazós, cultiva e despóis sinte como grata compaña o bulto frío e aborrecíbel do odio. A malquerencia corrosiva é un compoñente normal do esprito. O supremo valor do home estriba en saber facerlle cara, en declaralo i en anihilálo. E, aínda, en decirlle adéus, cunha certa morriña do seu poder negador. Rosalía, sempre sinceira, eisí o fará:

¡Adiós! sombras queridas, ¡adiós! sombras odiadas.

E isto a pesares do mundo que aguilloa e fire sin descanso algún:

Ladraban contra mín que camiñaba
Casi-que sin alento,
Sin poder c'o meu fondo pensamento
Y a pezoña mortal qu'en mín levaba.

En derradeiro termo, ninguén fuxe de sí mesmo. Outra vés a memoria, afirmadora e negadora a un tempo, aferrolla agora á persoa dentro de sí mesma. I a forza a camiñar metida no seu propio ámbito, sin posíbel escapada. O odio non convén a Rosalía, pro Rosalía non pode desprenderse de ela mesma. E nela o recordo feito presente, amor e odio simultáneos, é ela mesma. A fuxida resulta irrealizábel:

Non fuxo, non, que anque fuxa,
D'un lugar a outro lugar,
De mín mesma, naide, naide,
Naide me libertará.

A DIMENSIÓN RELIXIOSA EN ROSALÍA.

A vivencia relixiosa de Rosalía posee, ó meu ver, dúas caraiterísticas. Pirmeira, é unha protesta pola eisistencia da disgracia do home. Se non trata de eisistencia do mal como obra das potencias demoníacas. Trátase da miseria espritoal que rilla sin senso a ialma da criatura humá e que semella, en sí mesma, inesplicábel:

O mal d'o inferno é fillo, o ben d'o ceo;
A disgracia, ¿de quén?
Loba que nunca
Farta se vé, que o seu furor redobra
D'a fonda frida, á vista ensangrentada.
¿De dónde ven? ¿qué quer? ¿por qué a consintes?
Potente Dios, que os nosos males miras?

A incomprensibilidade dá agora un pincho dende a esperencia do mediato —corpo, esprito— deica a necesidade espricativa da transcendencia. Rosalía pergunta o por qué do que acontece, pola sua orixe, polo seu senso derradeiro. En boa doutrina teolóxica ise senso derradeiro da disgracia, a súa potencia redentora do pecado, non ofrece dúbida algunha. E Rosalía non podía iñorala xa que ten sido, de sempre, doutrina coñecida de calisquer fidel, doutrina espricada unha e outra vegada, en sermóns, exercicios espritoales e mesmo, na "Cartilla". Mais isa forza recuperadora que leva dentro de sí o sufrimento, ise seu poder de alquitarar as almas ó máisimo, non é ouxeto de vivencia por parte do poeta. Ó poeta impórtalle o sufrimento como tal sufrimento, no seu costado humán, na banda de acó. Ó poeta o que lle importa é a ferocidade espida da dór. Rosalía se non sitúa na fronteira do divinal. Quédase na lareira do vulgar. Vulgar, pro tráxica lareira. E, incansábel, pergunta. ¿Cál é a resposta? Unha atroz: o silenzo:

Fé, esperanza, virtudes,
Orixen d'as eternas beatitudes,
E que dende rexiós máis venturosas
Vindes calmar as amarguras nosas...
¿Dónd'estades, en dónde?
¿Cand'ó qu'en vós confía,
Soyo, en loita c'o as ansias d'a agonía,
Orfo vos chama, e naide lle responde?

A fé i a espranza, calan. E sigue o drama do home. E, con ele, xa non as perguntas radicales —o por qué, o cómo, o dónde, o para qué— senon o prego en tremenda dúbida clamante:

¡Ah, piedade, Señor!
¡Barre esa sombra
Qu'en noit'eterna para sempre envolve
A luz da fé, d'o amor e d'a espranza!
Sombra d'horror que os astros briladores
Escurece d'os ceos, que un novo inferno
N'este mundo formóu, e un mundo novo,
Donde todo valor perd'os bríos
E toda forza sin loitar s'estrela,
Ond'as tinebras d'a impiedá, estendidas,
Borran todo camiño que a tí guíe!

Eisí, o outro caráiter da vivencia relixiosa de Rosalía é o da soedade humá frente ó inescrutábel misterio da transcendencia —como denantes o foi frente ó misterio da eisistencia. Frente a isa transcendencia que, invocada, non responde. Tense falado do silenzo de Deus. Ista faciana moderna do esprito do noso tempo, cuias raiceiras, moi complexas, desembocan no nihilismo europeo, está presente, de xeito esplícito, reiterado e dramático, na obra rosalián.

A protesta que non acada contestación i a soedade por ela enxendrada, determinan en Rosalía un comportamento relixioso que arela a conquista do divino pola banda da familiaridade do trato, eu diría da familiaridade coloquial con as máis outas instancias transmundanas —no que Rosalía non fai senón perpetuar xenialmente, a poder da súa lírica, o xesto secular dos nosos paisáns no enfrentamento co relixioso. E, ó mesmo tempo, nunhas certas reservas mentales que ela, moi agudamente, sabe poñer en boca do pobo. Do pirmeiro aspeito da relixiosidade rosaliá é caraiterístico, ó meu xuicio, iste verso espléndido do poema "N'a Catredal":

Ós pés da Virxe d'a Soledade
¡De moitos anos nos conocemos!

E do segundo, iste outro, tan precavido:

Que todo c'a morte acaba
Según pedrican os cregos.

Ou istes outros, xa no tema do suicidio:

¿Por qué s'ún non rexe
As dores qu'ó oprimen
Por qué dín que t'amostras airado?
¿De qu'un antr'as tombas
A frente recrine?
Inferno n'o mundo,
E inferno sin límites
Máis alá d'esa coba sin fondo
Qu'a yalma cobiza
Qu'os ollos non miden.
S'é qu'esto é verdade,
¡Verdade terrible!
Ou deixad'un inferno tan soyo
De tantos qu'eisisten
Ou si non, Dios santo, piedade d'os tristes

Protesta. Silenzo. Soedade. Aceitación reservada do que os demáis opinan. Veleiquí os principaes vectores da relixiosidade rosaliá.

¿É isto pura relixiosidade? Coido que sí. Nalgún ensaio eu teño escrito, de pasada, que Rosalía era firme e limpamente relixiosa. ¿Qué senso poderán ter as miñas palabras? Rosalía era firme e limpamente relixiosa, xusto, porque a súa vivencia da relixiosidade, a súa eisixencia cara á transcendencia, a levaba a acadar os límites do inefábel. Pretendía entender a Deus dende unha perspeitiva intramundana e familiar, pro pedía soluciós metafísicas. Deus calaba. Ela seguía a perguntar. E non había resposta. E, berrando, pregaba. "Creer en Dios —ten dito Unamuno— es querer que haya Dios". Creer en Deus —houbera dito Rosalía— é necesitar que haxa Deus.

As ocultaciós.

Un aspeito sumamente suxestivo da lírica rosaliá é o que eu chamo *as ocultaciós*. ¿En qué consiste? Pois, sinxelamente, en que en casi todolos poemas aparece, como en filigrana, o confuso perfil dunha concencia de culpabilidade, ou ben dun estrano conflicto eisistencial. Cecáis non todos señan reales. Cecáis moitos soio vividos na imaxinación. Pro non por iso menos acongoxantes.

É moi típico do arte rosalián algo que podería describirse como a forte alusión ó velado, ó que se percibe moi nidiamente como unha enerxía intensa na vida de Rosalía, pro que apenas se nomea, ou non se nomea en ausoluto. Todo o máis, insinúase. A pruma deixa un regueiro carregado de virtual emoción sin contido ouxetivo algún. A alusión, encobre, encela, oculta. Gran parte da lírica de Rosalía, niste seu aspeito persoal, está feita a poder de ocultaciós eisistenciales. Rosalía sutiliza as emociós deica tal punto que, ás vegadas, en lugar da emoción, aparez somentes o vibrar sonoro e lonxano da emoción que non chegóu a pasar dediante dos nosos ollos, da emoción *que se vai sin ter estado presente*. Penso que isto constituie unha parte moi siñificativa dos poucos poetas metafísicos que no mundo teñen sido, por exemplo, Blake, ou Hölderlin. En Rosalía é ausolutamente patente.
tropolóxica. Istes son os que, na súa obra, revisten maior impor-
encubrimentos. E, craro está, istes son os que se levan a palma an-

A comunicación rosaliá está feita tanto de espresividade como de tancia.

O camiño das ocultaciós rosaliáns vai dende a alusión conmovedora do poema "O toque d'alba":

As túas badaladas
Non sei que despertares me recordan.
Foron algúns tan puros
Coma o fulgor d'aurora,
Outros cal a esperanza
Qu'o namorado soña,
Y a derradeira inquietos,
Mitá luz, mitá sombras,
Mitá un pracer sin nome,
E mitá unha sorpresa aterradora,

deica isa tremecente, isa arrepiante calada confesión que é "Negra Sombra". A "Negra Sombra" poderá interpretala cada quén como lle pete. (E iso fala a favor da xenialidade do poema). Eu mesmo teño dado a miña. Pro do que non cabe dúbida é do seu caráiter de ocultación alusiva, de emoción que se vai sin ter estado presente, de tremor en transparencia. De ahí o seu inestricábel misterio. Como acontece co famoso soneto de Nerval.

Je suis le ténébreux, —le veuf— l'inconsolé, etc.

A ocultación *é a forma* na que mellor *se amostra* Rosalía Castro. A ocultación antropolóxica é unha das máisimas liñas de forza da precursora modernidade da nosa Rosalía.

A ESTREMOSIDADE VIVENCIAL DE ROSALÍA.

Paréceme que a derradeira nota definitoria do ser persoal de Rosalía é a súa estremosidade vivencial. Calisquer esperencia humá levián ou grave, superficial ou intensa, transfórmase, ó pasar polo esprito rosalián, nunha conmoción enfervorizada. Rosalía vive todo no límite, na beira fronteiriza da intensidade reaicional.

Iso non quer decir que nela non haxa superficialidades, cousas máis ou menos inanes, e que o baladí non faga aito de presenza nos seus poemas. Pro sempre acontece que, por un motivo ou por outro —o silenzo arrepiante da Natureza ou de Deus, a incomprensibilidade derradeira do mundo, o que seña— afían o seu sentir i o estreman doorosamente. Non hai fuxida. O ámbito interior de Rosalía é un ámbito de estremos: o alporizamento, a tristura, a protesta, a aspra chamada eisixente, a tremecente auscultación da vida sin sóns, a presenza escura da sombra eisistencial, son formas hiper-distendidas da súa específica maneira de resposta.

Isa resposta, nela, é sempre balbordo, clamor, berro; i a risada, cando a hai, tórnase sarcasmo inritado. Resulta: Todo o vasto poema que é "Follas Novas" está como tinguido non dun vago e ubícuo alento malencónico, senón dunha tristura feroz e implacábel. É unha tristura que non ten ren que ver con iso que a xente chama *sentimento*. A poesía rosaliá non é sentimental, non se queda na epidermis do leitor. É triste no senso en que é triste a vida mesma como instancia condenada ó fracaso i ó anonadamento. Ele, o poeta, é conscente dise tinte tenebreiro que asolaga as páxinas do seu libro. Mais non pode fuxir dele. Non lle resulta posíbel esvaecer máis alá das fronteiras do seu propio mundo persoal. Un mundo persoal que se funde, ó formularse en resposta poética, co mundo de arredor e suscita, eisí, en transmutación creadora, a ialma intransferíbel do poeta:

Trist'é o cantar que cantamos
¿Mais qué facer s'outro mellor non hay?

Isa estremosidade vivencial, que está radicalmente espresa nalgúns dos mellores logros rosaliáns, posee, asegún penso, tres grados.

O pirmeiro é o da espida formulación da súa propia vixencia:

Meses d'o inverno fríos
Qu'eu amo a todo amar.

E tamén:

Pechéi os ollos e vin...
Vin fontes, prados e veigas
Tendidos ó pé de min.
Mais cand'a abrilos tornei,
Morrendo de soidades,
Toda a chorar me matéi.

Ou ben ista outra ideia-límite:

Morte negra, morte negra,
Cura de dores e engaños,
¿Por qué non mata-las mozas
Antes que as maten os anos?

Ou aínda a indiferencia que isa mesma estremosidade provoca:

N'acougo c'unha inquietude
Que non me deixa vivir,
Quero e non sey o que quero
Qu'é todo igual para mín.

O segundo grado da agudeza vivencial é o que toma forma na espranza pasiva. Eu diría, i o poeta o dí con toda craridade, a espera.

Veleiquí un exemplo:

Ninguén torce o poder d'os seus destinos,
Infaustos ou beninos: Nin a ninguén ll'é dado
Renegar d'o seu fado.
Só vence quen espera...
Volve a vivir e espera resinado.

I estoutro que logo vai a resoar noutros poetas:

Mais n'en vano sellado está o libro
D'os grandes misterios....
Pasa a groria, o poder y a alegría...
Todo pasa na terra. *¡Esperemos!*

Un paso pra aló disa espida mostración, i o poeta accederá á máis radical vivencia do seu distorsionado esprito: a da morte como desemboque derradeiro na nada. E iste é o terceiro grado da súa estremosidade vivencial.

Inicialmente esperiméntase a morte como un aliviamento da cárrega vital:

Soyo é remedio a morte
Pra curar d'a vida.

Isa cárrega que é un vieiro sin destino:

Ás escuras vamos,
Sen que sepa ninguén pra donde vay.

E logo chega a ahinilación definitiva:

¡Á terra c'os difuntos!
¡Caba, caba lixeiro!
E por lousa daráslle o negro olvido,
Y-a nada lle darás por simiterio.

Pois a morte é, tráxicamente, o non-ser. Estamos agora dediante dunha das vivencias máis radicales e máis orixinales de Rosalía, dediante do seu mundo interior máis recolleito e máis xenuino. Dediante da súa grande orixinalidade eisistencial. I eisí, ó despedirse da Catedral, rompe niste berro terríbel:

Y as pedras quedan... e cand'eu morra
Tí, catredal,
Tí, parda mole, pesada e triste,
Cand'eu non sea, t'inda serás!

Berro que vai repetirse, esplícitamente, nistes versos posteriores:

Meses d'as tempestades,
Imaxen d'a delor,
Que afrixe as mocedades
Y as vidas corta en frol,
Chegade, atrás d'outono
Que as follas fai caer,
N'elas deixa que *o sono*
Eu durma d'o non ser.

O sono do non-ser é o sono da nada eisistencial. Nele arelaba repousar a enerxía devastadora do estremado pulo rosalián. E, ó decírnolo con palabras que van máis lonxe que o seu propio senso literal, creóu unha obra de outísimo valor literario. E apresentóu testemuño dunha fecundidade da que aínda hoxe nos alimentamos os galegos. Vivimos inmersos nas perguntas de Rosalía. Perguntas sin resposta. Pro perguntas que nós facemos dende as nosas teorías, dende a nosa conducta e dende o noso estilo vital. ¿Son as únecas perguntas de Galicia? De ningún xeito. Moitas hai que nos aguilloan dende outros costados. Pro, sin dúbida, as que a nosa cantora formulóu, isas, velahí están vivas, eisixentes. Velahí están.

E, con elas, algúns dos feixes da estroitura persoal de Rosalía. As liñas de forza maiores que orgaizan o esprito do poeta.

Isto era o que eu pretendía escrarecer. Temos de rematar ca imaxe dunha Rosalía ñoña, medio aparvada polo sentimentalismo e ateigada de laios lacrimóxenos i elexíacos. Dixen ó principio que tal tesis estaba trabucada. Coido que as miñas precisiós, mesmo esquemáticas, poderán dar razón a quenes vemos na cantora un ser forte, rexo, en vastas sazós duro, alporizado e, ó tempo, tenro, humán, ledo. Un ser complexo e bó como son os nosos paisáns, como ela foi —filla da terra i á terra consagrada.

D. GARCÍA-SABELL
Santiago

ESTUDO MORFO-SEMÁNTICO DO APRECIATIVO GALEGO ¿O SUFIXO -IÑO, DIMINUTIVO GARIMOSO?

INTRODUZÓN

Unha das caraiterísticas que fan do galego unha língoa doce, garimosa e, polo tanto, axeitada prá eispresión lírica é sen dúbida algunha o emprego que nela ten adequerido o sufixo -iño. Hai nesta terminación un "algo", un "non-sei-qué", que enche i enchoupa a ialma do home galego. I é tan certo isto que ainda as persoas máis castelanizantes, ó eispresárense na língoa oficial, non teñen escrúpulo en empregar o tal sufixo en vez do -ito castelán: e nefeito, calquera galego é ferido moi outramente cando percibe "Marujita" ou "Maruxiña". I é que pra el non hai equivalencia cáseque endexamáis antre o -ito castelán e o -iño do galego. ¿Qué che acontecería, amigo leitor, se escoitáralo verso de Rosalía traducido desta maneira: "Airecitos, airecitos, aires..."? Dentro da túa sensibilidade non habería acougo: unha sensación de repugnancia e un sentimento de se ter levado a cabo unha profanación embargaría o teu espritu.

¿Pro é ouxetivamente real a inequivalencia destes dous sufixos? Ou o que é o mesmo: ¿É intraducibre a terminación -iño ó castelán? É posibre que non. Pro, coido eu, antre estes dous sufixos hai máis equivalencia ouxetiva da que a pirmeira vista nos parece. Sen dúbida o desacordo que vemos antre -ito e -iño ten máis eisistencia na propia suxetividade dos galegos que na realidade mesma. Tratarei de eispricarme: ¿Quén nos pode asegurar, ouxetivamente, que "Airecitos, airecitos, aires..." fire outramente a sensibilidade dun habitante de Castela que "Airiños, airiños, aires..." a dun galego? O único que podemos afirmar con certitude é que o sufixo -ito ten menos forza eispresiva que -iño pró habitante de Galicia. Mais ¿non é posibre que aconteza ás avesas co falante de Castela?

Hai un feito que parece falar en favor desta tesis: o castelán pró habitante de Galicia é unha língoa adequerida, isto é, superposta ó galego, que representa a máis xenuína eispresión do noso esprito. A língoa oficial, por outra banda, é a que nos ensinaron na escola, é a língoa dos libros —falo en xeral—, da escritura, dos medios informativos. É, polo tanto, unha língoa racional, a que o galego emprega tan soasmentes pra eispresarse no prano puramente ouxetivo, conceutual; namentres que cando precisa esteriorizar o seu mundo afeitivo empregará a língoa galega ou, polo menos, o seu castelán galeguizarase naqueles aspeitos que máis se refiran ó mundo da afeiti-

vidade. E isto é indiscutibre: eu mesmo, por exempro, cando falo con agarimo ós nenos, en castelán, non podo por menos de facelo con unha marcada entonación galega, entonación que se bota menos de ver, cando na mesma língua, me dirixo ás persoas adultas. (E téñase en conta que o tono é un dos faitores máis importantes na eispresividade da lingoaxe).

Isto, pois, cecáis eisprique a sequedade que nos produce o ouvir o sufixo castelán -ito i a moita afeitividade con que vai enchoupado o -iño galego. Quitémoslle a éste a cárrega afeitiva e veremos que coincide perfeitamente co castelán -ito. Poñamos un exempro: en "Nesa botella hai un *pouquiño* de caña" e "En esa botella hay un *poquito* de aguardiente" a difrencia siñificativa, ó meu ver, non se atopa por ningures. A coincidencia é perfeita porque nas dúas língoas o sufixo respeitivo está empregado soamente con fins conceutuás, ouxetivos.

Pro esta coincidencia que vemos no prano ouxetivo ou conceutual xa a non atopamos con esa esaititude nos outros pranos da lingoaxe. E non é porque no castelán a terminación -ito non se empregue tamén con fins eispresivos —Amado Alonso [1] demostrou ben ás craras eses empregos—, senon que nosoutros, é moi posibre, non catámola súa eispresividade tan aprofundadamente coma un castelán [2].

Seña, pois, o que seña, cumpre estudalo noso sufixo -iño na amplitude que merece por tratárese dunha das pezas máis importantes prá eispresión da nosa afeitividade galega. No que respeita a este meu pequeno traballo, ben quixera oferecer ó leitor un análisis compreto e definitivo, mais non me foi posibre. Contentareime con facer algunhas ouservacións que coido intresantes pra futuros achádegos. O meu estudo será puramente sincrónico e nel analizaréi o noso sufixo dende o aspeito morfolóxico e semántico (neste derradeiro parareime adrede por selo máis intresante).

---

[1] Cfr. *A. Alonso*: "Noción, emoción, acción y fantasía en los diminutivos", en "Estudios lingüísticos: temas españoles", Edit. Gredos, Madrid, 1951.

[2] Carballo Calero ("Gramática Elemental del gallego común", Edit. Galaxia, Vigo, 1966, p. 98) dí que a matización afeitiva propia do sufixo -iño é insólita no castelán. É posibre que teña razón o noso gramático, máis só dende o punto de vista da intensidade —cecáis a psicoloxía galega, máis sentimental, precisa dunha eispresividade maor que a do home castelán—, pro trabúcase sen dúbida se entendémola súa afirmación no sentido de que o -ito castelán manca desas matizacións afeitivas: tódalas matizacións que estudarei neste meu traballo (e por outra banda coido que non ten outras) encol do noso sufixo, tamén se poden apricar ó -ito castelán (véxase o artigo de A. Alonso). É posibre, repito, que o castelán, menos sentimental que o galego, empregue menos que éste o seu sufixo diminutivo; pro isto non acontece na América española, onde se emprega ainda en casos que o repuna o castelán da Península.

I. Morfoloxía

A. Verbas a que se engade:

Dende o punto de vista morfolóxico o sufixo -iño pódese engadir ás seguintes partes da oración:

1. *Ós nomes sustantivos comúns e propios de persoas* (tamén de cidades), v. gr.: "casiña", "paxariño", "Farruquiño", "Maruxiña", "Ferroliño". Mesmo os apelidos, sobre todo cando son vocativos, poden catar este sufixo, anque non acontece isto cando se trata de apelidos compostos ou derivados patronímicos en -ez. Por exempro, pódese decir "Seixiño" (apel. "Seixo"), "Piñeiriño" (apel. "Piñeiro"), "Filgueiriña" (apel. "Filgueira"), etc., mais non "Martineciño" (apel. "Martínez"), "Lopeciño" (apel. "López") nin "Pitiña da Veiguiña" (apel. "Pita da Veiga") [3].

Hai outras esceucións: xeneralmente os nomes compostos i os abstraitos non catan este sufixo endexamáis: "virtú", "salú", "saudade", "bondade", "espranza", "ciencia", "arte", "furatoxos", "rapapés", "viravolta".

2. *Ós adxetivos calificativos:* "boíño", "amareliño", "garimosiño", "coxiño", "churrusqueiriño", etc. Alcóntranse, nembargantes, moitas esceucións, sobre todo nos derivados verbás rematados en -ble (-bele, -bel, -bre) e -nte. V. gr.: "arrogante", "amante", "valente", "hable", adimirabre", "louvábele", etc.

3. *Ós participios cando se empregan coma adxetivos ou nomes:* "caladiño", "enxoitiño", "cansadiño", "deitadiño".

4. Moi raramente pódese alcontrar tamén engadido a un *xerundio*. Eisí: "¡Vaite correndiño!".

5. Axúntase tamén frecuentemente a *moitos adverbios de modo, de cantidade i a algún de lugar*. V. gr.: "moitiño", "pouquiño", "amodiño", "ó rentiño". Trátase na maioría dos casos de formas adverbiaes compostas ou derivadas de sustantivos ou adxetivos. Isto esprica algunhas esceucións coma "moi", "máis", "eiquí", "acolá", etc. Tamén, en xeral, esceutúanse os en -mente, coma "comenentemente", "correntemente", etc. [4]

Coma se ve, o feito de se engadir ou non o sufixo -iño a unha verba non depende soasmentes de razóns semánticas, coma quer o profesor Carballo Calero [5], senon tamén da estrutura morfolóxica da

---

[3] Cumpre ouservar que se o apelido acaba en -a ou -os, -as, o sufixo ha de tomar tamén esta terminación, ainda, naturalmente, que nos estéñamos referindo a un home (mascul. e singul.). Eisí, de "Fraga" > "Fraguiña", de "Pita" > "Pitiña", de "Manteiga" > "Manteiguiña", de "Cainzos" > "Cainziños", de "Maceiras" > "Maceiriñas", etc.

[4] Alcóntrase, nembargantes, algún caso coma "apuradiñamente". Entón, coma se ve, o sufixo convírtese en infixo, engadíndose diante da terminación -mente.

[5] Cfr., op. cit., p. 94.

palabra, según ouservamos ó falar dos apelidos e nomes compostos. De tódalas maneiras un estudo estadístico sobor dos testos literarios e máis nas distintas zonas da xeografía galaica sería a este respeito moi comenente e proveitoso.

B. A maneira de se engadir:

Ó xuntárese o sufixo -iño a unha palabra, ésta pode sofrir os seguintes troques:

1. *Troque de acento:* Sempre se produce. O acento de intensidade pasa ó *i* de -iño. Eisí: "lómbo" >"lombiño" "cúnca" >"cunquíña", "cán" >cancíño", etc.

2. *Troque do fonema final:* Pódese estabrecelo seguinte:

a) Non se produce troque cando a palabra remata en vocal tónica, *u* semivocal ou en consoante que non seña *n* precedida de vocal acentuada. Por exempro: "campá" > "campaíña", "pé" > "peíño", "bo" > "boíño", "pau", > "pauiño", "farol" > "faroliño", "amor" > "amoriño", "rapaz" > "rapaciño" [6], etc.

b) Desaparece o fonema final cando é vocal átona. Eisí: "pataca" >"pataquiña", "bola" > "boliña", "berce" >"berciño", "peito" >"peitiño". Se dempóis de cair a vocal final, queda en derradeira posición un i semiconsoante, éste fúndese co *i* de -iño: "xoia" >"xoiña", "laio" >"laíño".

d) Se o fonema derradeiro é un *i* semivocal ou *n* precedido de vocal tónica, entón intercálase antre este fonema i a terminación -iño o infixo -c-. V. gr.: "nai" >"naiciña", "rei" >"reiciño", "can" > "canciño", "melón" >"melonciño", "Xan" > "Xanciño".

3. *Aición metafónica do i tónico:* Hai vegadas que ó engadírese o sufixo, o *i* deste, por ser tónico, infruie metafónicamente sobor das vocaes átonas anteriores (incruso a que dinantes era tónica). Eisí pódense espricar formas coma "piquiniño" por "pequeniño", "mismiño" por "mesmiño" [7] i outras.

E, pra rematar esta pirmeira parte do meu traballo, hai que decir que o sufixo que nos ocupa pódese engadir á palabra dempóis de outro sufixo apreciativo: Eisí: "pequeno" >"pequerrecho" >"pequerrechiño"; "Manoel" > "Manel" > "Manecho" ou "Manucho" >"Manechiño" ou "Manuchiño". As combinacións, sobre todo nos nomes de persoas —nos que entran en xogo as formacións hipocorísticas—, poden ser cáseque infinitas.

---

[6] Nas zonas de seseo "rapás" >"rapasiño"; pro onde somentes eisiste o seseo final o -s de "rapás" trócase en -c ó engadírese o sufixo: "rapaciño".

[7] "Mismiño" poderíase interpretar coma un castelanismo, feito sobre "mismo" e non sobre o galego "mesmo". A forma "mismo" é hoxe cecáis máis empregada polos nosos paisanos.

II. Semántica

É o punto de vista semántico, isto é, siñificativo, o que máis intresa pró noso estudo. A pergunta, pois, que cumpre eiquí facernos é a seguinte: ¿Qué engade, qué modificación introduce o sufixo -iño na verba a que se axunta no que á siñificación desta se refire? As respostas, coma veremos, poden ser moi variadas i aínda contraditorias. E nefeito, na nosa gramática tradicional vense ensinando que o sufixo -iño ten a función de diminutivo, "diminutivo garimoso" soéselle chamar. Pro o ser diminutivo ou siño de agarimo non son máis que dúas das moitas funcións que pode exercer esta terminación. Hai máis: eu cáseque ousaría decir que o emprego coma diminutivo, sen máis, é moi pouco frecuente ó lado das outras funcións que lle son propias. E en canto a ser siño de agarimo, anque é doado alcontralo con este sentido, non esgota nin moito menos tódolos seus empregos. Se alguén, nefeito, nos dixera que éramos uns "homiños", sen dúbida que ese tal non sairía moi ben parado de ó pé de nós; i é que o término non pode ser menos garimoso... Mais se, en troques, dixéramos nunha axuntanza ós presentes que estiveran "caladiños", é de supor que o emprego do sufixo non lles facería pensar ós ouvintes que deberían estar menos calados, senon moi ás abesas entenderían que tiñan que estar 'moi calados' (¡Nada máis contrario á súa función diminutiva!).

A. Os tres pranos de Karl Bühler:

Pra estudarmos os diferentes valores semánticos do sufixo -iño é comenente, por razóns de método, partir da división da lingoaxe que fixo Karl Bühler [8]. Distingue este autor tres pranos difrentes: *o conceutual, o afeitivo* i *o aitivo*. Refírese o pirmeiro ó puramente racional, ouxetivo, é a lingoaxe coma eispresión dos nosos pensamentos; o segundo, por outra banda, refírese á lingoaxe como eispresión dos nosos sentimentos; i o derradeiro ten como finalidade acadala benquerencia dos demáis: coa nosa lingoaxe aituamos por eisí decilo sobre a voluntade dos que están ó noso arredor, conquistámola súa benevolencia. Poñamos uns exempros: se eispresámolo seguinte pensamento "Deus debe ser gabado polos homes", o que decimos é ouxetivo, puramente conceutual, poñemos diante unha verdade universal, inamovible; mais se dixéramos: "¡Gabámoste, Señor Deus, dende o máis profundo da nosa ialma!" xa non estaríamos eispresando un pensamento a secas, senon máis ben un afeito, un sentimento; e, pra rematar, se convidáramolos homes a gabar a Deus, deste xeito: "Homes, gabade a Deus Noso Señor", o que estaríamos tentando non sería eispresar un pensamento ou afeito, senon movela voluntade dos homes; a nosa lingoaxe sería primordialmente aitiva.

Coma é natural resulta un tanto difícil separar na práitica estes tres pranos, que na realidade áchanse mergullados uns cos outros..

[8] Cfr. "Teoría del Lenguaje", trad. de Julián Marías, Selecta de la Revista de Occidente, Madrid, 1967.

Isto acontecerá, pois, co sufixo que nos ocupa, podendo ter nun mesmo caso dous ou máis oficios. Eisi, se decimos "Teño un paxariño nunha xaula", *paxariño* pode ser cecáis diminutivo, pro tamén pode interpretarse coma unha forma empregada con finalidade estética ou compracencia imaxinativa. Outro tanto acontece na frase "Dame un *biquiño*", onde o sufixo pode eispresar unha idea diminutiva ('bico pequeno'), ou afeitiva ('desexo do bico'), ou tamén aitiva (emprego da forma máis doce pra acadalo pedido).

B. Funcións no prano conceutual:

No prano ouxetivo ou conceutual o sufixo -iño engade á verba á que se axunta unha idea de grandor, idea que pode consistir en desmingoar ou acrecentalo siñificado da palabra modificada. Quer isto decir que hai vegadas en que a devandita terminación aitúa como aumentativo i outras coma diminutivo. Ten, polo tanto, dúas funcións no prano conceutual da lingoaxe: a diminutiva e máila superlativa ou aumentativa.

1. *Función diminutiva:* En xeral esta función só a pode exercelo sufixo cando vai engadido a un nome sustantivo, anque de cando en vez tamén se alcontra desempeñándoa en compaña dun adxetivo: "O porco vai indo *grandiño*" ("grandiño" é menos que "grande"). Normalmente a función diminutiva asóciase con outra pertencente ó prano afeitivo ou aitivo. Non é doado, xa que logo, coma dixemos anteriormente, atopar casos en que o -iño teña soasmentes función diminutiva. Proba disto é que cando queremos suliñar a finalidade diminutiva do sufixo, soemos concordar coa palabra cuio siñificado queremos desmingoar o adxetivo "pequeno", "cativo" ou outro semellante. Eisí, "Ten unha *casiña* pequeña" non se diferencia práiticamente de "Ten unha *casiña*"; sentimos, nembargantes, a necesidade de empregalo adxetivo porque "casiña", sen éste, podería ter, por exempro, un sentido estético ('casa bonita' poñamos por caso). Mais por outra banda en "Naquela vila había catorce casas e tres *casiñas*" non podería suporse o sufixo -iño empregado con esta finalidade estética, dado que "casiña" contrasta con "casa", e pra que aquéla siñificara 'casa bonita', "casa" tería que ter o sentido de 'casa fea' ou polo menos de 'casa non bonita'. Por conseguinte o contraste antre os dous términos desta frase ten que vir dado polo tamaño ou pola calidade, deste xeito: 1.º) "Casa = 'casa de tamaño normal' / "casiña" = 'casa pequena'; 2.º) "Casa" = 'casa no preno sentido da palabra' ou 'casa en bon estado' / "casiña" = 'casa no peor sentido da palabra' ou 'casa en mal estado'. O sentido diminutivo sería craro no pirmeiro caso, mais no segundo a intención despeitiva sería cecáis a máis segura. Pro troquemos un pouco a frase derradeira pra chegarmos a un auténtico emprego diminutivo. Veleiquí: "Naquela vila había catro casós, catorce casas e tres *casiñas*", onde "casiña" non pode ter un sentido estético polas razóns devanditas, pro tampouco se pode tomar como término despeitivo porque eisí non habería maneira de estabrecelos contrastes con "casón"; éste é en definitiva o encarregado de determiñalo sentido diminutivo de "casiña": se "ca-

són siñifica 'casa grande', "casa" contrastará co non sentido de 'casa de tamaño normal', e "casiña" polo mesmo terá que contrastar cos dous coma 'casa pequena'.

Asegún se tira, pois, dos exempros analizados non só é difícil atopalo sufixo -iño empregado coa soia función diminutiva, senón que ademáis, é comenente acudir ó sentido da frase, ó tono con que se pronuncia ou ás circunstancias en que se di, pra descobrila verdadeira finalidade do sufixo que eiquí estudamos.

Cumpre, por último, ouservar que eisisten dúas crases de diminutivos, que poderíamos chamar *diminutivo cantitativo* ou *dimensional* e *diminutivo calitativo.* O pirmeiro supón unha mingoa no grandor do ouxeto representado pola verba á que se xunta o sufixo, namentras que o segundo é a calidade do ouxeto, isto é, o conxunto das súas coalidades o que recibe esa míngoa. Poñamos un exempro: se eu digo dunha nena de doce anos que "é unha *mulleriña*", aparte o sentido máis ou menos afeitivo que tería eiquí o sufixo -iño, non haberá dúbida de que non me estou referindo tanto ó seu grandor ou estatura —podería tratárase dunha rapaciña moi desenrolada físicamente— canto ás súas "pequenas coalidades de muller". Por iso o sentido da frase non sería que 'era unha muller pequena ou baixa", senón ás abesas 'unha quasi muller", isto é, coas coalidades propias da muller anque mingoadas. Tratariase polo tanto eiquí dun diminutivo calificativo. Pro coidemos nesta outra frase: "A tía Sabela era unha *mulleriña* moi rebuliceira", onde —aparte tamén a cárrega afeitiva— o diminutivo fai alusión á estatura soasmente, e de ningunha maneira ás súas coalidades propias de muller.

2. *Función aumentativa ou superlativa:* Normalmente esta función é exercida por -iño cando se engade a un adxetivo ou adverbio. O sufixo, neste caso, en lugar de desmingoalo ouxeto representado pola palabra á que se engade, o acrecenta, leva o siñificado da verba ó máis alto grado de cárrega semántica, o intensifica. Non é propiamente un aumentativo; pra que acontecese isto precisaría de se empregar con tal finalidade sustantivos [9], e como xa vimos cando se xun-

[9] Hai unha crás de sustantivos que se achan antre as categorías de sustantivo e adxetivo, tales coma "amigo", "viciño", "compañeiro", "camarada" i outros moitos, que ás veces ó xuntárselles o sufixo -iño poden interpretarse coma verdadeiros aumentativos. Pro un análisis aprofundado neste casos levaranos a unha concrusión moi diferente. Eisí, por exempro, en "Antón e Xoquín son moi *amiguiños*", "amiguiños" podemos entendelo coma 'grandes amigos', isto é, un verdadeiro aumentativo —e disto non hai dúbida, dado o emprego da partícula "moi"—; pro eiquí non cabe dúbida de que hai un meirande matiz afeitivo, que cecáis seña o máis primordial: pois, se eisí non fora, coido que non habería incomente en que se dixera tamén "Antón e Xoquín son moi *enemiguiños*", onde vemos que a palabra "enemigo" síntese refraitaria a catalo sufixo. Equí, pois, o emprego do sufixo non ten outra xustificación que a pura suxetividade do falante: éste comprácese na boa amistade antre os dous suxetos de que fala: equí "amiguiños" ven a siñificar 'bos amigos' ('bos' en sentido calificativo, non cantitativo). Por outra banda en "Antón e Xoquín son moi enemigos", a enemistade nunca pode producir no falante ese sentimento de compracencia afeitiva. Por iso "enemigo" non pode catalo sufixo.

ta a un nome sustantivo só pode ter función de diminutivo. Eisí atopámolo con este sentido superlativo en "Estade *caladiños*" como xa espricamos anteriormente, ou en "Vaite *amodiño*" —"amodiño" siñifica moi a modo—, "Chove *miudiño*" ('moi miudo'), "Estaba á *veiriña* do camiño ('moi perto', 'mesmo na veira'), "Agora *mesmiño*" ('neste mesmo intre'), etc.

En ocasións a este superlativo axúntaselle unha partícula que reforza o seu sentido. Eisí, por exempro: "Este libro é *moi pequeniño*", "Esta máquina é *moi azosiña*".

C. Funcións no prano afeitivo:

Mais non sempre o sufixo -iño se emprega con finalidade ouxetiva. Moitas vegadas —ainda naqueles casos en que eisiste verdadeiro sentido ouxetivo coma vimos de ver—, ó xuntárese esta terminación a unha palabra, énchea dunha cárrega afeitiva tan caraiterística que fai da nosa língoa unha das máis doces e garimosas. A finalidade afeitiva, pois, é cecáis a que máis frecuentemente caraiteriza ó noso sufixo. Éste no prano afeitivo pode ter as catro funcións seguintes:

1. *Función garimosa:* É unha das que con máis frecuencia desempeña a terminación que estudamos. Na lingoaxe coloquial empregámola moitas vegadas ó dirixírmonos á persoa que é ouxeto do noso amor. É sobre todo na fala das mulleres —decote máis sentimentaes que os homes— onde esta función acada o meirande emprego. Cando a nai fala ás súas tenras criaturas soélles chamar "*filliños*", "*neniños*", "*criaturiñas*". E non é porque queira eispresala súa pequenura, senón que neses casos o que ela tenta é manifestarlles o amor que sinte cara a eles. Mais é comenente ouservar que esta función pódese producir mesmo na lingoaxe indireita, cando falamos dunha cousa ou de alguén polo que sentimos un especial cariño. Eisí, cando decimos: "Eu só me alcontro a gusto na miña *casiña*", exempro no que sen dúbida "casiña" non quer decir 'casa pequena' nin 'casa bonita' e moito menos 'casa no peor sentido da palabra', senón que eiquí equival a 'miña casa querida'. Normalmente cando a palabra que leva o sufixo vai precedida dun adxetivo posesivo, o -iño galego estará empregado con función garimosa: "Miña naiciña", "miña vaquiña", "meu corazonciño", "miña xoíña", etc.

Hai vegadas que a intensidade da emoción amorosa obriga ó emprego repetido de -iño mesmo en palabras que non representan o ouxeto do noso cariño. Veleiquí algún exempro: "Teño o meu filliño no berce *dormidiño* que parece un *santiño*", onde o ouxeto do cariño é o fillo, verba á que se axunta a terminación garimosa, pro ¿qué xustificación atopamos en "dormidiño" e "santiño"? A única espricación sería a función garimosa: "dormidiño" eiquí non pode entenderse coma máis ou menos dormido, nin tampouco "santiño" ten neste caso un sentido meramente diminutivo ou estético. Tamén ás veces, cando na frase non entra a verba que representa o ouxeto amado, o sufixo -iño engádese a calquera palabra —sustantivo, ad-

xetivo ou adverbio que conteña a frase. Eisí: en "Tés *famiña* ¿verdá?" o sufixo non modifica en nada "a fame", senón que se engade a esta verba pra pór unha nota de agarimo na pergunta, cousa que mancaría se se dixera "Tés fame ¿verdá?", pro que non sería preciso eispresar co sufixo engadido a "fame", se eisistira na frase a verba representante do ouxeto de agarimo: compárese, por exempro, con "Meu *piquiniño!* Tés fame ¿verdá?", onde o sentido garimoso persistiría, polo que xa non se precisaría engadilo sufixo á palabra "fame". Caso de axuntarse tamén a esta palabra a frase encheríase dunha afeitividade meirande [10].

2. *Función conmiserativa:* É noutras ocasións un sentimento de compasión o que nos convida a empregala terminación de que nos ocupamos. Á pirmeira vista poderíase trabucar esta función afeitiva coa que vimos de estudar nas liñas derradeiras. En realidade son difrentes: non é o amor ou o desexo de agarimar o que move os nosos beizos pra empregalo sufixo -iño; é, pola contra, a dor, a pena ou a compasión que sentimos por unha persoa —mesmo que a non conozamos— que se alcontra nunha situación adversa. Eisí: "¡Coitado! Ese home vai todo *esfarrapadiño*", onde non é precisamente o amor —non sabemos nin quén é o home que vai esfarrapado— o que nos fai empregalo -iño, senón un sentimento de compasión que sentimos cara a esa persoa de que falamos; en "esfarrapadiño" o sentido de compasión vai asociado cecáis, no prano ouxetivo, coa función aumentativa ou superlativa ('moi esfarrapado'). Poderíase decir, polo demáis, que non é a terminación o que da o sentido conmiserativo á frase, senón que "¡Coitado!" xa é de por sí unha verba que denota compasión; pro comparemos esa frase con outra que non teña sufixo... O sentido ficará o mesmo, pro a forza eispresiva de compasión non somentes quedará moi desmingoada, senón que hastra ousaría decir que se trocaría nunha frase de puro sentido despeitivo.

3. *Función de compracencia imaxinativa:* O oficio do sufixo neste caso é o de resaltar un ouxeto, un feito ou unha escea que resulta agradábele á nosa sensibilidade. Non é o amor ou a solidaridade que sentimos cara a algo ou alguén o que nos fai pronunciala terminación -iño. É, en troques, a compracencia, o gosto que produce ós nosos sentídos a perceución de algo que nos afalaga. É, derradeiramente, ese sentimento que nos fai escramar "¡qué *bonitiño*!" ó percibila beleza dun ouxeto que temos diante. Se decimos: "Un *paxariño* cantaba

---

[10] Tamén pode acontecer que, ainda entrando a palabra representante do ouxeto agarimado na frase, ésta non cate o sufixo, e sí nembargantes outra ou outras palabras. Non é fenómeno frecuente, pro atópanse algús exempros mesmamente nos poetas. Citémolo exempro que propón Carballo Calero (op., cit., p. 98):

Agora, meu corazón,
agora pola *noitiña,*
pola *mañanciña* non,
(Pondal)

Onde o -iño debería axuntarse a "corazón", por representar o ouxeto de agarimo.

no souto: señal de bo tempo", o emprego do sufixo non terá outra finalidade que a de eispresalo agrado que nos produceu o seu canto (Neste caso porque iba a haber bo tempo). Non cabe eiquí, nefeito, un sentido diminutivo: compárese con "Un paxaro pequeno cantaba...", que nos deixa tan frios. Tampouco se pode decir que ten sentido garimoso, dado que o paxaro non é de ningunha maneira ouxeto do noso amor (Se nos referíramos a un paxaro noso, conocido... cecáis). Este sentido de compracencia podémolo percibir mellor se comparamos esta frase con outra semellante na que non poda darse ese sentimento de agrado. Veleiquí: "Unha curuxa cantaba no souto: señal de mortandá". O mal presentimento, o agoiro de morte que supón este feito pró falante, oponse totalmente ó emprego da forma doce verbo da palabra que se refire ó suxeto que vaticina ese desagradábele acontecimento. Poñamos un derradeiro exempro: "Daba gosto velo... tan *amañadiño*, tan *limpiño*", onde o emprego de -iño cecáis podería entenderse con función superlativa —'moi amañado' e 'moi vestido'—, pro eiquí sen dúbida ten máis ben, xunto dunha finalidade estética, un sentimento de agrado por parte do falante.

Convén ouservar, ademáis, que o mesmo que nas dúas funcións derradeiras, o sufixo pódese engadir non soasmentes á verba que representa o ouxeto agradábele, senón tamén a outras palabras da frase. Todo depende do grado de compracencia que sintamos. Eisí: "Aquel *vestidiño* branco tan goapo e tan *feituquiño* quedáballe pola vida".

4. *Función despeitiva:* Atópase esta función moi perto de diminutivo calitativo, de tal xeito que éste cata ese sentido peiorativo con gran facilidade deica mesmo confundírense ámbolos dous. Depende sempre das circunstancias en que se empregue. Supoñamos que o término "mulleriña" non llo apricamos agora a unha rapaciña, coma fixemos ó tratar do diminutivo calitativo, senón que moi ás abesas decímolo dunha muller de corenta anos: o sentido de 'quasi muller' nesta circunstancia tería un matiz marcadamente despeitivo. Esta mesma función atópamola na frase "Hai homes i *homiños*", onde "homiño" contrasta con "home" non por unha gradación cantitativa ('home de grandor normal' / 'home pequeno'), senón calitativa ('home en toda a súa dimensión' / 'home a medias'); pro eiquí, dado o seu enunciado xeral (refírese a todolos homes feitos e dreitos), cata un sentido peiorativo: 'homes no preno sentido da palabra' / 'homes no peor sentido'.

Por outra banda, tamén pode asumir este sentido despeitivo o sufixo empregado con outra función propia do prano afeitivo, cando esa función non responde á realidade suxetiva do falante. Eisí, cando con ironía decimos dunha persoa pola que non sentimolo mínimo de compasión "¡Malpecadiño!", "¡Miña xoíña!", "¡Pobriño!", etc.

É, pois, sempre unha transposición da realidade suxetiva —ouxetiva outras veces— o que determiña este sentido. Isto acontece sempre na lingoaxe peiorativa: unha inadecuación do siñificado co ouxe-

to. Se chamamos "coronel" a un soldado raso, de seguro que non se sentirá moi afalagado, i ás abesas, se lle decimos "soldado raso" a un coronel... I eisí no que tanxe ó sufixo -iño: se lle chamamos "bonitiño" a un home ben laido, o sentido peiorativo é moito maor que se decimos del que é "bonito". Naturalmente, nesta función danse diversos grados: dende a máis soave ironía, que fai rir mesmo ó que é ouxeto de hilaridade, deica cáseque o sarcasmo.

Por último, cumpre ouservar que noutras ocasións o sufixo -iño engádese a unha verba que de por sí ten sentido despeitivo. A finalidade, entón, do sufixo consiste en acrecentar ese matiz peiorativo. Eisí, compárese "Antón é un *Xanciño*" con Antón é un "*Xan*" [11].

D. Funcións no prano aitivo:

O prano aitivo ven ser na língoa galega unha das facetas máis intresantes e suxestivas. Os galegos, nefeito, somos mestres nesa lingoaxe comedida, de circunloquio, diso que soemos chamar "retranca"; ós galegos non nos gusta ferila susceutibilidade dos nosos interlocutores, e adoitamos con frecuencia un xeito de eispresión moi especial, sobre todo cando queremos pedir algunha cousa. Poderíanse escribir páxinas e páxinas encol deste prano lingüístico no noso paisano galego, que fai del un aprofundado conocedor da psicoloxía humana.

Moitas veces, cando empregámolo sufixo -iño, o que tentamos non é dar precisamente un contido ouxetivo ou suxetivo dun ouxeto determiñado, senón producir na sensibilidade do que nos escoita un afeito seña de agrado ou intrés por algo, seña simplesmentes acadala súa benquerencia (pra pedirlle algo, por exempro).

Hai ocasións nas que non é doado distinguila finalidade aitiva de -iño da puramente afeitiva ou ouxetiva. A difrencia haina que buscar na intención do falante. Supoñamos que a un fillo noso pra que faga o que lle mandamos lle decimos: "Anda, meu *neniño*, fai tal cousa!", no hai dúbida de que pode haber un matiz garimoso no emprego do -iño; pro tamén pode interpretarse con finalidade aitiva.. O mesmo podemos decir da frase xa comentada "Dame un *biquiño*", onde pode haber sentido diminutivo, afeitivo i aitivo, coma xa vimos. Por conseguinte o discernimento nestes casos haino que fundamentar nas circunstancias e na intencionalidade do falante.

Podemos, xa que logo, distinguir, dende este punto de vista, as seguintes funcións:

1. *Función de intrés:* Mediante o emprego do sufixo, o falante fai resaltar unha palabra que representa un ouxeto cara ó que quer espertalo intrés do ouvinte. Comparemos, por exempro, estas dúas frases: "Teño que decirche unha cousa" / "Teño que decirche unha *cousiña*". Neste derradeiro caso, lonxe de desmingoalo ouxeto, o su-

[11] Eiquí o emprego de -iño podería interpretarse coma un aumentativo ('Antón é moi Xan'); pro non contradice o dito arriba.

fixo -iño sirve pra acrecentalo, mais non no prano puramente ouxetivo, senón pra que o ouvinte sinta un maor intrés cara el. Cando por calquera razón, nos quedamos solprendidos de que outro seipa algún secreto noso e perguntámoslle que quén llo dixo, soénos responder: "Foi un *paxariño*", onde non hai dúbida de que o -iño non ten ningún sentido diminutivo, nin garimoso ou de compracencia imaxinativa, senón máis ben unha intención de intriga, isto é, pra darlle máis intrés á resposta.

2. *Función de cortesía:* Moitas veces cando mandamos unha cousa ou, sinxelamente, tratamos de atreela benevolencia do noso interlocutor pra conseguir del algo que lle pedimos ou ímoslle pedir, empregámola fórmula máis doce. Naturalmente, se se trata de dozura na fala, o sufixo -iño non podería fallar. Pensemos na frase que xa comentamos dinantes: "Estade *caladiños*", onde o -iño supón algo máis que un encarecimento do siñificado 'calado', xa que o que pretendemos, ademáis, é impor a nosa vontade ós presentes da maneira máis doce: "Estade calados" non somente tería menos forza siñificativa, senón que se trataría dun mandado menos cortés, máis déspota. Cando, por outra banda, decímoslle a unha persoa, pra acadar dela algunha cousa, "¿Fasme un *favoriño*?", empregámola forma soave pra catala súa vontade, axeitala pra que nos faga o que lle imos pedir.

Ás veces o -iño non se engde á verba que representa o ouxeto do noso rogo, senón que, se hai algún vocativo, éste será o que reciba o sufixo. Eisí, "¡Anda, *mulleriña*, faime ese favor!, frase na que puïdera darse un certo sentido garimoso; pro máis ben o falante emprega o sufixo pra facerse coa vontade da ouvinte, e non propiamente pra eispresarlle un sentimento amoroso. Esta mesma finalidade ten normalmente o emprego de -iño con nomes propias de persoa, cando son vocativos.

Agora a fuxire se poido.

Coa navalla na man diríxese á escaleira. A súa fasquía tráxica desaparece na boca de somas do marco da porta. Fica o ban solitario. A lus da lua non pode alumear nídiamente o corpo morto que amortalla a sombra do leito.

UNHA VOZ *Baixiño na escaleira, ó pouco tempo:*

¡Mi padre! ¡Mi padre!

A MESMA VOZ *Mais perto:*

¡Mi padre!

O MOZO *Cuia era a voz, dende a porta á esculca:*

¡Meu pai! E non dá sona. Pois alí no chan, acarón do leito, un corpo áchase derrubado. *Avanza e tópalle co pé*

Morto semella. E meu pai baixaría a nos avisare... Pro nono vin... E o asobío de siñal fai pouco que o deu... Alcenderei un misto.

Desque o alcende coa man a tremar, nun berro de sorpresa e terror.

¡Ou! ¡Qué vexo! ¡El... mi padre, ¡mi padre! ¡Meu pai é o morto! Matouno o outro. *Fitando con medo ó seu redor*

¿Estará eiquí? *Corre á fenestra que abre de súpeto*

¡Meu irmán! ¡De presa, acode, corre...! ¡Meu irmán!

Síntense pegadas na horta, logo embaixo na taberna, seguidamente nas escaleiras.

O OUTRO FILLO DE MINGOS

Tamén mozo, chega sin folgos de tanto correr, cos brazos arremangados cheios de terra, un sacho nunha man e o farol noutra.

¿Qué queres? Esa maneira de me chamares...

Vendo o cadavre de Mingos, nun charco de sangue

¡Meu pai! ¡O noso paiciño! ¡Morto! ¡Apuñalado!

MOZO PRIMEIRO

Cata pra alí. *Siñalando o leito*

Por parvos nos perdemos. Coidamos que o outro non se decataría... Xa ves. Soupo máis que nós.

MOZO SEGUNDO *Saloucando*

Cegounos a cobiza.

MOZO SEGUNDO *Botándolle os brazos ó irmán*

Estamos perdidos... ¡Meu irmanciño! ¡Meu irmanciño!

PANO SÚPETO

ANTÓN VILLAR PONTE
A Coruña

Yasunari Kawabata, Premio Nobel 1968

DOUS CONTOS DE YASUNARI KAWABATA

Yasunari Kawabata nacéu en Osaka no 1899. Orfo de pais mui cedo, viviu cun abó, home ilustrado, cuia agonía contará no seu primeiro libro, *Diario dos dezaséis anos.* Istes dous contos que traducimos da versión francesa de Lucien Dumont (1925), pertenecen a un xénero de "novela - miniatura" que Kawabata tentóu dende 1920. Il decía que quería escribir cousas que couperan "na cunca das máns". "Toda a súa vida —di a súa traductora ó francés, Sylvie Regnault-Gatier— sentíuse atraguido por ista forma concisa, enigmática, que lle obrigaba a simplificar, a abreviar, a estilizar". Ó longo da súa obra —asevera a mesma—, o tema da soedade, dunha xeada soedade, vai estar sempre presente. "Iste home, que todos dín que é un facundo falador, non debe comunicar con naide, i os seus persoaxes tampouco: fálanse pouco, esquécense, treicióanse, sospéitanse"... Dícese dil que ten un certo gosto polas cousas inacabadas. E isto parez verdade, sobre todo no que se refire ós seus persoaxes femeninos. "En tódalas súas novelas, —di Sylvie Regnault-Gatier— aparecen brancas e delicadas criaturas, destiñadas á dor. O corazón de Kawabata non se conmove si non ve á súa heroina humillada, ou si o rastro dun sofrimento antigo non aparez no seu rostro". A obra de Kawabata, pretende un crítico xaponés, somella un iceberg: a parte asolagada é moura e xigantesca. I o propio Kawabata dí da súa obra: "Asegún que se lea iste conto dun xeito ou de outro, parecerá simple, claro e infantil, ou ben complexo, ambiguo, monstruoso mesmo. Coma a psicoloxía das mulleres, e coma cáseque tódolos símbolos". Todos louban a súa mestría. "Polo seu xenio poético, todo o que toca, trócase en ouro". Aínda que seña lama, ou mouros terrores.

S. S.

HISTORIA DA CARA DA MORTA

—¡Ahí a tés! Ben houbera querido verte, anque non fose máis que pra botarche unha ollada denantes de irese!

Así falaba a nai da súa muller, namentras o levaba da man deica a habitación, cáseque correndo. Tódolos que estaban arredor da cama da morta miraron pra íl.

—¡Ahí a tés!

A nai repetiu á súa pregaria, i erguéu a sábana branca que cubría a cara da súa muller morta. Entón, viñéronlle á boca verbas que o solprenderon a íl mesmo.

— Escoitádeme: quero estar soio con ela. ¡Ídevos e deixádeme soio!

Os pais, os irmáns e irmás da morta, escoitaron emocioados istas verbas. E facendo esbarar en silencio os biombos que pechaban a peza, saíron.

E il erguéu a sábana branca. O rostro da súa muller morta tiña unha espresión doorosa. Entre as duas meixelas secas, enrugadas, os dentes, cuia color tiña cambiado, asomaban puntiagudos. A carne das pálpebras, resésiga, meio tapaba o globo dos ollos. Pola fronte corrían núos os nervios, doores fixados alí. Mirou ista cara de morta, que estaba alí, dediante dil, repousando, e por un intre permañecéu inmóvel.

Despoixas, coas súas duas máns, que tremían, tocóu os beizos da súa muller, e quixo pecharlle a boca. Así que arredaba as máns, os beizos, que se tiñan axuntado sob a presión dos seus dedos, abríanse de novo, pouco a pouco. Pechóunos outra vez, e deloutra vez abríronse. Namentras que repetía, sin contálas veces, iste xesto, víu que as liñas duras, arredor da boca ó menos, amolecían. I el sentíu entón nas pontas dos seus dedos, xurdir a pasión. Quixo apaciguar os nervios que sucaban ista cara, i aloumiñóu a fronte cun ritmo seguido. As palmas das súas máns ardían. Baixo o seu aloumiño, a cara da morta renovávase: mirába pra ela, e volvéu a quedarse inmóvel a carón da cama.

— O tren debéu cansarte moito. ¡Xanta algo, e séntate!

Así falaron, entrando de novo, a nai e máila irmá maior da morta. A nai botouse a chorar.

— ¡Ouh! A ialma humán é terríbel. Namentras non entraches, a pequena non quixo morrer de todo. Non, nóno comprendo. Chegas onde a ela, mírala, i a súa cara cambia e ahí a tés, tranquiliña. Xa non pide nada máis, xa non quere nada máis.

Nos ollos do home amosábase coma unha sombra de aborrecimento, pro a irmá meirande da súa muller mirouno cunha ollada dunha limpideza tal, dunha beleza coma non hai niste mundo. Botouse a chorar, i esmaiouse.

A MAR

Na montaña, pólos sendeiros brancos do verán, un grupo de coreáns deixaba por outras aquelas terras. Cando comezóu a aparecer aló embaixo a mar, xa estaban cansos. Tiñan traballado na estrada dos montes. Eran uns setenta, traballaran durante tres anos, i a estrada xa chegara ó porto. Da outra parte, era outro contratista, e nónos tiña querido apontar. As mulleres deixaron á ialba a aldea. Cando aparecéu a mar, unha rapaza de dezaséis ou dezasete anos, palidecéu e dobregouse.

— ¡Doime a barriga! ¡Non poido andar!

— Descansa un pouco nise pasteiro, i agardas a que pasen os homes.

— ¿E virán eles?

— ¡Seguro! ¡Pasarán igoal que pasa un río!

Rindo, as outras mulleres botáronse a andar cara á mar, cos seus cestos i os seus fardelos. A rapaza deixóu o seu no chán, e sentouse na herba, beira do camiñó. Os traballadores pasaban por diante dela.

—¿Qué tés?

—¿Ainda falta algún?

—¡Faltan!

—¡Doime a barriga! ¡Esperareinos!

Cando ela, polo vrán, miraba prá mar, a súa cabeza parecía encherse de trevas. O canto dos grilos feríalle o corpo. Os obreiros coreáns pasaban en grupos de catro, de sete, de dez, e de cada un que pasaba, perguntábanlle:

—¿Qué tés?

—¿Ainda falta algún?

—¡Seguro que sí!

Cun gran cesto de vimbio ó lombo, aparecéu un traballador, un mozo, saindo do bosque de sicomoros.

—¿Por qué choras?

—¿Ainda falta algún?

—Non. De espreso quedeime eu o derradeiro. Tiña botado moza acolá enriba, e non remataba de despedirme.

—¿Xa non virá ningún máis?

—Non. E non chores. ¿Qué tés?

O mozo sentárase a carón da nena.

—Doime a barriga e non poido andar.

—Escoita, eu cóllote nun brazado, e lévote. ¿Queres ser a miña muller?

—Non quero. Xa mo tiña dito meu pai. Non te cases nista terra onde me matan a min. Non cases con ningún dos que viven aquí, volve a Corea pra te casar.

—Pro teu pai xa morréu. ¡Mira o que levas posto!

Ela mirou, entornando os ollos, o seu vestido lixeiro, con motivos de froles de outono, á moda xaponesa.

—¡Déronmo! Eu quería diñeiro pró tren, e vestidos de Corea...

—¿Qué levas no teu fardelo?

—Unha teteira, unha taza.

—¿Por qué non queres ser a miña muller?

—¿Xa non falta ningún?

—Non, xa non queda ninguén acolá arriba. ¡Xa podías agardar tres anos, e non verías un de Corea por iste camiño.

—¿Estás seguro de que non pasará naide?

—Tes que ser a miña muller. Mírate, non podes andar. Vaia, eu voume.

—¿Seguro que non faltá ningún?

—Xa cho dixen. Escóitame, nena...

—¡Sí!

—Entón vamos.

O mozo colleuna das máns i axudoulle a erguerse. Cada un cargóu co seu equipaxe.

—¿Seguro que non falta ningún?

—¡Seguro!

—Entón, cólleme nos teus brazos, e lévame sin deixarme ver a mar.

Trad. S. SEOANE
Vigo

A NOVA POESÍA: ALLEN GINSBERG OU A REBELIÓN

América é un país complexo, como tódolos países; pro quizáis alí é máis estremada esta complexidade non só por acharse naturalmente a nación formada por un conglomerado de pobos sin apenas afinidade inicial, senón por dárense xuntamente os estremos de riqueza e pobreza, espranza e soidade, xenerosidade e miseria, suma libertade e limitación infinita, que serían increíbles noutros países. Unha sociedade co máximo de oportunidades, e no que a libertade de espresión é un feito claro, concreto e verdadeiro, ten que producir forzosamente unha xeneración rebelde e vociferante. Rebelde, porque toda mocedade o é, polo só feito de ser xoven. Vociferante, porque esta é a clase de sociedade que o admite e o aproba, como demostración palpable dos tan discutidos direitos do individuo. Esta rebeldía toma diversas formas según a clase de mocedade que a sinte, según o grado de elevación, por decilo así, na escada social ou intelectual; e daquela batemos coas pinturas estranas e case atormentadas, ou os autorretratos case vergoñentos. Lembro un diles, na galería de arte dunha Universidade, na que se expuñan entón cadros pintados polos profesores de arte que alí daban clase. Un dos cadros era, pra o meu ver, dun asombroso realismo noxento. A firma era dun conocido profesor co que eu tiña falado varias veces, co que de vez en cando adoitaba tomar unha taza de café; o cadro tiduábase "Masturbation", i o propio profesor máis tarde engadíu "Auto-retrato". Lembro que o choque que me producíu foi dabondo pra non poder tomar máis café co autor.

Esta era unha forma de rebelión, i en realidade en case tódalas formas o autor soe perseguir o mesmo: chocar brutalmente ó espectador ou ó lector, abalalo da complacencia coa que vive, facerlle sair do seu camiño e ollar darredor, á peor e máis escura parte dos seus arredores. En moitas ocasiós esta rebeldía ten un fin escelente, porque ó abanear ó individuo trátase de lle facer sair, máis que da súa complacencia, da súa indiferencia cara problemas que son vitáis, que son comúns, e que son cruéis. Hai que saber distinguir, xeneralmente, canto hai de afán de espectacularidade e canto hai de sinceridade nesta rebelde actitude; hai quen quer producir pasmo sin outra fi-

nalidade. E hai quen quer espertar a concencia dos demáis frente ó estado de cousas vixente pra os encirrar á loita contra as súas eivas, loitar i ofrecer canto ún mesmo ten pra tratar de arranxar o mundo que lle arrodea, o ambiente no que o rebelde vive. Allen Ginsberg trata sempre de producir iste choque e de traballar despóis o ferro quente da sociedade electrizada.

A súa filosofía é a protesta contra unha sociedade que il ve hipócrita, materialista e pechada por completo a toda espritoalidade. A súa obra é un tremendo berro de protesta contra iste estado de cousas, un berro delirante ás veces, insólito, atormentado, no que se albisca a menudo á profunda melanconía milenaria do pobo xudeu do que il descende, a anguria do non saber, da incertidume do home mortal, a profunda compasión polo feble, o pobre, o doente da alma. En esencia, o movimento que se chamóu, dende a cidade de San Francisco, "hippie", é esto: a compasión i a revulsión diante do que esa mocedade chama hipocresía. Na sociedade en que se formaron os compoñentes diste movimento, todo pode suceder; todo xeralmente sucede. Ou fan iles o posible pra que así sexa; as derradeiras novas que soupen eu de Allen Ginsberg eran as da súa proxeitada marcha á India, ás máis probes e desoladas terras daquil país, na compaña dun fato de xente moza das súas mesmas ideas e de varias nacionalidades, pra pór en práctica...¿qué? ¡Quen o sabe! Non sei si o viaxe se realizóu, coido que sí. Salirá dil, si non outra cousa, un novo libro espoñente de rebeldía, amargura e compasión. No que teño agora diante de min, o chamado *Kaddish i outros poemas,* hai unha clara esposición das ideas básicas do autor. O primeiro e máis longo dos poemas, o chamado "Kaddish", é subtiduado polo autor "proema, narrativa, hymmmmmno, laio, ladaíña e fuga". É un intento de revivir unha época, a da vida da súa nai Naomí, da doenza mental desta e da súa morte. Está escrito tres anos despóis do pasamento da nai, cando ó poeta non lle queda

"máis náda que decir, e nada pra chorar máis que os Seres
no Soño, atrapados na súa desaparición,
salaiando, berrando con ela, mercando e vendendo anacos de pantasma,
adorándose ún ó outro..."

A primeira mostra de rebeldía aparece xa nas primeiras estrofas, cando o poeta se pregunta si a vida da súa nai valía a pena de se vivir, e de ser andado o camiño que lle foi marcado,

"Cara educación matrimonio desequilibrio nervoso,
operación, ensinar na escola, e deprender
a estar tolo, nun soño —¿qui é esta vida?"

A súa nai ten ás veces unha loucura triste e pacífica, chea de visiós e soños estranos; ás veces, furiosa, e ten que pasar longas tempadas nun sanatorio. Inda que a poesía de Ginsberg é asombrosa moi a me-

nudo polos saltos imaxinativos i a disparidade de elementos no seu contido, hai algunhas partes en que o sentimento dominante non é a furia rebelde como nos máis, senón unha profunda, inescapable tristura. Veleiquí, por exemplo, a súa maneira de nos contar unha das épocas de calma da súa nai, das que pasaba no piso que compartía con algún dos seus fillos. A súa nai fálalle a il, contándolle algo que a súa mente enferma coida que é realidade:

> "Onte ollei a Deus. ¿Que cómo era? Bon, pola tarde subín por unha esqueira — ten unha choupana no campo, como en Monroe New York as granxas de galiñas no bosque. Era un pobre vello solitario con unha barba blanca.
>
> "Fíxenlle a cea. Fíxenlle unha boa cea — sopa de lentellas, verdura, pan e manteiga —leite— sentouse á mesa e coméu, estaba tristeiro.
>
> "Díxenlle, Olla todas estas loitas e matanzas alá embaixo. ¿Qui é o que pasa? ¿Por qué non lle dás cabo a todo esto?
>
> "Trato de o facer, díxome — Esto é todo o que podía facer, semellaba canso. Foi solteiro por tanto tempo, e gústalle a sopa de lentellas".

Toda esta parte do poema, que comprende o que no seu subtíduo chama il "proema e narrativa", remata coa morte da súa nai. Nestas estrofas mezcla o autor mulleres e homes bíblicos coa súa propia familia, e remata coas palabras da derradeira carta que recibíu da súa nai, que chegóu a il, según nos di, dous días despóis da morte de aquela

> "Volvendo de San Francisco unha noite, con Orlovsky no meu cuarto —Whalen na súa cómoda silla— un telegrama de Gene, Naomí morréu—
>
> "Fora delonguei a cabeza ó chan baixo dos arbustos perto do garaxe —soupen que estaba mellor—
>
> "ó cabo —non abandonada pra ollar soia á Terra— dous anos de soidade —sin ninguén, cerca dos sesenta— unha muller vella feita de caliveras — antano a Naomí de longas trenzas da Biblia
>
> "o Ruth que choróu na América — Rebecca que avellóu en Newark — David lembrando a súa Arpa, i agora un abogado en Yale
>
> "o Svul Avrum — Israel Abraham — eu mesmo — pra cantar na espesura cara Deus — Ouh Elohim! — así deica o fin — dous días despóis da súa morte recibín a súa carta—
>
> Estranas Profecías sempre novas! Ela escribía — "A chave está na fiestra, a chave está á lus do sol na fiestra — Eu teño a chave — Cásate Allen non tomes drogas — a chave está nos barrotes. á lus do sol na fiestra.

Con cariño,
tua nai"

que é Naomí—

Sigue a esto o "himmmmmno", a ladaíña i a fuga. O primeiro é unha imitación das Benaventuranzas, ás veces sombría, outras irreverente, como é natural no espoñente dunha rebelión que ó virarse contra unha sociedade orgaizada ha de facelo, naturalmente, contra un dos piares máis seguros desta sociedade, o da relixión. Esta parte comenza así,

"No mundo que Il creóu según a súa vontade Abenzoado Loubado
Mañificado Loado Exaltado o nome do Un Santo Abenzoado sexa Il!
Na casa Newark Abenzoado sexa Il! No manicomio Abenzoado sexa Il! Na casa da Morte Abenzoado sexa Il!

As ladaíñas son unha serie de lembranzas-invocaciós da súa nai, un monótono, case alucinante poema de máis de cincoenta versos sin un só punto nin unha soia coma, con unha repetición obsesiva de palabras que producen no lector a sensación dun trono xordo, dunha treboada delirante que vai estoupar dun momento a outro e que estoupa ó volver a páxina, na parte chamada fuga. Nesta non hai máis que vinteun versos, sin puntuación tamén, e formados as máis das veces con palabras sin ilación entre elas i outras con sonidos onomatopéyicos como a imitación do axirido do corvo

Caw caw caw corvos berran no blanco sol sobre pedras fúnebres de Long Island
Señor Señor Señor Naomí baixo esta herba a miña media vida i a miña propia como súa
caw caw o meu ollo enterrouse no mesmo chao onde eu estóu Anxo
Señor Señor gran Ollo que miras a Todo e móveste nunha negra nube..."

Os poemas que escribe Allen Ginsberg son sempre furiosos, rebeldes, atacando todo o que o arrodea, e doéndose ás veces da falta de espritoalidade das cidades en xeneral, ou sexa, da industrialización que fai á xente insensible, como no poema "Europa! Europa!" onde di que

"... as cidades
son espectros de grúas
da guerra as cidades son
traballo & ladrillo & ferro &
fume do forno de
a persoalidade fai sin bágoas
os ollos arrubiados en Londres pero
non hai ollos que miren ó sol"

Outras veces a súa crítica é amarga, contra a aparente estabilidade da xente encerrada en problemas pasados e sin remedio, abandoando as aprementes necesidades do intre presente, como no poema que chama "Á tía Rosa". Sempre, o seu máis forte e máis firente ataque vai dirixido a América, á que insulta e berra con amargura desesperada. Xa no poema adicado a "A tumba de Apollinaire" dinos que en París buscóu, no cemiterio do Pere Lachaise, a tumba do poeta o día en que o presidente americán acudía a París pra unha conferencia cos xefes de Estado, o día en que

"Eisenhower voaba a París dende o seu cimiterio americán"

i este sentimento de amargura cara algo moi íntimo, moi querido, que polo mesmo doe máis que o estrano, aparece, faise evidente na derradeira parte da poesía chamada, —tan estrano o tíduo como a obra mesma— "¡Morte á orella de Van Gogh!". Esta é a parte final:

"Canto de diñeiro dos anunciantes — monos da pasta de dentes
en aparellos de televisión—
desodorantes en sillas hipnóticas—
promotores de petróleo en Texas — ráfagas de jets a través
das nubes—
mentirosos escritores no ceo diante da cara de Deus — carniceiros de longos dentes de
sombreiros e zapatos, todos Propietarios! Propietarios!
Propietarios! con
obsesión prá propiedade e Persoalidade desvanecida!
i os seus longos editoriás na rella do negro que berra
atacado polas formigas que xurden da primeira páxina!
Maquinaria dun sono eléctrico da masa! Unha bélica prostituta de
Babilonia berrando sobre Capitolios e Academias!
Diñeiro! Diñeiro! Diñeiro! Enxordecedor, l o u c o, celestial diñeiro
de ilusión! Diñeiro feito de nada, de fame, suicidio!
Diñeiro de fracaso! Diñeiro de morte!
Diñeiro contra a Eternidade! i os fortes muíños da eternidade moen
O vasto papel da Ilusión!"

E, nembargantes, o seu amor profundo á súa patria, á terra, ó pobo, non á súa orgaización, aparece no mesmo poema, unha estrofa antes, ó decir

"non me interesa impedir que Asia sexa Asia
i os gobernos de Rusia i Asia elevaranse e caerán pro
Asia e Rusia non caerán
o goberno de América tamén caerá pro como pode América caer"

Os tres poemas derradeiros que aparecen niste libro son os chamados "Salmo máxico", "A resposta" e "O fin" i unha nota do autor ó remate do libro di que estas tres poesías son a "espresión das visiós esperimentadas despóis de beber Ayahuasca, unha pócima alcohólica do Amazonas. A mensaxe é: Amplía a área da tua propia consciencia".

No "Salmo Máxico" o home berra a Deus

"Porque iste mundo está nas áas i o que chegue ninguén
pode sabelo
ouh Pantasma que persigues a miña mente de ano en ano descende
dos ceos deica esta carne tremante
colle os meus ollos atariñantes no amplo raio que non conoce límites
—Inseparable—Mestre—
xigante fora do Tempo con tódalas súas follas caídas — Xenio do Universo — Meigo da Nada onde aparecen bermellas nubes—"

i a espiritualidade inicial vai virando a

"transfigúrame en visgosos vermes de pura sensata trascendencia
aínda estóu vivo,
...un tomate psíquico que fala
os teus millós de bocas..."

O poema seguinte é "A resposta" e iníciase

"Deus responde coa miña condena! Estóu anulado
esta poesía borrada do estante fero
as miñas mentiras respondidas polo verme na miña orella
a miña visión pola mao que cae sobor dos meus ollos pra tapalos a lus do meu esquelete
o meu desexo de ser Deus pola carne tremante e barbuda
que cobre a miña calivera como a pel dun monstro..."

O derradeiro dos poemas "O fin", vai enteiro. Coido que con il pode o lector ter unha idea aproximada da poesía de Ginsberg que é, ó cabo, o representante máis notable de toda unha xeneración. A súa dificultade, que quizáis non é moi aparente nunha primeira lectura, advírtese no intre en que ún quer profundizar no senso. Pro eso queda pra o lector, que pode adicar a elo, si lle interesa, unha tarde de inverno, quizáis á hora do lusco fusco, cando a chuvia ó embazar os cristáis envolva o mundo nesta mesma especie de néboa que semella crear o poeta. A min, persoalmente, as dificultades de tradución ocupáronme tamén as horas grises e neboentas dunha tarde chea de chuviosa musicalidade

O FIN

Eu son Eu, o vello Pai Ollo-de-Peixe que enxendróu o mar, o verme na
miña propia orella, a serpe enrodelándose nun arbre,
Eu séntome na mente do carballo i escóndome na rosa, eu sei si alguén
esperta, ninguén fora da miña morte,
vide a min corpos, vide a min profecías, vide todolos presentimentos,
vide espritos e visiós,
eu recíboo todo, eu morrerei de cancro, eu entro no ataúde pra
sempre,
eu pecho o meu ollo, eu desaparezo,
eu caio sobor de min mesmo coa neve do inverno, eu rolo nunha
grande roda
ó traveso da chuvia, eu miro as parellas convulsas no fornicio,
renxer de rodas de coches, furias a xemer a súa música de baixo,
lembranzas esvaecéndose no cerebro, homes imitando cans
eu deléitome no ventre dunha muller, mocedade alongando os seus
peitos
e as suas coxas ó sexo, o galo que salta cara dentro
asfixiando a súa semente nos beizos de Yin, as bestas bailan en Siam,
eles cantan ópera en Moscou,
os meus rapaces ó estrelecer arelan nos recochos, eu entro en New
York,
eu toco o meu jazz nunha Arpa de Chicago,
o Amor que me trouxo á vida eu devólvoo ó meu Orixe sin ningunha
perda,
eu floto sobor do gómito
estremecido coa ledicia da miña inmortalidade, estremecido coa
ledicia
desta infinitude que eu esfrangullo i enterro
ven Poeta cala como a miña verba, e saborea a miña boca na
tua orella.

MICAELA MISIEGO
Santiago



DÁMASO ALONSO, Y SU OBRA

En el mes de octubre del presente año, se ha jubilado el Catedrático de la Universidad de Madrid, D. Dámaso Alonso. La figura excepcional del gran maestro español y su conexión con la Lingüística gallega, nos obligan a presentarle unas palabras de homenaje en esta Revista. Dámaso Alonso fue durante muchos años catedrático de Filología Románica de la Universidad de Madrid y por su aula pasaron centenares de discípulos ansiosos de recoger sus enseñanzas. Sus clases fueron siempre de gran interés por la cantidad de problemas en ellas tratados y por la tendencia sistemática a huir de las conclusiones fáciles. Para él la materia tratada no podía encerrarse en esquemas simplistas, lo importante era la problemática, el que los alumnos pudiesen discurrir sobre el intrincado mundo de la filología románica.

En el caso de Dámaso Alonso hallamos motivo para quejarnos un poco del sistema universitario español, porque en un sistema como el alemán

en que cada catedrático va renovando los temas explicados cada semestre, el magisterio de Dámaso Alonso hubiera alcanzado mayor relieve. La razón es sencilla: el catedrático español domina muchos temas de Lingüística y de Literatura y a ello se añade la facilidad en la exposición y la gran amenidad con que trata aún los problemas más intrincados. Por eso es una lástima que hombres como Dámaso Alonso no puedan enseñarnos los 5 años que duran los estudios de Filosofía, como sucede por ejemplo en Alemania. De esta manera podrían recogerse perfectamente todas las enseñanzas del maestro, cosa imposible en solo un curso y cuando el catedrático está obligado a repetir la misma materia.

La personalidad de Dámaso Alonso se encuentra en campos muy diferentes. Nunca se ha limitado a un solo terreno y junto a creaciones poéticas o narrativas encontramos ensayos sobre temas literarios muy dispares, o sobre temas históricos y lingüísticos de índole diferente. Su amplia visión de los hechos y su inquietud le han llevado siempre a los temas más variados. Dámaso Alonso no es un investigador que pasase toda la vida estudiando unos temas determinados. A él le ha gustado siempre la variación. Por eso en sus estudios sobre Literatura española encontramos trabajos sobre todas las épocas y junto a ello temas de las Literaturas extranjeras. Pero en la variación no encontraremos nunca ligereza, ya que el catedrático madrileño ha tratado siempre los temas estudiados con profundidad y competencia. Y una nota descollante es su sensibilidad exquisita de poeta, que aparecerá constantemente en sus trabajos, incluso en los estudios lingüísticos.

Dámaso Alonso es un gran poeta, uno de los grandes representantes de aquella generación que se viene llamando del 27. Lo curioso es que los representantes de esta generación (Alberti, García Lorca, Guillén, etc.), dominan ya en los años anteriores a la guerra. En cambio Dámaso Alonso se impondrá definitivamente como poeta años más tarde, con su libro *Hijos de la ira*. Y este libro, lleno de "ira" fue el gran renovador de la poesía española de la postguerra, el punto de arranque de la poesía existencialista en nuestra tierra, un libro que salvó a nuestra poesía del anquilosamiento en que se hallaba metida en los años cuarenta. *Hijos de la ira* es un libro lleno de fuerza y pasión, que refleja en muchos aspectos el carácter de Dámaso Alonso, de vez en cuando predispuesto a la explosión. Todo aquel que haya estudiado con el sabio español no podrá nunca olvidar aquellos momentos de "ira" que en determinados momentos necesitaba y que en el fondo divertían a los estudiantes, aunque en lo externo quedasen silenciosos y con caras asustadas.

Yo no quiero hacer aquí una exposición completa de toda la obra de Dámaso Alonso, pues ante todo me interesa recalcar su conexión con el territorio lingüístico gallego. Pero se me imponen unas palabras sobre el conjunto de su obra. Sus estudios y ensayos sobre Literatura, aunque se concentran en algunas épocas, se extienden a todo lo largo de los siglos, desde los comienzos de nuestra Literatura hasta las últimas tendencias. En un libro como *Primavera temprana de la literatura europea* (Madrid 1961), se recogen tres estudios, ya publicados anteriormente, sobre Lírica, Epica y Novela, con el profundo ensayo sobre la *Nota Emilianense* o el artículo sobre las "jarchas" y los comienzos de la lírica, de gran amenidad y valor por los problemas planteados.

Recuérdense los numerosos temas tratados en sus libros *De los siglos oscuros al de Oro* (*Notas y artículos a través de 700 años de letras espa-*

ñolas) (1958) y *Del siglo de Oro a este siglo de siglas* (*Notas y artículos a través de* 350 *años de letras españolas*) (1962). Sobre los clásicos nos ha dejado hasta la fecha libros fundamentales, como la serie dedicada a Góngora, poeta que no tiene secretos para Dámaso Alonso: *La lengua poética de Góngora* (1935 y nueva edición en 1961); *Estudios y ensayos gongorinos* (seg. ed. en 1955 y otra en 1960); *Góngora y el Polifemo* (texto, estudio, versión en prosa, comentarios) (1960, 4.ª ed. 1961); *Para la Biografía de Góngora. Documentos desconocidos* (1962). Y junto a esto numerosos artículos de revista en que ha estudiado algún problema especial. Libros también fundamentales son los dedicados a San Juan de la Cruz (*La poesía de San Juan de la Cruz,* 1942, 4.ª ed. 1966) y a Medrano (*Vida y obra de Medrano,* 2 vols., 1948 y 1958), este último uno de los libros más completos que salieron de sus manos. Pero en los libros de Dámaso Alonso encontraremos también ensayos sobre Fray Luis de León, Garcilaso, Quevedo, etcétera. No olvidemos los cuatro estudios contenidos en *Cuatro Poetas españoles* (1962), en donde encontramos un estudio muy emotivo, poético y de una finura exquisita ("Góngora entre dos centenarios"). Sobre lírica moderna tiene el sustancioso estudio *Poetas españoles contemporáneos* (1952 y 3.ª ed.). Y aún los *Ensayos sobre poesía española* (Madrid 1944; Buenos Aires 1946) o la preciosa *Antología de la poesía española,* en colaboración con J. M. Blécua (1956). Muy dignas de tener en cuenta son sus colaboraciones con otros estudiosos, como en la edición del *Cancionero Antequerano* (1950), o la traducción de los *Problemas y métodos de la Lingüística* de Wartburg (1951), anotado para los lectores hispanos, o la colaboración con Bousoño en *Seis calas en la expresión literaria española* (1951 y nuevas ediciones). Por la gran importancia de las notas que acompañan al texto debemos recordar también la edición de *la Tragicomedia de D. Duardos,* de G. Vicente (1942). Para su ingreso en la Academia de la Historia escribió Dámaso Alonso el importante estudio *Dos españoles del Siglo de Oro...* (Madrid 1960).

Una obra primordial en el terreno de la Estilística nos la ofrece Dámaso Alonso en su *Poesía Española. Ensayo de métodos y límites estilísticos* (Madrid 1950; 4.ª ed. 1962), obra que crea la Estilística en España y con la que se pone a la altura de maestros extranjeros como L. Spitzer o Ch. Bally. En ella analiza Dámaso Alonso la poesía de Garcilaso, Fray Luis de León, San Juan de la Cruz, Góngora, Lope de Vega y Quevedo, aplicando las diversas posibilidades del análisis estilístico. Como dice S. Elia (*Orientaçioes da Lingüistica Moderna,* Rio de Janeiro 1955, p. 55) "submetéu algumas das obras-primas da literatura de sua pátria ao crivo de uma análise vigilante e arguta, revelando com admirável mestría os apoios formais de que se valeram um Garcilaso, um Frei Luís de Leão, um São João da Cruz, um Góngora para compor a mágica orquestração de seus poemas imortais. Á proporção que mais fundo penetra em tais estudos, Dámaso Alonso vai constituindo os lineamentos teóricos de súa atividade crítica. De forma que as perspectivas teoréticas se entremeiam com as sondagens estilísticas, e que não falta o lume de uma autêntica intuição literária, surgindo assim uma paisagem emocionalmente enfeitiçada e intelectualmente penetrante".

Junto al análisis estilístico de los poetas citados, Dámaso Alonso presenta una serie de consideraciones teóricas, sopesando en ocasiones los postulados de F. de Saussure, el creador de la Lingüística moderna, o de su discípulo Ch. Bally, fundador de la Estilística. (cfr. por ejemplo *Poesía* Española, 1.ª ed. páginas 21-23, 28, 623-624, 625-626, 639). Este libro

personalísimo, con criterios nuevos, ha abierto una nueva era en los estudios literarios y el hecho de haberse traducido a varios idiomas (últimamente al alemán) da idea de su valía excepcional.

En el terreno lingüístico Dámaso Alonso no presenta una obra tan variada, pero todas sus contribuciones son de gran calidad. En primer lugar debemos recordar que desde su cátedra de Madrid dirigió muchas tesis doctorales en que se estudiaron diferentes zonas dialectales. El mismo ha estudiado fundamentalmente dos zonas: la andaluza y la gallega. Sobre el andaluz escribió en colaboración con Zamora Vicente y M. J. Canellada un estudio sobre las *Vocales Andaluzas* (NRFH IV, 1950, 209-230) y muy digno de mención es el curioso estudio, *En la Andalucía de la E. Dialectología pintoresca* (Madrid 1956), en el que de la manera más amena posible nos da noticias sobre los fenómenos estudiados.

De más interés para nosotros son los estudios sobre el dominio gallego-leonés, llamado siempre por Dámaso Alonso "gallego-exterior". El investigador español procede de la frontera entre Galicia y Asturias, de una zona de habla gallega, y durante muchos años ha recogido materiales de gran valor. Pena es que la gran mayoría de estos materiales hayan quedado inéditos hasta el momento presente, pues en el despacho de Dámaso Alonso encontramos un enorme vocabulario inédito de voces recogidas en esta zona del gallego exterior y un libro también inédito con conversaciones recogidas en la misma zona. Esperemos que algún día podamos ver publicadas estas obras, ya que son de un interés extraordinario por tratarse de una zona de transición, con un gallego muy peculiar, y porque Dámaso Alonso posee un oído muy fino y sabe distinguir los más mínimos detalles fonéticos con extrema facilidad.

Entre los trabajos publicados debemos recordar el estudio sobre el saúco (*El saúco entre Galicia y Asturias. Nombre y superstición*, RDTP II, 1946, 3-32), sobre los meses Junio y Julio (*Junio y Julio entre Galicia y Asturias*, RDTP I, 1945, 429-454) o también sobre *enxebre* y congéneres (*Enxebre* CEG 8, 1947, 523-542). Más importante lingüísticamente es el estudio sobre el gallego-leonés de los Ancares (*El gallego-leonés de Ancares y su interés para la Dialectología portuguesa*, Actas III Colóquio intern. luso-brasil. Lisboa 1957, I, 1959, 309-339 y CEG XVI, 48, 1961, 43-79), zona de gran interés por las particularidades lingüísticas que presenta y que han sido tratadas magistralmente por Dámaso Alonso, comparándolas con fenómenos parecidos de otras zonas portuguesas.

Dejando a un lado otros trabajos (cfr. por ej. RFE XXVII, 1943, 30-47; id. 153-180; id. XXXIV, 1950, 238-248; Archivum VII, 5-12; *Homaxe a Otero Pedrayo*, Vigo 1958, 67-71), debemos colocar en un lugar especial su libro *La fragmentación fonética peninsular* (Suplemento a la ELH, t. 1, Madrid 1962). Se trata de un libro de publicación accidentada. Cuando se ideó la *Enciclopedia Lingüística Hispánica* los directores encargaron a Dámaso Alonso un estudio que sirviese de introducción. Pero la pequeña introducción se convirtió en gran libro y D. A. tardó bastante en decidirse a su publicación por una razón primordial: en el libro se discuten teorías de grandes maestros de la Lingüística Románica y a veces con bastante dureza. Debido a esta demora los responsables de la ELH decidieron publicar el primer volumen sin el trabajo de D. Alonso y más tarde lo publicaron como *Suplemento*. Lo curioso es que de esta manera ha salido ganando la contribución, pues el libro de D. Alonso es una de las obras primas de nuestra Lingüística y de la Lingüística Románica, como ya tuve

ocasión de comentar (en *Romanische Forschugen* 76, 1964, 225-229). En esta reseña dije, entre otras cosas: "De sobra son conocidos los trabajos de D. A. sobre Dialectología Peninsular. El profesor madrileño, que tantos temas y problemas ha estudiado, nunca dejó de lado este terreno al que ha contribuído con importantes trabajos sobre el andaluz y espec. sobre el gallego-exterior. Pero, sin duda, el presente libro es el más logrado e importante de estos trabajos. Porque en él se recogen y se amplían las enseñanzas de los estudios precedentes y se plantean nuevos problemas que atañen ya a la Dialectología Románica. En esta "Fragmentación" adivinamos la meditación continuada del autor, sopesando sus propias teorías y las ajenas. Son muchos los problemas que se plantean y las teorías discutidas. Teorías que, por otra parte, pertenecen a importantes maestros de la Filología Románica. Ello hace que esta "Fragmentación" sea un libro fundamental para esta especialidad. Es importante consignar la sencillez y la claridad en la exposición, proverbiales ya en D. A., y su constante preocupación para no caer en una posición restricta y limitada, que en Filología Románica suele ser perjudicial. D. A. jamás cierra el ángulo de visión, le interesa la exposición de los problemas intrincados, escapando siempre de las conclusiones fáciles" (RF 76, págs. 225-226).

Los problemas discutidos en este libro son los siguientes: el vocalismo románico, la diptongación, la *s* final de sílaba y soluciones peninsulares de los esdrújulos latinos, vocales finales, resultados de KT, ü románica, resultados de LJ, KL y GL, ensordecimiento en el Norte Peninsular de alveolares y palatales fricativas, metafonía, neutro de materia y colonización suditálica en la Península Hispánica (cfr. ya *Metafonía y neutro de materia en España,* ZRPh 74, 1958, 1-24) y B=V en la Península Hispánica (cfr. ya RFE 18, 1931, 15-23). A lo largo de todas las páginas encontramos puestas en duda o sopesadas teorías de lingüistas como Wartburg, Martinet, Schürr, Amado Alonso, Menéndez Pidal, Haudricourt - Juilland, Lüdtke, etc.

En el libro están tomadas en consideración todas las zonas lingüísticas románicas, pero un dominio sobresaliente es el gallego-portugués. Precisamente en muchos casos el resultado gallego o portugués le sirve de base para sus postulados y por eso le concede a este dominio una atención especial: referencias extensas a la metafonía, resultados de -e y -o finales, a la diptongación, al ensordecimiento de las alveolares y palatales, a la igualación de b=v. etc. Dámaso Alonso estudia los hechos gallegos y echa mano de los escasos conocimientos de que disponemos y de su experiencia personal. Se lamenta de lo poco que se ha hecho hasta la fecha por la Dialectología Gallega en contraposición a la catalana. Por eso muchas veces puede hablar sólo con duda de los problemas tratados. Pero aún en estos casos lo hará siempre de manera convincente. Esta contribución de Dámaso Alonso es fundamental y de uso indispensable para todo el que se enfrente con problemas de Filología Románica.

La importancia del maestro español ha sido reconocida en el extranjero en más de una ocasión. Muchos de sus libros han sido traducidos a otros idiomas y en muchas universidades europeas y americanas se le ha concedido el título de Dr. Honoris Causa. En España, entre otras cosas, es miembro de las Academias de la Lengua y de la Historia y Director de la RFE. Por tantos motivos era necesario que nosotros le presentásemos nuestro homenaje en estas fechas significativas.

Para mí particularmente la figura de Dámaso Alonso adquiere una importancia de excepción, porque he podido disfrutar de sus enseñanzas y de su amistad. En mis tiempos de estudiante de Filología Románica en la Universidad de Madrid tanto Dámaso Alonso como Rafael Lapesa imponían su autoridad y magisterio, siempre dispuestos a ayudar a los que nos iniciábamos en la lingüística. Sus enseñanzas fueron de extrema utilidad y me han trazado el camino a seguir en mis propias investigaciones.

Por todo esto ahora, desde este rincón gallego, hago votos para que el gran maestro siga teniendo fuerzas para trabajar sobre sus temas preferidos, con el fin de que pueda darnos aún muchas contribuciones literarias o lingüísticas dignas de su categoría.

RAMON LORENZO
Santiago

UMA EDIÇÃO DO TROVADOR AIRAS NUNES

Quiseram os maus fados, que regem entre nós as coisas da cultura, que esta notícia só agora seja publicada, quatro longos anos após a saída deste livro do Prof. Giuseppe Tavani: *Le Poesie di Ayras Nunez,* Milano, Ugo-Merendi Editore, 1964. Há mais de um ano enviámos uma longa resenha dele para o "Boletim de Filologia", de Lisboa. Mas como as revistas da especialidade andam todas ou quase todas lamentàvelmente atrasadas e nunca se sabe quando sairão os artigos que para lá mandamos, resolvemos separar do conteúdo pròpriamente filológico as considerações de ordem geral e publicá-las nesta revista, sempre atenta a todos os problemas da cultura galega.

Devemos todos felicitar-nos por esta bela edição do trovador Airas Nunes; bela em todo o sentido: pela quase luxuosa apresentação tipográfica e pelo modelar tratamento filológico de um dos mais categorizados representantes da poesía galego-portuguesa do último quarto do século XIII. Efectivamente, a edição do Prof. Tavani pode considerarse paradigmática, pois inclui, com elevado critério científico e notável equilíbrio, todos os elementos de informação sobre a personalidade e obra do trovador: a tradição manuscrita, o poeta, a produção, a métrica, tabela de concordâncias, edição crítica dos textos, glossário desenvolvido, índice de rimas, índice de autores e lista bibliográfica (no princípio). Nada falta e tudo se apresenta em boa conta.

Notamos, contudo, preliminarmente, entre as súas poesías, a ausência daquele bonito escarnho, *Un infançon mi á convidado* (CBN. 1552=CB. Molteni, 425), atribuído a um tal Nunes, sem prenome, que Carolina Michaëlis editóu na *Randglosse* III (ZrPh., XXV, 167), perguntando se sería Airas Nunes o seu autor. Bem sabemos que, sendo esta cantiga de 1247, logo a seguir à tomada de Jaén, essa data mal se concilia com o período de suas outras produções datáveis (1284-1289); mas podería tratar-se de uma poesía desgarrada da mocidade, que aliás ecoa graciosamente na cantiga núm. XIII. Realmente, se este cantar, composto por 1284, presume para o autor a idade da velhice, ponhamos os seus 67 anos, não repugna aceitar que Airas Nunes tivesse composto aquele gracioso serventês quando andava nos trinta anos. De qualquer modo, nos Cancioneiros, o único trovador de apelido Nunes, além do nosso Airas, é Joham Nunez Camanes, cujo apelido se escreve sempre Nunez e não Nunes, como sucede com o nosso clérigo trovador. Pensamos, pois, que não sería fora de propósito meter, embora com reservas, aquela cantiga no espólio de Airas Nunes, como fizemos e continuamos fazendo na nossa edição das Cantigas d'escarnho e de mal dizer. Não podemos aceitar a opinião do ilustre filólogo italiano (pág. 27) de que todas as poesías que reúne em súa edição pertencem ao período da velhice (1284-1289): a frescura e a vivacidade de algumas fazem supor menor carga de anos; a sátira ao infanção estaría nesse caso.

Tavani põe em dúvida que Airas Nunes fosse galego, por não existirem na súa obra tipismos idiomáticos da Galiza (pág. 27, n. 23). Tal distinção lingüística não parece válida ainda para a poesia do século XIII, que irmanava na forma expressiva os trovadores dalém e daquém Minho. Acreditamos que fosse galego, melhor dizendo, tudo na súa obra e na súa vida o assegura, a começar pela coautoria das *Cantigas de Santa María*, em que crê o seu competente editor, Prof. Mettmann (ZrPh., LXXXII, 309). Algumas das súas cantigas evocam iniludivelmente ambiência galega, e uma delas, a núm. XIII, já por nós citada, deverá conter algúns traços biográficos, ainda não de todo explorados. Citam-se nela algúns lugares galegos: o de Melide, que nos aparece, caso não seja erro do escriba, sob a forma labializada de Molide; e o de Valedolide, nome, castelhanizado hoje sob a forma de Valledolí, de três povoações galegas, que deve apontar para a que fica na região de Arzúa (Quión), entre Melide e Santiago de Compostela. Estes seriam os modestos lugares onde o trovador teria passado dias felizes da mocidade, em amorios fáceis, não obstante á súa condição de clérigo. Ainda se menciona Redondela, cidade ao norte de Tuy, e essa referência levou Car. Michaëlis a supôr que Airas Nunes estivesse algum tempo ao serviço do bispo de Tuy. Note-se porém que a grande romanista apontou erradamente para CV. 455, quando se trata na realidade da cantiga núm. 468. Em súa opinião, a briga episcopal narrada na cant. XV (CV. 1133) estaria ligada aos mesmos sucessos (ZrPh., XXV, 227, n. 5). Tavani descarta a hipótese de uma dependência real do clérigo em relação ao bispo; mas valeria a pena ter feito referência à opinião da romanista, tanto mais que em 1285, depois da morte do bispo de Tuy, D. Fernando Arias, deramse distúrbios, sendo castigados algúns cónegos. M. G. de Ballesteros, *Sancho IV de Castilla*, I, 22, 122. De qualquer modo, o caso de Tuy, passado em 1285 ou 1286, é coetâneo dos sucessos em torno da mitra compostelana, por 1286.

Ao problema intrincado da data dalgumas cantigas, argutamente tratado pelo romanista italiano, segue-se a caracterização da arte literária do nosso trovador, que ele supõe ter frequentado alguma Universidade como Palencia ou Salamanca, ou mesmo alguma escola de além Pireneus, dado o seu conhecimento da lírica provençal, "mais vasto e profundo, como se ele tivesse assimilado os ensinamentos morais e estéticos daquela cultura" (pág. 28). Para isso, quanto a nós, não precisaría de se deslocar da Galiza, especialmente de Santiago, onde chegava um eco de todas as culturas. Bastava ter curiosidade literária para aprender, juntamente com a língua, o sentido profundo da cultura occitânica; e nada custa a crer que acamaradasse com jograis e trovadores vindos do sul de França. Quer-nos parecer, contudo, que Tavani exagera um pouco essa influência, ao dizer-nos que Airas Nunes "se inspira directa ou indirectamente em modelos ultrapirenaicos, procura uma poesía "culta" e acolhe só em raras ocasiões e como por brincadeira as formas poéticas locais, reelaborando-as todavía, afim de adaptálas ao gosto mais requintado da poesía provençal e francesa" (pág. 44). Nós diríamos antes que o trovador, como todo o verdadeiro artista, metia num mesmo saco o pecúlio cortês da Provença e as formas e temas tradicionais da velha Galiza; e nisso seguía a linha dos mais prestigiosos cultores da nossa primeira poesía medieval. Sòmente nele a influência estrangeira é mais directa e consciente, pois atinge as dimensões do bilinguismo.

É muito difícil, e talvez ilusório, falar de originalidade, quando se trata de um escritor medieval. Tavani mediu bem essa responsabilidade e deu-

nos um esquema feliz do génio poético de Airas Nunes. Caracteriza-o por "uma polícroma profundidade de horizontes, uma polifónica multiplicidade de temas e uma fecunda dutilidade de recreação artística, insólitas na trama poética da primeira lírica galego-portuguesa e reveladoras de uma têmpera poética rica de vivacidade humoral e espírito inovador, realizando-se, entretanto, sempre correctamente dentro dos ditames da estética medieval" (pág. 19). Mais adiante, precisando melhor estes dizeres, acentua: "Cada lírica desenvolve um motivo que, se não é inteiramente novo na tradição peninsular, é ao menos tratado em formas diversas através da reelaboração dos modelos consagrados, da contaminação entre elementos tradicionais e de origem occitânica, ou ainda da retomada, com intenção polémica e anticonformista, de temas e técnicas utilizados pelos seus antecessores" (página 31).

Aquí se insere um problema de grande relevância literária, quanto mais não seja para aquilatar da originalidade de Airas Nunes. Há nas súas poesías versos que se encontram repetidos literalmente ou com leves alterações no Cancioneiro de Joan Zorro (ed. de Celso Cunha, vv. 105-107; 115-120). Cf. em Airas Nunes, vv. 30-32; 140-145. Tavani entende que esses versos teriam sido imitados de Zorro (págs. 30, 33-34), levado na trilha do que aventámos em 1930 no livro *Das origens da poesia lírica em Portugal na Idade Média,* págs. 184-185, 333-334, onde cometemos o erro de considerar aqueles versos 30-35 de Airas Nunes como um refrã apenas, quando, na verdade, se trata de dois, como se vê na edição de Tavani. O certo é que hoje nos parece difícil de admitir que um artista do porte de Airas Nunes tenha imitado tão servilmente as composições de Zorro: pelo que nos inclinamos para a primeira hipótese apresentada: a reelaboração dum mesmo tema tradicional por autores diferentes. A 1.ª estrofe de Zorro, *Bailemos agora, por Deus, ai, velidas* será portadora do tema inicial em estado de maior pureza, que o jogral desenvolveu em forma paralelística numa segunda estrofe. Pode ser que Nunes nem tivesse conhecido o cantar de Zorro. Colheu o tema popular, desenvolveu-o a seu modo, com maior individuação (veja-se aquele *três,* que dificilmente caberia no tema inicial), requinte e extensão. As semelhanças entre os dois cantares provêm duma fonte comum, cuja utilização literária levaria inevitàvelmente a resultados coincidentes.

O que constitui porém a principal novidade da edição de Tavani é o estudo aturado da versificação do nosso trovador, que soube conduzir com bom senso e penetrante experiência filológica. Apoiando-se nas observações de Celso Cunha sobre fonética sintática, não aceita, contudo, o rigorismo de regras sem excepção para aquilo que, em seu entender, "é uma simples tendência fonológica, como tal sujeita às superiores exigências da expressividade poética e do ritmo" (pág. 48). Efectivamente, o estudo do romanista italiano é muito cuidadoso: as suas tabelas de colisões vocálicas são elaboradas com prudência, sublinhando os casos duvidosos. Entre estes, um devía ter merecido atenta consideração: o dos vv. 13, 21, 29, que implica a rejeição da tese dogmática de Celso Cunha. Com efeito, a seguir ao verso decassílabo 13, *e dizia este cantar mui ben,* reproduzido mais adiante (v. 21) com leve alteração, *e dizia este cantar enton,* Airas Nunes quebra brutalmente o hiato num verso (29) que, em rigor, conta 12 sílabas, *e dizia este cantar ben a pastor.* Onde está a apregoada rigidez das regras? Poderemos admitir que Airas Nunes desconhecia as normas do ofício? Ou devemos antes aceitar que a liberdade do artista salta por cima das regras impostas pelos metricistas que não são poetas?

Esse estudo dos encontros vocálicos está ainda eriçado de dificuldades, prestando-se a interpretações divergentes. Por isso melhor sería, quanto a nós, não assinalar gràficamente os casos, pois podem prestar-se a dúvidas. Além de um ou outro, que examinaremos a seu tempo, escolhemos como demonstração estes dois. Tavani vê sinalefa ou elisão no v.54: *nen o abade outrossi no estar*. Ora a verdade é que poderíamos ler este verso de duas outras maneiras; 1) *nen o abade, outrossi, no estar;* 2) *nen o abade, outrossi no 'estar*. O outro caso é o do v. 232, entendido por Tavani assim: *foi sanhuda e catoume en/desden*. Na nosa leitura, preferiríamos fazer primeiro hiato e depóis sinalefa: *foi sanhuda,/e catou-me en desden*.

O que se diz acerca das colisões vocálicas vale também para os acentos rítmicos. Assim, por exemplo, o ritmo "entrecortado" do v. 269, *quer, non lhe dé Deus al, pois s'en pagar*, é marcado, segundo Tavani pelo acento nas sílabas 1.ª, 4.ª, 6.ª, 8.ª e 10.ª. Nós sentimos antes o ritmo martelado pelas sílabas 1.ª, 4.ª, 5.ª, 6.ª e 10.ª, sugerindo a acumulação de acentos na 4.ª, 5.ª e 6.ª aquele "tom polémico" observado por Tavani. Por aquí se vê que os elementos reunidos pelo industrioso filólogo italiano sobre a versificação de Airas Nunes são um ponto de partida utilíssimo para ulteriores investigações: mas teremos de contar sempre com um factor subjectivo de apreciação por parte do leitor moderno, que pode coincidir ou não com o do artista medieval. Mais uma razão para andar com prudência nesse terreno resvaladiço, rejeitando por sistema toda atitude dogmática.

Se dissemos, no começo desta resenha estarmos em presença de uma edição verdadeiramente modelar, pela consistência científica do seu conteúdo, não nos referíamos a apresentação gráfica do texto, que achamos demasiado conservadora e menos própria de uma edição crítica. Certas formas como *rramo, fuy mh-achegando, queyxava-sse, hyr, podemus, abbade, log'eu* (=*logu'eu*), *ell-rey, hu, ssobrinhus, ssem, desonrra, cabelus canus*, tem aspecto desagradável e induzem fàcilmente a má leitura. Há que distinguir ousadamente entre a edição crítica e edição diplomática. A primeira deverá destinar-se à leitura de todas as pessoas curiosas e cultas e não apenas a um pequeno grupo de especialistas. É necessário, pois, apresentar-lhes um texto legível, gràficamente actualizado, embora linguisticamente autêntico. Mas isto é um problema pròpriamente marginal, uma opinião pessoal, que em nada afecta o valor do trabalho, pelo qual felicitamos vivamente o Autor.

M. RODRIGUES LAPA
Anadia

O GRAAL

No derradeiro número dista revista, R. C. C. pubrica unha interesante nota sobre *A lenda do Graal*. Jean Frappier, profesor na Sorbona, a meirande autoridade no día en "matiére de Bretagne", no seu libro *Chrétien de Troyes* [1], analizando *Le Conte du Graal*, despoixas de perguntarse si no "livre" que lle dou a Chrétien Filipe de Alsacia, conde de Flandres [2], e que contiña o, ou un, "conte du Graal", xa estaba a historia de Perceval na lenda do Graal, ou si axuntar delambas foi obra de Chrétien de Troyes, afirma que endexamáis Chrétien tiña composto unha obra dunha estruitura tan complexa. Asegún Frappier, tres "conjointures" e tres sensos se superpoñen nela. Un pirmeiro tema, mui aparente, é aquil dos aprendizaxes do "nice", do simple, do inxenuo, tratado dunha maneira sabrosa e lixeira. "Cadros que relía un fío lixeiro, cortan na vida do héroi as etapas capitás, e siñalan os cambios decisivos, de sorte que istes episodios, verdadeiros dunha verdade particular de Perceval, recrámanse tamén dunha verdade máis xeneral, porque cada un diles pode arrepresentar unha imaxe das diferentes fases da eisistencia humán. Tal é iste pirmeiro plano, propiamente psicolóxico. Sober diste plano, a "niceté" de Perceval [3], abonda pra espricar o seu silencio, i o seu fracaso no castelo do Rei Pescador". E prosegue Frappier: "Un segundo tema revélase agora que o desenrolo progresivo das aventuras foi levado ben lonxe. Está caraiterizado por un problema que sempre atrougo a Chrétien, aquil da concencia que toma o héroi da súa responsabilidade e da súa liberdade interior. Sábese, pólo episodio da Demoiselle Hideuse, como foi resolto por Perceval. I o terceiro tema, pirmeiro oculto, despoixas entrevisto, i ó final domiñante, é relixioso. O pecado cometido contra a súa nai, é a causa profunda do silencio de Perceval. Desertado pola gracia, longo tempo pecho ó remorso, é salvado espritualmente o día de Vernes Santo. Comprendido coma un símbolo, o Graal atópase en correspondencia con cada un distes tres temas. O paso do cortexo ilustra a *niceté* leda e tráxica á vez de Perceval, o seu todo fervor gastado en gozar as maravillas que lle dona un prestixioso decorado de vida cabaleiresca. Máis tarde, a nostalxia do Graal é o formento da súa liberdade interior. En fin, a imaxe dun Graal eucarístico, ou de suxestión litúrxica, coincide coa renovación relixiosa do héroi". A cita é longa, pro tíñamos de chegar ó párrafo final dela, pra que se vexa a solpresa de Frappier ó ver que se utiliza o termo de "graal" pra nomear un vaso litúrxico. Comenta eisí:

---

[1] *Chrétien de Troyes*, por Jean Frappier (col. *Connaisance des Lettres*). Hatier, París, 1968.

[2] Nota de Frappier. "O termo *livre*, non desiña especialmente unha obra escrita en latín; Chrétien mesmo chama *livre* ó seu *Chevalier de la Charrette* (verso 25").

[3] *Nice, niceté*: o mesmo que *niais, niaiserie*. No *Vocabulaire françois*, da Academia, ed. de 1778, di: *Nice, adj., m. et f. simple, niais. Il vieillit.*

"O termo *graal* non convén, de ningún xeito, a un ciboiro ou a un cálice. Coma o *talloir*, o prato de trinchar que porta a segunda demoiselle do cortexo, o graal é unha peza de vaxilla, cuia mención non é xustificada máis que nun servicio de boca ou na ordeanza dun xantar. Diferentes testemuñas proban iste senso e iste valor profano da verba. Na súa crónica, escrita en latín a comezos do século XIII, Hélinand de Froidmont dá, do que se entendía entón por graal, unha definición da que non sería bon alonxarse: *Gradalis autem sive gradale gallice dicitur scutella lata et aliquantulum profunda, in qua pretiosae dapes cum suo jure divitibus solen apponi gradatim...et dicitur vulgari nomine graalz.* Débese, entón, representar un graal como unha escudela, *scutella*, no senso medieval da verba: plato ou fonte, sin a menor idea de rusticidade, i escudela dunha forma particular, notable pola súa amplitude máis que pola súa fondura: *lata et aliquantulum profunda*, ancha e pouco fonda, mais, sin dúbida algunha, máis ancha que fonda (*aliquantulum* non é *aliquantum*). O pasaxe de Hélinand precisa aínda que un graal servía pra levar unha cousa esquisita e costosa á mesa dos grandes, e que era de prata, ou de outra materia preciosa. Así a presencia dun graal na corte d-El Rei Pescador, non suscitaría na imaxinación das xentes outra cousa que un uso e un luxo da vida aristocrática, coa soia diferencia de que a peza de orfebrería que intriga a Perceval é dun brilo e dun esplendor incomparables. Outros empregos da verba, denantes ou despoixas da novela de Chrétien, ou non contradicen a definición de Hélinand, ou a confirman. Na breve descrición dun xantar cabaleiresco, a canción de xesta *Girart de Roussillon* (entre 1136 e 1180), cita graals de ouro, *grëaus ab aur batuz* (edición Hackett, verso 1622), a carón de copas, tazas e vasos (*orçols*), grandes e pequenos; *hanaps, graals, chandeliers*, dí tamén o verso 6370 da mesma "chanson", enumerando obxetos preciosos. Un exempro máis interesante aínda, porque indica que un graal hai que distinguilo dunha copa, daio a versión en decasílabos do *Roman d'Alexandre* (probabelmente arredor do 1170): un peleriño está sentado, en calidade de hóspede á mesa dun senescal; duas liñas sucesivas e similares especifican, a pirmeira que "il bebéu na súa copa de ouro fino", i a segunda, que "il xantóu con íl no seu graal". En fin, asegún un pasaxe da *Pirmeiro Continuación de Perceval*, un graal era fondo dabondo pra erguer *sobre* dil unha cabeza de cocho bravo: o que se acorda mui ben cos epítetos de que se serviu Hélinand: *lata et aliquantulum profunda.*

Coma puido, máis tarde, o graal convertirse no Cáliz da Derradeira Cea, é outra historia. Albert Béguin e Yves Bonnefoy [4], espricárona a partir da *Redaction courte*, que se utilizóu pra dar unha pirmeira continuación ó *Conte du Graal* (e onde xa o graal non aparez portado pola demoiselle, senón que ven polos áers), deica Robert de Boron, que foi quen pirmeiro falóu do graal coma o recipente que serviu a Xesús na Derradeira Cea, e a Xosé de Arimatea, cando o Descendimento da Cruz, pra recoller nil o sangue das feridas do Salvador. "Levado a *terras lonxanas* por Xosé i outros cristiáns, foi o obxeto dun misterio, no cal participaron certos deles arredor dunha táboa que Xosé instituíu en memoria da Cea"...Pro, xa estamos eiquí no domiño bretón e arturiano. E tamén, asegún Béguin, na mística claravaliana. Xa haberá ocasión de dar algunha nota sober diste tema.

A. LABRADA
Vigo

---

[4] ***La Quête du Saint Graal*, ed. de Albert Béguin et Yves Bonnefoy. *Astrée* 14. (Club do Millor Libro). París, 1958.**

A FESTA DOS MAIOS NA GRAN BRETAÑA

En Paynton, no Devon británico, a onde se retirara fai moi poucos anos, finouse Alexandro Raimúndez. Natural de Ourense, e dende moi novo profesor na Escola de Altos Estudos Mercantís de Barcelona, Alexandro Raimúndez trasladouse a Londres despois da guerra civil. Na capital inglesa entrou a formar parte do corpo de redación da "Spanish Section" da BBC, onde se lle reconoceron decontado os seus merecementos como escritor e a súa fina sensibilidá cultural.

Sendo xefe do "Spanish Programme" da Emisora, aló pola primavera de 1947, Raimúndez — que tiña popularizado xa o seudónimo de Javier Fernández— organizóu un sonado programa en lingoa galega, que se trasmitía tódolos luns de cada semá. Por primeira vez a nosa fala puido escoitárese nos máis alonxados recantos, a traveso da potente emisora londinense. A voz emocionada de Alexandro Raimúndez difundía pra os galegos de todo o mundo, os traballos dos nosos escritores, a música e a poesía nosas, as novas da aitividade cultural galega que andaba outravolta a renacer con rexo pulo.

Il mesmo participóu no programa con varios traballos saídos da súa pluma. Como homenaxe á memoria de quen con tanto entusasmo serviu a Galicia e a súa cultura, compracémonos en reproducir mistas páxinas o que, baixo do seu seudónimo de Javier Fernández, leu na noite do 12 de maio de 1947, encol da Festa dos maios na Gran Bretaña.

Paresceríame imperdoable deixar pasar iste Programa na nosa lingoa galega, sin falar dos Maios. Recórdome diles coma dunha festa chea de sabor local. O Auntamento daba premios en metálico; os mozos faguían uns Maios que eran artísticas pirámides de musgo adornadas con follas, frores e carrabouxos. E os inxenios da cibdade escribían as coplas, que os mozos cantaban. Nelas criticábase a política local. Falábase da boa ou da mala administrazón do Concello ou da Diputazón; das rivalidades dos partidos conservador e liberal; e dos diputados a Cortes. Había liberdade. E a xente combinaba a celebrazón dunha festa tan vella e clásica coa ironía, a bulra ou a crítica dos pormeores da vida cibdadá. Eran tempos de convivenza. Os Maios divertíannos. Os mozos estaban orgullosos, si conseguían o premio. A tradizón conservábase. E a festa tiña sempre a novidade do momento. Non sei cómo se fai hoxe; si se fai.

Mais non quero falar diso; quero falar dos Maios na Inglaterra, onde teñen unha vellísima tradizón e onde os alcontramos manifestándose de diversos xeitos; con arbres adornados con frores, guirnaldas e cintas; en forma de arcos; e tamén, coma pirámides de frores e follas.

Debido ás súas características raciaes e xeográficas a rexión do Cornualles na Inglaterra é especialmente rica en folklore. Entre os bailes, o

máis interesante e siñificativo é a famosa *Furry Dance* que aínda se mantén con vigor i entusiasmo. A xente érguese cedo e sai ós campos a recoller frores e ponlas de arbres pra se adornar coelas. Entón bailan nas rúas: e cruzan as casas cando pasan dunha a outra. Pra bailar cantan unhas canzóns antigas que se trasmiten de pais a fillos. Como ista do século XVII.

Imos, rapaces, imos pró Maio
Vide detrás de min
As mozas xa agardan.
E o músico está alí
O John â María ten
O Willi coa Susi ven
E bailan, bailan, bailan, bailan
Cantan e rín tamén.

De presa, Ricardo, perdes o paso
Móvete, di o John;
Foi o mal gaitero, di o Ricardo
Que arruinóu a canzón.
Pois vaiamos outra vez
Non queren parar os pes
E bailan, bailan, bailan, bailan
Deica o fin do mes.

A festa celébrase, pouco máis ou menos, do mesmo xeito en Gales, e na Bretaña Francesa, o que indica que ten unha tradizón céltica; como na nosa Galiza.

Craro é que a festa ten un orixen pagano; e que se celebra tamén noutros países. É un canto á fecundazón; é o regocixo pola chegada do bon tempo; é a alegría de ver os campos cobertos de frores. Todo isto enténdese millor si recordamos que antes da Reforma Gregoriana do Calendario, o día que oxe chamamos Primeiro de Maio caía no doce: cando a estazón xa iba avanzada. Nos tempos medievaes os mozos e as mozas marchábanse ós bosques onde pasaban a maior parte da noite. E tornaban pola mañán, ó romper do día, adornados con frores e ponlas de arbres.

O gran dramaturgo inglés Shakespeare alude a isto na súa obra *O Sono dunha Noite de Vran.* O xoven Lysandro quer casarse con Hermia; mais o pai dista oponse. Entón, pra probar a lealtade da súa namorada, Lysandro dille a Hermia:

"... Si é certo que me queres
Escápate da casa de teu pai mañán pola noite
E naquel bosque, lonxe da cibdade,
Onde unha vez te alcontrei con Helena,
Alí te agardarei, pra festexar o día de Maio".

A Xente non se contentaba con adornar as fenestras e as portas das casas con frores e follas. Iban ó monte e cortaban un grande arbre, o Maio, traíano entre todos á praza do pobo; e alí prantábano no medio dela. Iste gran arbre estaba adornado con frores e os mozos e mozas bailaban e cantaban ó redor dil. Aínda se fai hoxe asi en muitas partes do país, sobre tudo no Ocidente da Illa.

Vente, vente, mozo ó son
De instrumento e canzón
Colle a cinta corada na man
Baila como os outros fan.

Está engalanado o arbre de maio;
Bailaremos ó redor.
Hoxe é festa dos namorados.
A primaveira está en fror.

Na Escocia as mozas érguense unha hora máis cedo que de costume, e van ó monte a buscar frores ou follas que teñan gotiñas de orvallo. Co elas lávanse a cara, pra conservar a beleza. Despóis, baixan polas ladeiras cantando alegremente. No reinado de Enrique VIII, os concellaes do Auntamento de Londres subían ás colinas de Kent a festexar o Maio. O Rei Enrique e a súa muller Catalina de Aragón —filla dos Reis Católicos— vivían no pazo de Greenwich. Pro saían do pazo e viñan ó alcontro dos dignatarios da cidade.

Oxe tamén intervén unha Raíña; mais é unha Raíña de Beleza e de Xuventude. É unha costume que aínda perdura en Londres, e celébrase no parque de Hayes, preto de Bromley, en Kent. No pirmeiro sábado do mes de Maio reúnense alí as rapazas máis feiticeiras e garridas acompañadas dos seus cortexos: tudas van adornadas con frores e guirnaldas. A máis linda distas rapazas é elexida Raíña do Maio de Londres. Oficia nista ceremonia outra belida rapaza que fai de "Príncipe da Inglaterra Alegre" e que coroa á Raíña elexida. Hai un coro que canta canzós alusivas á festa, e despóis tudo o mundo baila ó redor do Maio.

Vente, pró Maio, Xoana, conmigo
Xa nos eidos a bailar
Alá van todas as mozas bonitas
A súa beleza a mostrar

Mary, Molly, Daisy, Dolly,
Cada fermosa ten cavaleiro,
Willie, Ronnie, Dickie, Johnnie.
Bos bailarís, ¿quen os millora?

Imos entón pró Maio Xoana,
Xa nos eidos a bailar
Alá van todas as mozas bonitas
A súa beleza a mostrar.

E si seguimos como escomenzamos
Vamos o premio a ganar
Xoana, serás Raíña de Maio,
Voute eu mesmo coroar.

Vaia, baila, corre, volta,
Vólvete, despóis saúda,
Vira, salta, ríe, canta,
Cumprimenta, e fica muda...

Pois acabouse a nosa festa, Xoana,
Deica mañán, que te vexa outra vez
Acá volveremos todos os dias
Xa é Maio, belido mes.

É unha tarde de alegría e de xuventude. Iste ano celebrouse o sábado, día 3, e como o tempo estaba bo, tudo o mundo se divertiu. Así, con estas festas cortesás eiquí en Londres, e coas outras máis pagás no Cornualles, en Gales, na Galiza, célebrase aínda a mui antiga e tradizonal festa dos Maios.

JAVIER FERNÁNDEZ
Londres

CINCO PEZAS PARA CEMBALO

1

O HOME

Chove. Incidentes silenciosos i escuros acontecen no val. Ríos de brétema entrecruzan i ateigan cauces de espacio balbucente. Nos porracos beben páxaros bronce, pegas, algúa pomba, feitos mínimos, ollos. O ceo transcurre enviso sober dos envisos ollos da auga.

Un home amosa no campo da miña fiestra. Móvese inordiña baixo a chuvia. Olla pra todos e calquer camiño, mais aínda está ahí un pouco, estantío, alleo. Nada máis familiar que esta presenza azar, sempre tan sumida, tan reacia; a pesar de todo tan teimosamente desconocida. É ho Home.

Algo novo sucede sober do acontecer esvecido do val. Il vaise.

Algo move.

As formas mudas diante a fiestra xogan co inxel silencio.

Algo medra e desmedra baixo dil.

Non podo escoarme do sentimento melancónico de que algúa ola invisíbele —e nalgún senso— lévao sobrenadando cara unha praia de tebras. Estelaxe dalgún fabuloso naufraxio, resto quizaves doutras navegaciós máis esautas, máis intencionadas, eu mismo sinto, na innumerabre postración do ceo e da terra, a puxanza sin voluntá de esta ola cuio último senso é somente un fondo ollar.

2

OS DONOS DO SEU DESTINO

Mais istes outros, iles, Stozer, os músicos, iles si son os donos do seu destino. Eu véxoos así: Madeira lucidía, inacesíbel; outos boscos violáceos. Enfexos, dobregados, corvados baixo o mundo que sostein, estraen a neve, a canela i a esmeralda. Iles tecen a música eilí onde o son remata, onde xa nada se oí si non o rumor dunha vibrante voluntá.

Esforzados eroes, iles outein da tarde o diamante i érguenno cheos de intención, acuidá, fervor, dreitamente.

3

CANZON DE OUTUBRE

Alamo
trémela chama,
copa de outono,
marelo pavor.
Chuvia detida, locente,
intauta.

Virá a noite
en fatos de sombra.
Pasarán envísalas nebras
furando con luz e fragor
delicadas molicies.
Resonará no bosco
a ialba instaurada.

Somentes en ti

páxaros cobre
erguen os ollos pron sol oculto
e, sin cesar,
son mirados.

Somentes o teu serán
hase estinguir xunta túa.

4

O CEGO

Trala fiestra o serán empuxa ós fatos i ós leñadores. As sombras dos homes érguense diante iles. Mais aló o vento caladiño atravesa a alta chaira gandarida. En innumerábeles lugares a noite atui xa a grave acsistencia da pedra i o mar.

Nalgún pazo, diante un espello, os perfumes arrecoxan o candelabro i abondan a chama.

Astros ocultos fain tremelucir de novo aquelas palabras estranas: Inda que cego, podo eu ver.

Semellante a un ámeto, o único posíbele, onde temerosas criaturas confíanse escuramente a unha acsistencia máis inmortal, elas fuxen en min a apariencia, o nome i a amenaza.

5

CORAL

A multitú xabreira do vento
trai hasta eiqui o rumor de escuros rios,
mareas,
praias deixadas.
Clamoreo que o lonxe non vence.

Cantai.
Acaso seiamos ribeira de todo esto.
Un eido onde ó posíbele deterse i afondar.

Cantai o sitio
onde un terríbele desamparo tórnase
máis de aturar, máis doce e de mérito.

ALLUÉ ANDRADE
Calar do Mundo

CARTA DE INGLATERRA

Londres, 27 de outubro de 1968.—Pra esta data convocouse unha manifestación xigante contra a guerra do Vietnam; non se sabe de certo quen a convocóu, pero a cousa está entre Tarik Ali, o dirixente estudantil pakistanés, e a London School of Economics.

Moito antes da data os meios de comunicación trincaron os dentes na historia e andiveron a latricar de violencia e de "student power". Díxose que ía comezar unha revolución e o goberno tomóu medidas de urxencia, como o recrutamento de 7.000 policías das provincias, pra protexer edifizos gubernamentás; tódolos bombeiros de Londres estaban co ollo aberto.

Ora, chegóu o día, e pasóu, e aínda estamos vivos pra contalo.

Desde logo foi unha das meirandes manifestacións (uns 30.000, aínda que se agardaba o doble). Empezóu coa entrega dunha carta ó primeiro ministro en 10, Downing St., e continuóu polas rúas de Londres, Charing Cross, Trafalgar Square, até Hyde Park Corner, onde ía a haber discursos. Pero unha boa parte deles torceron pra Grosvenor Square, onde está a embaixada americana. Por certo que esta embaixada, de costrución recente, está empurrada nun outo, con terrapléns ás beiras, o que fai un asalto moi difícil (os americáns saben o que lle pasa ás súas embaixadas polo mundo adiante). Arredor do bloque había un formigueiro de policías, e, por se fora pouco, endentro estaban os "marines", a espreitar polas fiestras.

Os manifestantes agarrábanse a estacas e facían cargas contra a policía, e no intre berraban insultos; os "bobbies" arrimaban o lombo a rír e todo quedaba en nada. Os dirixentes berraban polos altavoces pra manter a unidade, pero moitos cansáronse decontado e marcharon prá casa.

Arredor dos manifestantes estaban os miróns, pero tan metidos que non se sabía quén era mirón e quén protestón, i eles solos enchían a metá da plaza; a escorregar antre as pernas andaban uns rapaciños a vender xornales (un mercado tan importante non se podía botar de perda); como era a hora do té moitos foron ós bares (coas pancartas enroladas) e a mercar bocadillos (máis dun tendeiro fixo o día coaquela xente). En fin, polo medio de todo andaban a metelo narís os fotógrafos, reporteiros, até equipes de investigadores sociolóxicos a facer inquéritos i encher custionarios: no meio do remuiño estaban atrancados os camións coas cámaras de televisión a viravoltas, e algún probe reporteiro de radio estruchado antra xente.

O barullo duróu hasta o medio da noite. Entón o segredario do interior, Mr. Callaghan, baixóu darlle a man ós policías pola boa laboura. En total houbo catro policías feridos e 40 detencións.

¿E qué diréi do balance da manifestación? A verdá é que foi unha confusión; o motivo principal era a guerra do Vietnam: pero no porcentaxe de pancartas quedóu bastante baixo: "Recoñecede a Biafra", "Liberdade prá Grecia", "Liberdade pra Obi Egbuna", "Tobal de agresores imperia-

listas americáns", "O pobo español está có heroico Vietnam contra o imperialismo USA", etc. Bandeiriñas habías amazo, incluso a americá. O que máis se ouvía era "Ho, Ho, Ho Chi Min", cantado a coro por "hippies" cabeludos a beillar; asubíos, berros, raparigas, artistas, anarquistas, empregados, conservadores, laboristas, tododiós a protestar; unha cheia de estranxeiros a estercalo chán de panfletos.

Nun inquérito pubricado por New Society (31 de outubro) revélase a variedade de motivos dos manifestantes: o 96% protestaba contra a política USA no Vietnam; o 69% contra tódalas cousas USA; 85% contra a política británica en Vietnam; 65% contra a estrutura da sociedade inglesa; 68% contra o capitalismo; 23% contra toda autoridade; é claro que a mór parte protestaba contra todas estas cousas ón tempo.

É relevante tamén que o 70% esperaba violencia na manifestación; 64% estaban comprendidos entre 18 e 24 anos; 14% entre 25 e 34; 11% de menos de 18 e 11% de máis de 35; o 15% eran estranxeiros, o 20% mulleres; 46% universitarios, deles 20% de cencias, 21% de socioloxía, 18% de letras.

Á pergunta de quén era o heroi que máis ademiraban, a mór parte retrucóu que Che Guevara, e despóis Marx e Lenin, e seguindo neste orde, Gandhi, Mao Tse Tung, Trotsky, Lutero King, Bertrand Russell, Presidente Kennedy, Shakespeare, Churchill, Cristo, John Lennon (o beatle), Mustafá Kemal Atatürk, Herbert Marcuse e Félix o gato dos contos de Walt Disney.

Eu non sei qué pensar de todo isto, pero non me estrana que os xornás se encheran de chamarlle recua de parvos a facelo ridículo.

Sexa como sexa veleiquí os feitos: vos tirade as vosas consecuencias.

CARLOS DURAN
Londres

A TORRE DE BABEL, por Lois Diéguez [1]

Os novelistas novos de Galicia, pasada xa a moda da preocupación esperimental, semellan voltos á percura dun novo realismo capaz de sustentar unha auténtica novela popular. Pódese aceptar que o realismo másimo era o que, asentado nunha valoración das técnicas cinematográficas, orixinóu o movimento da *nova narrativa*. Neste caso, como en tantos outros, movémonos nun lindeiro de palabras entorpecedoras, e compriría afinar moito na precisión terminolóxica pra chegar a consideraciós que posiblemente tampouco serían válidas. Chamamos pois realismo, dacordo ca terminoloxía dos manuales, á técnica narrativa na que o novelista construi o seu mundo graduando efectos, planos e distancias en función dun persoaxe clave e dacordo cunha precisa estroituración xeométrica que lembra a rigorista composición dun cadro en que tódolos elementos dispóñense nunha perspeitiva dominada por dous elementos: o tema e máis o protagonista.

O movimento da *nova narrativa*, cuia fecundidade veremos algún día en toda a súa proiección, hoxe aínda apenas albiscada, foi unha rigorosa e necesaria ascesis xurdida do anceio de situar a novelística galega nos modos do seu tempo e de someter á lingoa a unha ximnasia espresiva que posibilitara empresas de máis alcance que as dunha novelística rural. Nacéu este movimento cando a obra de Castelao non era dabondo coñecida polos máis novos. Poida que tamén, dende unha perspeitiva esaxeradamente inteleitoalista, o que hai nas narraciós de Castelao de máis arraizadamente galego semellárallés a algúns, naqueles anos de desconcerto, un curioso refugallo de ruralismo novelesco. O caso é que a *nova narrativa* nacéu de costas ao que podía ser a tradición máis eficaz da novela galega. No seu favor hai que siñalar que pretendéu, e conqueriu, crear unha novelística galega que soportara a comparanza co que daquela se facía nas vangardas da narrativa europea. Méndez Ferrín e máis Raimundo Patiño, demostraron nembargantes que, aparte do que houbera logo na *nova narrativa* de ecóico e imitativo, o movimento encetouse en Galicia independentemente, cando aínda non se tiña noticia da revolución que nas técnicas narrativas andábase a operar en París. É posible pois que a *nova narrativa* nacera en Galicia partindo dunha situación espritoal prósima á que posibilitóu o desenrolo do *nouveau roman*. O novelista quería mostrar a radical soedade do home en conflicto sin resposta co mundo irto e silente das cousas que o limitan. Si o esistencialismo tiña mostrado a radical incomunicabilidade do home, o ouxetivismo narrativo mostraba que nin nas cousas podía atopar unha apoiatura que dera senso ao seu estar no mundo. Com-

[1] Editorial Galaxia. Colección "Illa Nova", 1968.

pletábase así un cerco pecho no que o home quedaba esmagado pola realidade, arrabuñando teimudo na súa interioridade á percura dun fondo de inocencia que poidera xustificala tras tantas catástrofes, e que lle servira de base pra establecer sobor del a posibilidade dunha comunicación eficaz. As cousas eran o límite, a fronteira. Sobor delas nada humán podíase erguer. Compría mostralas ca súa forza aniquiladora, ca súa presencia irreductible a esquemas lóxicos —humáns—, nun propósito fracasado de descarregar sobre elas a responsabilidade do home.

Pero a *nova narrativa* galega morréu de morte natural, cabal o seu ciclo, incapaz de superar as súas limitaciós e a pique de se convertir nun arte pra iniciados, nun *métier* mandarinesco i escolástico, con toda a gracia estéril da perfección valdeira. O que nela había de fecundo, as novas perspeitivas pra achegarse á interioridade do home, podíanse incorporar doadamente ás novas correntes do realismo. Nunha cultura de desenrolo anormal como é a nosa, o esforzo esperimental do ouxetivismo tollía toda posibilidade de proiección colectiva. Impúñase pois unha volta ao xeito clásico de narrar aproveitando canto de fecundo houbera naquela preocupación técnica, e utilizando ésta como medio pra achegarse ao home e inxerilo de novo na colectividade. O primeiro intento totalmente acadado neste aspecto foron os contos de *Vento Ferido* de Carlos Casares. I esta obra é aínda hoxe a máis representativa deste intre de superación da *nova narrativa.*

A Torre de Babel é a primeira novela de Lois Diéguez. Tíñanos dado antes unha presa de poemas —poucos pra establecer sobor deles un xuicio de certa solidez— que revelaban o infruxo de Pimentel. Pero tratábase dun infruxo perfeitamente asimilado; potenciador e non esterilizador. Algunha vez teño pensado que os versos de Pimentel son os que Baroja houbera desexado escrebir. Nada de estraño ten pois que no intre de encetar a súa obra narrativa, Diéguez o faga dende os supostos técnicos de Baroja. A novela de Diéguez é unha novela lineal, un anaco de vida cortada, sin que haxa nela unha nódoa argumental que xustifique o seu comenzo ou o seu fin.A novela podía seguir capíduo tras capíduo, engadíndoselle anécdotas e ouservaciós, impresiós de persoaxes, descripciós dunha realidade vista demoradamente e sin amor. Os límites temporales, como ocurre ás veces en Baroja, non se axustan a unha peripecia argumental. Na novela preséntanos Diéguez un *alter ego* —a base autobiográfica da novela advírtese doadamente— estudante en Madrid, matriculado nunha Escola Técnica, residente nunha "pensión familiar", que vive mornamente un curso escolar no ambente alleo dunha gran cidade, que convive cuns compañeiros cos que non chega a identificarse, e observa ca ollada fría do tímido ouservador un mundo no que nada chega a interesarlle dabondo. A esta concepción lineal da novela acaeríalle mellor, como viron moi ben os novelistas da picaresca, a técnica da primeira persoa, ca identificación absoluta entre autor e protagonista.

A novela céntrase na vida da pensión, cun mostrario de tipos prematuramente vencidos e dunha atonía vital desesperante. A "pensión familiar" ten o pintoresquismo gris e amorfo deste tipo de establecimentos, que non chegan á cómoda impersoalidade do hotel nin posibilitan unha convivencia fonda e cordial. Día a día o protagonista vai vivindo a súa esperencia decepcionante. A vida universitaria, miserenta, encollida, tristeira, é a maior decepción. Os compañeiros non anceian máis que profesionalizarse o máis axiña posible e co menor esforzo, os profesores son incompetentes e irresponsables con raras escepciós, e o poder ilimitado da cátedra sírvelles pra

ocultar a súa frustración e cativeza. Unha universidade de tristes funcionarios que malcumplen ca súa profesión e unha pensión sórdida: estes son os ambentes nos que a novela tece o seu decorrer. A mediocridade é a norma de todos estes persoaxes estrullados polo ambente. Pero neste ambente o protagonista vai atopando sin se decatar os alicerces do que ha ser a súa vida. O mundo esterior, esmagante e sin releve, vaino conformando. Hastra un elemento tan siñificativo como é o desborde da sexualidade xuvenil, queda inconcreto e vagarento na mesquindade dos persoaxes: anceios inconcretos, esperencias furtivas e insatisfactorias, un fondo insondable de timidez e represión. O único aspecto positivo deste anaco da vida dun mozo do noso tempo, é precisamente o descobremento do seu mundo propio, a conscencia de Galicia. E rematado o curso torna o rapaz cara á súa vila cunha sensación de impotencia e de fracaso. "¿Agardabas outra cousa? —Non. Sabía que sucedería así".

É curiosa a ausencia total de humor. E non me refiro á trapallada estúpida da tópica estudiantina. Os estudantes de *A Torre de Babel* son polo menos conscentes da súa limitación e non hai neles nada da suficencia valeira do gamberro. Refírome a un humor que poidera servirlles de defensa diante a vida morna na que se atopan sin albiscar saída nin horizonte. Remata o libro. O estudante vai no tren. "Atrás, cada vez máis lonxe, ficaba un ano, un curso, mil probremas, algunhas aventuras e impresiós. Pero de frente, cara adiante, a vida".

Diéguez ten verdadeiro estilo de narrador. Hai na novela inxenuidades de espresión, pero a prosa é sempre cinguida, sobria i eficaz, con fugas poéticas nalgunhas descripciós, nunca insistentes. Os diálogos son amortecidos, sin releve, indiferenciados, dacordo ca psicoloxía uniforme dos persoaxes. A súa vulgaridade, percurada e a mantenta, crea todo ao longo da novela un ritmo retornante de valeira desespranza. A razón da incomunicabilidade non está nas cousas: as cousas son os máis, os que non dan resposta á nosa espranza.

E tratándose dunha novela convén engadir algo sustancial: a obra síguese sen fatiga do principio ao cabo, malia o seu desenrolo morno e uniforme. Resiste doadamente a proba da lectura, ten vida dabondo pra captar a atención do lector dende a primeira páxina. Esto, tan sinxelo que témolo esquecido muitas veces, é aínda importante nunha novela.

Como en toda narración de mocedade, os elementos autobiográficos dominan sobre o material de auténtica creación. Na medida en que en obras posteriores poida Lois Diéguez superar este prantexamento subxetivo, está a posibilidade de que cumpla a promesa de espléndido narrador que esta novela é.

BASILIO LOSADA

SEMENTEIRA DO VENTO, por Valentín Paz-Andrade [1]

Iste libro de poesías de Valentín Paz-Andrade ábrese, siñificativamente, cun breve prefacio do escritor brasileiro Guilherme de Almeida, titulado académicamente de "príncipe dos poetas do Brasil".. Ese prólogo sucinto non é soio un cumprimento amistoso, ten unha relevancia maior, alén da

[1] Coleición Salnés. Galaxia. Vigo, 1968.

súa aparente banalidade: exprime a vinculación idiomática e cultural de tres povos que andan á percura da súa esencia común: Galicia, Portugal e Brasil. Poucos como Paz-Andrade comprenderon i experimentaron tan lúcidamente ese problema. Xa no seu excelente libro publicado en 1959, *Galicia como tarea*, inxería algunhas páxinas sustanciais sobre da custión do idioma e da cultura, que conservan ainda hoxe enteira validez; apenas se lles debe facer unha adxunción: o número de individuos que falan galego-portugués xa subíu de 70 a máis de 100 millós. Con iste andar, pouco falta pra que a nosa lingua suplante dentro de pouco ó proprio castelán. Conven reflesioar nisto.

As constantes da temática do Autor son as coñecidas figuras esenciais da grei, o labrego e o mariñeiro, que o poeta canta e define niste belo terceto:

Verde vento polas leiras
e vento azul polo mar,
panos da nosa bandeira.

Alén diso, nun friso elexiaco, celebra a aqueles que teñen representado e defendido ó povo nos dominios da cultura: Aquilino Iglesia Alvariño, Ramón Cabanillas e Castelao. A elexía a iste último é a 2.ª edición da que foi publicada no 1955, na cidade de Buenos Aires, *Pranto matricial,* homenaxe sentida e conmovente ó home egrexio, que foi, é e será puro exemplo de galeguidade.

Hai, en fin, todo un ciclo de poemas, escritos no "emparedamento estabulado", como lle chama, con humor negro, o poeta. Desa reclusión entre serranías xurdiu unha peza que é, na nosa opinión, das máis perfeitas do libro, *Rosario ao lume.* É un "flash" impresionante do vivir aldeán da montaña, que nos conduz ós costumes patriarcáis de remotas eras: o xefe entoa a reza ritual, acompañado dos máis, que "compoñen de xoenllos o vivente / friso coral do lume", ouvíndose alá fora os muxidos do gado nos apriscos. Remata cunha alusión a aquel estrano e sombrizo vivir:

Voces, sombras, e fumes...
Dende a nacencia en berce de follato
ós taboleiros da transmigración,
o sarillo da vida montañesa
a súa anguria secular debulla
entre queixa e pregaria.

Diríase que o escritor, eisiliado entre xentes da serra, sentíu mellor que nunca as limitaciós do existir do seu povo, e soupo exprimilas nun fogacho de poesía, que nos deixa rendidos. É o único resultado que tiramos de certas situaciós penosas: coñecernos mellor, através da nosa dór, a disgracia dos outros.

Igoal a iste, outro poema, *A mao do lavrador,* exalta non xa somente a miseria sinón a grandeza do home do campo, do cal ven todo o que a Terra ten de bó:

que todo ven a nós polo vieiro,
pola graza e o arte
de túa mao escrava,
lavrador.

O verso branco, decasílabo, entremeado de hexasílabos, fai vibrar por toda a poesía un entusiasmo heroico, altivo e confiante. É, ademáis, o tipo de versificación máis usado polo poeta, esquema clásico do que soupo tirar bos efeitos e cuios logros, en materia de ritmo, merecían unha individuación máis precisa, que non cabe nistas liñas. O mesmo brío épico no poema *Rústicas nais,* no que se ergue ás mulleres galegas o monumento que lles é debido, pola súa coraxe, abnegación e fecundidade, as grandes "arquiveiras da esencia de unha raza", como lles chama con xusta admiración o Autor.

Pasando do rural ó piscatorio, a triada *Boas vindas, mariñeiros* figúranos a chegada dos homes do mar ó porto galego apetecido:

Pola boca das illas,
denticulada croa na fronteira
da incertidume máxica,
vindes cansos das loitas arxentadas,
co torso ó leu de sal e sol maduro,
anónimos heróis.

E a poesía remata cunha nota ardente e sensual de sadio realismo, traducindo aquela sede de amor, hai tanto tempo insaciada.

En conclusión: iste libro é un breviario de patriotismo galego, no bon sentido da palabra, composto por un home de madurecida experiencia, que cré no seu povo e nas súas empresas do porvir. Canta a súa xente nunha linguaxe rica, forte e ben timbrada, onde están por igoal ausentes o artificio e a banalidade.

M. RODRIGUES LAPA

UN LUGAR EN EL TIEMPO, por Manuel Casado Nieto [1]

Casado Nieto revelouse como poeta nos anos de resurrección da literatura galega tras da etapa do silencio. Publicóu daquela dous volumes de poesía, *Orballo ispido* e *O ronsel do meu silenzo,* dentro da liña imaxinista que, en gran parte por imperativo das circunstancias, dominaba entón na lírica galega. Veu logo unha etapa de aparente alonxamento, na que foi coallando a súa obra, madurecendo paseniño, mentras adicaba os seus esforzos a facer do Centro Galego de Barcelona, que preside, unha verdadeira embaixada da cultura galega. Logo, neste ano xa, revelóuse cunha imprevista fecundidade. Hai poucos meses pubricóu un volume cas versiós galegas do *Eclesiastés,* do *Libro de Xob* e da *Cantiga das Cantigas,* nun fermoso esforzo de recreación idiomática, traballando sobre os testos máis dificultosos do Vello Testamento e vencendo os tollementos que a súa versión á nosa língoa presentaba. Anúnciase ademáis a inmediata pubricación de *Canta de lonxe o corazón do tempo,* algúns de cuios poemas conócense xa por lecturas públicas ou adiantos en revistas, e amostran unha renovación esencial da súa espresión lírica, que incide con voz propia na poesía de denuncia. E agora ofrécenos esta fermosa novela, tan distante do que estamos afeitos a ver presentado como "novela de tema gallego".

(1) Editorial Planeta; Barcelona, 1968.

Un lugar en el tiempo é a primeira novela de Casado Nieto, pero nada hai nela de vacilación ou desgoberno. É unha obra traballada teimudamente, coidádísima na espresión e construida nunha espléndida gradación de efectos. O tema é moi sinxelo, e non novo: un rapaz, en conflicto co seu mundo e ca familia, inzado dunha inconcreta arela de aventura, decepcionado polos homes que o arrodean, decide deleixar o seu logar pra encetar unha vida propia lonxe de tollementos e tutelas. A obra remata ca volta do rapaz, nunha conscente reintegración á terra, á percura das súas raiceiras.

Sobor deste tema construi Casado Nieto a súa novela ao xeito clásico, cunha demorada gradación de perspeitivas, con sombras e luces meditadas, situando aos persoaxes nunha rigorosa disposición de planos en fondura, con todo o vello arte da novela enxergada dende fora e unitariamente, arredor dun persoaxe e dun tema desenrolado a un ritmo sempre mesurado e calmo. O persoaxe central —aínda que non o protagonista— que dá senso á novela é don Siro Pardo, unha noble figura de señor vilego, home de sereo vivir, sólidamente asentado na fidelidade á estirpe e á terra, afeito ao decorrer grave e fondo da vida labrega. Ao seu redor, en contraste, unha morea de figurós dunha ledicia valdeira, unha xolda de esmorgantes e pándigos, comellós sin tasa, deitamozas e baduás, "una manada de heliogábalos, ávidos de vino y de apresar arrobas de viandas con las quijadas".

Por un momento semella que o autor decanta a súa simpatía por este fato godalleiro. Son varias páxinas nas que nunha sucesión de vívidas anécdotas vainos dando o perfil dos persoaxes ca gracia realista das historias de trasbotica. Diante esta caste de políticos sin fe e sin servicios, de fidalgos sin exemplaridade, de gargantós descomedidos, caciques desleixados e vellos baldreus, parece lóxico que o rapaz protagonista sinta noxo, e pra evitar que apodreza a súa vida nunha presencia valdeira e sin senso decide deixar a súa carreira e marchar a América sin máis seguranza que a súa vocación de pintor.

Na novela non sale o pobo mellor parado: labregos cobexosos, mozas de moi abalada virtude, xentes ruís, tolleitas pola máis lorda ambición, aviciados pola miseria, danados por unha sumisión de séculos. Desfilan moitos tipos por estas páxinas —muitos deles trazados ca vivacidade do observado e coñecido— comestos todos pola miseria ou pola estulticia; pero o procedemento descriptivo de Casado está lonxe de calquer influxo expresionista. Non deforma a realidade nin a abaixa. Amóstranola, sinxelamente. E faino cun estilo traballado no que cada adxetivo está pesado e medido co hábito do xurista afeito a precisar o lindeiro semántico da palabra e a axustala na frase cun pouso demorado e ás veces solemne, sin que se atope a máis leve siñal de improvisación e aínda ás veces cun traballo escesivo na sintaxis. A inserción dos sucesos secundarios na trama fundamental, que podería convertir a novela nunha sucesión de anécdotas desfiañadas, resólvese dun xeito natural, sin crebar o ritmo equilibrado da narración.

Hai algo no que a novela de Casado resulta exemprar: a diñidade con que resolve os problemas da duplicidade idiomática dos persoaxes. A acción da novela decorre en Galicia. Era doado pois caer nun cómodo tipismo espresivo a base de diminutivos a eito, ou nunha imitación máis ou menos achegada a modelos valle-inclanescos. Casado salva exemplarmente o peligro. O diálogo —vivo sempre, áxil i espresivo, ben axustado aos persoaxes— non fai a mínima concesión aos tópicos irritantes da "novela regio-

nal". A peculiaridade da expresión costelán destes labregos ten unha nota de peculiaridade xamáis forzada. Fora do tópico está tamén a descripción das paisaxes —a Galicia brava das serras do interior— e aínda a visión dunha romaxe na que coidadosamente evita todo tipismo superficial.

Técnicamente a novela acadaría unha maior veracidade si en troques de cinguirse teimudamente ao xeito realista convencional, sin máis concesión á novedade que algún "flash back", houbera utilizado nalgúns casos o monólogo interior, que ás veces resultaría incluso comenente e non un simple luxo de habelencia técnica. Poderíase así chegar máis ao fondo nas razós da fuxida do rapaz, e xustificaríase mellor a súa volta tras do aparente fracaso da súa carreira de pintor.

A novela gana muito tras das primeiras vinte páxinas, ca introducción dos persoaxes do cacicado de Cumio de Deza —nome tras do que doadamente adivínase o Castro Caldelas natal de Casado— e sigue logo ganando en interés hastra o remate sin que se tronce en nengún momento o ritmo sereo da narración. As primeiras páxinas, nas que se trazan con liñas moi precisas os caracteres dos persoaxes centrales, resultan un pouco vagarosas, e quizáis houbera sido mellor apoialas no diálogo —no que Casado é estremadamente hábil— en troques de insistir na definición dos caracteres.

Un anaco da Galicia montesía, maniféstase nestas páxinas casteláns dun poeta galego. Unha Galicia non moi lonxana no tempo, e posiblemente e prá nosa desgracia aínda non desaparecida. Casado ás veces atrévese a xuzgala e faino con dureza. Bulen nesta Galicia, en rolda de figurós e figurantes, o político valeiro e cobexoso, o fidalgo que esquece a nobleza da súa aboenza nun intre de debilidade erótica, o madulán godalleiro que vive emporcailado co seu harén, e toda unha tropa de parásitos e lacazás ca súa lascivia triste de casino vilego. Fora deles, os homes do pobo, non mellores, asoballados pola súa iñorancia e polo hábito da sumisión; os alleados, dito con espresión de hoxe, como o criado Norberto, que dí suiñamente: "No hay que oponerse a lo que establecieron los viejos. Ni descender el señor de su lugar, ni querer ser caballo el que nació para borrico". Diante este mundo esmagado no máis miserento conformismo, a rebeldía do Moncho Pardo é a única espranza.

BASILIO LOSADA

EL PENSAMIENTO DE AMOR RUIBAL, por C. A. Baliñas [1]

Hai libros que teñen a sorte da oportunidade urxente, que caen coma unha semente nunha espranza. Este que presentamos, é un. O profesor Baliñas ven de realizar unha tarefa longamente agardada.

O pensamento de Amor Ruibal padeceu un dos ocultamentos máis teimudos e pesados da historia — neste caso non hai por qué temer as palabras grandes. Pero fai xa uns anos que empezóu a agromar en puntos múltiples e de xeitos moi dispares. A preocupación polas súas ideas faise cada

[1] Una revisión de la filosofía a la luz de la correlatividad. Edit. Nacional. Madrid, 1968, 264 páxs.

día máis patente. Estamos diante dun dos casos máis claros, onde a presión dun pensamento xenuino acaba rompendo a opacidade do descoido e do silencio, ás veces hostil.

Esto facía cada vez máis urxente dar un cante a tales inquedanzas, ofrecer unha guía ós que sentían a tentación de esplorar este novo continente. Hai xa traballos moi meritorios sobre diversos puntos: Gómez Ledo, Delgado Varela, Saturnino Casas, Barreiro Gómez... son, entre outros, nomes que o confirman. Pero é Baliñas quen nos ofrece a primeira obra de conxunto, a primeira introducción verdadeiramente tal. Somentes esto abondaría pra recibila con verdadeiro agradecimento.

Pero ademáis esta introducción preséntase con valores intrínsecos máis ca suficientes pra adicarlle un breve análisis.

A obra está dinámicamente concebida: parte das orixens e busca as perspeitivas de futuro. O leitor sai dela ambientado. A. R. deixa de ser un desconocido, ou na maioría dos casos un rumor confuso, pra se convertir nunha figura encarnada, que realiza unha das aventuras máis ousadas e fondas —anque non das máis algareiras— do pensamento cristián contemporáneo.

Anque o leitor deberá ter en conta que esta dimensión arriscada e aventureira só poderá quedar completamente patente enfocando a obra na totalidade da súa perspeitiva teolóxica. Polo demáis o mesmo Baliñas encárgase de deixárnolo avisado: "Si se tratase de comprender biográficamente su mundo ideológico, ello debería ser intentado desde la teología y por un teólogo" (p. IX). Mais adiante ponnos na pista dunha peculiarísima tensión entre o teolóxico e o filosófico neste home de eirexa, que buscando o sobrenatural sinte a paixón do natural, que buscando facer teoloxía detense morosamente na filosofía (cfr. p. XIII). Tensión ben resumida na primeira frase da conclusión: "El mundo de ideas aquí estudiado tiene su centro en la Teología, pero su punto de apoyo en la Filosofía" (p. 231). Se insistimos neste punto é porque o coidamos esencial pra poder albiscar xiquera a fonda humanidade que latexa baixo as páxinas e baixo vida aparentemente tan "ouxetivas" do coengo compostelán. Neste senso a introducción filosófica de Baliñas agarda ser completada por unha introducción teolóxica. Non en balde viviu A. R. un dos intres máis apaixoantes e influintes da teoloxía católica.

No método da esposición é fundamental, no libro analizado, o contraste vivo ca escolástica. Que é nefeito o trasfondo radical deste pensador educado dentro dun seminario, no momento álxido da volta oficial á escolástica. De feito o seu intento pode ser esaitamente definido coma un esforzo por romper esa volta atrás, coma un intento casi desesperado por abrir o pensamento católico ás eisixencias do pensamento moderno, copernicano e histórico.

Tal esforzo patentiza o outro polo que determina o campo de tensións onde se xesta a súa creación: o polo da aitualidade, contraposto ó escolástico de onde parte. Este polo está tamén presente na obra de Baliñas, aínda que ó leitor pouco atento lle poida pasar inadvertido no que pró autor tivo de tensa e aitual vixencia. Porque Baliñas danos esto nuns escelentes estudos comparativos, nos que o pensamento de A. R. aparécesenos no mesmo paralelo de aitualidade —sempre co seu estilo peculiar— dos esforzos dun N. Hartmann e dun Heidegger. E dende logo subráiase a súa auténtica modernidade frente a un Maréchal, "mucho más conservador" (p. 77 n. 11), considerado por moitos coma un dos grandes aitualizadores

do pensamento católico aitual. O contraste con A. R. acabará por facer ver que, tanto ou máis ca de aitualizadora, a liña do seu pensamento é un freo na boca do pensamento católico.

No método concreto da esposición Baliñas axústase espresamente ó método "sinóptico-correlacionista" de A. R —frente ó tradicional "aditivo-absolutista"—. Analiza moi ben a mutua implicación dos problemas do *ser* e do *conocer*, implicación que ven ser o eixo sobre do que xira, coma todo pensamento auténtico, o pensamento filosófico e teolóxico de A. R. O conocimento adiántase na esposición nun tratamento parcial baixo o epígrafe de "Una nueva teoría de la abstracción", pra ser retomado —esta vez con toda a súa carga ontolóxica— unha volta tratado o problema do ser, baixo a luz da "teoría da correlatividade".

A correlatividade é, sin dúbida, o aspeito do pensamento ruibalista máis estudado deica agora: coido que o estudo de Baliñas é con moito o millor e máis completo. En troques paréceme que o tratamento do conocimento, cheo de valiosas suxerencias, non acabóu de desplegar a súa potencialidade esencial. No leitor non iniciado pode deixar unha equívoca impresión de marcado caráiter nominalista, sin suficiente peso ontolóxico. Dende logo hai en A. R. un serio aprecio do intento nominalista — tamén nesto soupo ser precursor. Pero sería fatal unha indebida aproisimación nun autor coma A. R. que, ó meu parecer, siñifica un dos esforzos máis conscientes —anque non dos máis esplicitados temáticamente—nesa fase, inaugurada xa ó seu modo por Hegel, de reconquista *crítica* do ouxeto polo suxeito, despóis do divorcio que caraiteriza a entrada da época moderna. O desenrolo deste tema non pertenecía evidentemente a unha introducción, pero quizáis non estea fora de lugar indicalo nunha recensión: poida que non todos estean de acordo ca nosa apreciación desta face do pensamento do maestro, pero, polo menos, pode ser unha interesante e frutuosa liña de investigación.

Baixar a máis detalles sería quizáis caer na tentación de facerlle unha introducción á Introducción, i esta é xa sobradamente clara de seu. Indiquemos únicamente que non somentes na claridade, na aitualidade e na sensibilidade é a de Baliñas unha obra escelente; éo tamén na seriedade. Representa o fruto maduro dunha adicación que foi agromando en numerosos e coidados ensaios, que aquí, por espreso desexo do autor, quedan auténticamente *aufgehoben*: retomados a un nivel superior que anula a anterior esposición: "Las partes que no hayan sido recogidas y a que no se haga referencia quedan desde ahora desautorizadas por ser meros estadios transitorios de un pensameinto en maduración" (p. XVI).

Agora somentes nos queda agardar e augurar que o profesor Baliñas nos faga partícipes, mais alá desta presentación introductoria, dos ulteriores estadios da súa profundación nun pensamento que encerra aínda o millor —por máis fondo e recatado; moitas veces por aínda xerminal— do seu contido.

ANDRES TORRES QUEIRUGA

LENGUA Y ESTILO DE CURROS ENRÍQUEZ, por Jesús Alonso Montero [1]

Alonso Montero é entre os ensaístas galegos de hoxe o que mostra unha maior preocupación polo estudo da obra e a persoalidade de Curros.

[1] Ediciós Celta. Lugo, 1968.

Son xa numerosos os artigos que lle leva adicado ao noso gran poeta civil do XIX, e aínda hai pouco presentóu na Universidade de Salamanca a súa tesi doutoral, cuio estracto é a publicación que comentamos. O sucinto volume, de pouco máis de cincoenta páxinas, é apenas o índice de temas da tesi presentada. Esperamos que algún día publíquese ésta enteira e teñamos así o primeiro traballo estenso e sólido encol do estilo e a concencia lingoística de Curros. Hastra o de agora lévanse pubricadas varias biografías, e a mellor é a de Celso Emilio Ferreiro, tan achegado á figura de Curros na súa persoalidade e na súa obra. Encol do estilo non tiñamos máis traballos válidos que o de Carballo Calero na súa Historia da Literatura Galega, e algúns outros, encol de aspeitos parciales, a língoa especialmente, de Carré, Fernández Pousa e Iglesia Alvariño.

Siñalóu Carballo Calero cómo a obra de Curros é unha das máis curiosas resurrecciós poéticas destes anos. Hai pouco aínda que os poemas do noso poeta civil eran rexeitados por prosaicos, por blasfemos, por impuros. Hoxe, afirmaciós semellantes resultarían polo menos discutibles cando non ridículas. Xa sabemos que non hai temas poéticos e temas prosaicos, senón xeitos, maneiras ou estilos. En canto ao talante relixioso de Curros, fáltanos aínda un estudio que aborde o tema dende o ángulo católico postconciliar. Pódese sentar, sin embargo, unha afirmación básica e previa a todo achegamente dende este ángulo relixioso: a imposibilidade de Curros para o ateísmo. O seu ímpetu blasfematorio, que abraióu no seu tempo ás beatas —non sei si hoxe cambeóu a reacción— demostra si máis non que necesitaba a Deus apaixoadamente, aínda que fora como enemigo. Nesto foi tamén un home do seu século.

Políticamente, Curros viviu ao másimo as contradicciós do seu tempo. É un liberal do XIX que dende os tópicos da súa postura ideolóxica descobre a Galicia como problema. Loitan nel o lastre tópico dunha ideoloxía de partido —o progreso como mito fundamental e a libertade como suposto previo—, que o levaría lóxicamente a un centralismo a ultranza, cunha nidia e doorida intuición dos problemas de Galicia, que sólo dende unha conscencia plena e operante dos alicerces da súa persoalidade diferenciada podían atopar solución. E resolve o conflicto, cando xa non atopa máis saída, nunha reviravolta humorística ben perceptible na Introdución a *Aires da miña terra*. Esta intuición de que o prantexamento auténticamente liberal sólo se podía facer en Galicia partindo da súa existencia diferenciada, nunca foi nel moi crara, nin podía selo dende os supostos liberales do seu tempo. Entre os movimentos socio-políticos do XIX o único que tiña unha crara concencia da problemática da convivencia cultural en España era o carlismo. A desgracia foi que, asentada a súa postura nunha custión mínima de nomes e homes —xa nin siquera dinástica— e convocando ao seu redor a todo o que había de máis reaccionario no seu tempo, tolleu as súas posibilidás, que foron indudables i efectivas noutros ámetos —como Cataluña ou Vasconia— cultural e socialmente máis avanzados que Galicia. O carlismo galego nunca foi máis que un apéndice, sen arraizamento no país, sen comprensión pra os seus problemas .Perdeu así a posibilidade de convertirse nunca forza importante i eficaz, nun impulso dinámico.

Curros, como liberal do XIX, tiña que ser —aínda que fora solo por disciplina inteleitoal— un centralista a ultranza. E non o foi. Ehí está o máis válido, o máis sorprendente da súa contradicción íntima. Curros, burgués —polo menos de vocación— descobre o pobo, e oscuramente albisca que non pode haber unha posición auténticamente liberal que non se

asente na comprensión básica da realidade esencial dunha cultura diferenciada. Curros chega ao pobo por un impulso de xenerosidade cordial, como tantos outros liberales galegos do XIX o fixeron, individualmente. A súa incomprensión fundamental do socialismo foi outra das curiosas contradicciós desta persoalidade que non chegóu a superar nunca por completo as limitaciós do seu momento histórico. O estudo destas contradicciós daríanos hoxe unha visión cabal de Curros, mostraríanos o perfiil total dun home que tivo polo menos unha gran virtude, loitar infatigablemente por superar as súas limitaciós. Esperamos que algún día nos dea Alonso Montero unha interpretación de Curros dende o ángulo das súas contradicciós.

O estudo agora publicado —que repito é apenas o índice dunha brilante tesi doutoral— cínguese esclusivamente aos problemas da língoa e do estilo. Analiza Alonso a situación do galego literario do XIX. Interesantísimo é o estudo deste contorno lingoístico e da problemática que presenta en Rosalía e os escritores do primeiro renacemento, cas vacilaciós entre a língoa oral e a língoa literaria e os vieiros que se lle presentaban ao escritor pra forxar unha língoa con plena capacidade espresiva a tódolos niveles.

Especial interés ten o análise da opción lingoística de Curros, ou polo menos das razós que o levaron a adoptar o galego naquela parte da súa producción que sentía como máis íntima e non profesional. Cita Alonso un artigo do 1895 e outros testos nos que Curros esfórzase en demostrar que o cultivo das língoas minoritarias non era tollemento algún prá causa do progreso. Testo importante é tamén ao respecto o limiar a *Soidades* de Lugrís Freire. E non se esquece o feito de que a concencia lingoística de Curros o leva a preconizar e loitar decididamente pola creación dunha Academia da Língoa Galega. Todos estes testos, que no estracto da tesi resúmense nunha simple cita, conviría pubricalos íntegros e supoño que o serán cando a tesi compreta saia a lus.

A parte máis estensa do libro vai adicada ao estudo demorado da língoa de Curros, partindo do conocemento do dialecto de Celanova. A historia das súas vacilaciós ortográficas mostra esta concencia de depuración lingoística. Curros non pode recurrir ao camiño seguido polos poetas contemporáneos, resucitando—"resurreccionando", mellor—lícitamente, aínda que non sempre con mesura, medievalismos que na época de Curros non se podían coñecer. O camiño entón era a aceptación de lusismos, laboura na que Curros mostróu un tino e un senso filolóxico moi notables. Alonso Montero estudóu, cando lle foi posible, os manuscritos e probas silvestres dos poemas nas ediciós menos utilizadas, analizando as variantes dictadas cáseque sempre por un afán de descastelanización que nunca levóu Curros a estremos escesivos. Máis que hiperenxebrismos hai en Curros seudopopularismos, no que se salva nembargantes por un senso depurador da língoa.

Trátase, pois, dun análise espléndido —e probablemente esaustivo— da língoa de Curros, o que val tanto como decir dos problemas cos que se atoparon os poetas galegos do XIX ao transformar unha língoa socialmente desprestixiada —sentida polos que a falaban coma un estigma de inferioridade social— en estormento espresivo de posibilidades plenas. Unha vez máis temos que lamentar que este traballo, de immportancia decisiva pra unha valoración cabal do noso renacemento, non nos poida polo de agora ser coñecido na súa totalidade. I esperamos que a súa pubricación non se demore escesivamente.

BASILIO LOSADA

CARTAS DE GALICIA, de Prosper Henri Devos [1]

O poeta belga Próspero Enrique Devos, o ano 1912, fixo unha viaxe por Galicia, como enviado especial do xornal "L'Etoile Belge", co ouxeto de dar conta da loita sostida polo xeneral Paiva Couceiro, pra restaurar a Monarquía portuguesa.

Xornalista e poeta, traguía esa misión e máis o estudio do teatro español. En vez de ser "cronista de guerra", foi o poeta que deixóu que os seus sentimentos camiñasen polos vieiros da Poesía, que achaba en todos os rincóns de Galicia. A súa ialma de "poeta grande" deixouse impresionar pola nosa beleza, encheuse do arume galego, i escomenzóu a escribir unhas cartas nas que amosaba á nosa Terra, ós seus paisáns. Istas oito cartas, pubricadas no xornal dito, e reeditadas máis veces, son unha sentida homaxe do poeta é noso pobo que soupo comprender perfeitamente.

Na pirmeira das cartas—Vigo, 8 de setembro de 1912—que tidúa "Emigrantes i Emigrados", olla a traxedia arrepiante dun pobo que perde o seu celme, mandando á emigración ós labregos que perderon o froito e teñen de pasar fame, habendo baixo o chan minerais da mellor calidade, riquezas que ninguén quer acadar. Tamén olla ós revolucionarios, defensores do rei Don Manoel, desfeitos, vencidos, atormentados pola vergoña, que fuxen a outras terras irmáns, que lle ofercen cobixo—i abandoando a súa por mór dun Rei que, como di Devos, nin siquer se ha lembrar deles. O poeta sinte eiquí a delor da fuxida, por fame ou perda de liberdade i el, amante de ésta, comprende a loita intensa dos eispatriados e sofre as súas mágoas.

Data do 12 do setembro, ten a segunda carta. A rada de Vigo é, pra el, obra maiestra da Natureza. Coñécese que percorreu todas as rúas da cibdade, ollando a súa beleza cos ollos da súa ialma de poeta. Paresce que, cal notario, levanta aita dos seus paseios, e diante de nós pasan as rúas, as casas, as murallas, a alameda e as fontes, os cañóns, o castelo; e pola noite contempra ás raparigas, na Alameda. "De esta moitedume de raparigas faladoras sae un marmurio, case un cramor no que a música debece e se absorbe...", di o poeta. E logo, a entrada no Café Brasil, pra ollar as bailarinas i os paiasos, i escandalizarse, un pouco, "das familiaridades que se toma coa relixión a católica España". Adicada toda a VIGO, eisí a tiduóu.

A terceira carta, é do mesmo día. Chamouna "A cita nouturna". Cando fechaba as contras das fiestras do seu ban, foi chamado por un amigo, murciano, pra presenciar un duelo, fracasado, pois debendo ser un segredo de poucos, como era de agardar, foi segredo de moitos e "todo o mellor de Vigo", disposto a encamiñarse ó campo de aviación de Balaídos, foi solprendido pola Policía e Garda Civil, que eisixiron que cada ún marchase prá súa casa. Quedóu sin efeito o duelo, i o poeta pudo, unha vez máis, sentir a poesía das rúas viguesas nas horas do abrente, cando os rapaces escomenzaban a vender os xornaes.

"Santiago", tíduo da carta número catro. Di que o arredaban oitenta kilómetros da catedral compostelana. Escolleu o tren misto, pra ter o pracer de se misturar "cos meus galegos". Poéticamente describe o seu paso pola cibdade. Fai unha pequena historia da Catedral, transcribindo a Ger-

[1] **Xosé Ramón e Fernández Oxea.—"Cartas de Galicia".—Prosper Henri Devos. Galaxia. 1968.**

mond de Lavigne, e comproba que a voz das campás santiaguesas é a máis belida do mundo. Describe o altar maior e ademírase de todo. Dende a fermosa Alameda (a Ferradura) descobre "un panorama soberbio": a campía de Compostela i a propia cibdade. E dase conta do enganado que estaba o seu amigo Carlos Martué.

O día 15 do setembro, na Praza de Touros da Cruña, Celita tomaba a alternativa de mans de Bienvenida (o Papa Negro). A afición galega, as autoridades, xuntáronse na Cibdade de Cristal, i aló foi o poeta. Nin o mellor cronista taurino faría unha reseña somellante. Todo o colorido da festa levouno ó papel, i o entusiasmo duns espeitadores que anque non teñen sona de entendidos, son fillos dos que viron por vez pirmeira, na España, o correr touros. (Os datos máis antergos que temos no noso arquivo respeito a Noia, corresponden á pirmeira mitade do século XVI). I á carta, escrita o 21 do setembro, chamouna "A investidura dun matador".

Aproveita a estadía na Cruña, pasa logo a Lugo, i o día 23 escribe a súa sesta carta: "A Cruña e os miradores" — "Lugo e os amigos dos árbres".—A Marineda chámalle "un Vigo máis rico e menos elegante". Os miradores (as galeirías) lle non agradan —como a separación, nas rúas, de ricos e probes—), e romata por decir que é "cidade santa da monotonía, tumba da arquiteitura".—De noite vaise pra Lugo. Nista fermosa cibdade percorre as murallas, olla os xardíns o val do Miño, "riseiro como unha paisaxe da Francia". Lé os letreiros da Festa do Arbre, pro éstos non pode ollalos, pois, según nos di o tradutor, plantáranse nas mesmas murallas e murcharon presto.

A carta número sete, non ten data. Chámase "O orgulo galego". Uns paisanos dixeran ó poeta que as cibdades galegas meirandes eran Buenos Aires, Habana e Madrid. Soupo, tamén, dos aldraxes de que sempre foi víctima o cibdadán galego. Unha meniña axudoulle, en Monforte, a rubir as maletas ó tren. Iba á feira coa súa mai i outros familiares. Nela, grandes ollos "morenos, tan amorosiños e tan tristeiros". A nena é tuteada por un alemán, i o poeta olla coma "dúas grosas bágoas" enchían os seus ollos, cicáis comparando iste trato co que Devos lle dera: "¡Chamoulle cativa e tuteouna diante de mín que lle falara como a unha dama!". O poeta contesta duramente ó alemán, e pergunta ós seus leitores, pra facer comprender o orgulo galego: ¿Vístedes endexamáis ós nosos aldeáns caírlles as bágoas por se ouvir tutear por un señor?".

Chega a Ourense. Dende alí manda a carta oitava, que tidúa "Ourense e o poeta Sanjurjo". A súa data é o 15 do outubro. Fala do Cristo, das Burgas, do tesouro da Catedral e dos demáis moimentos. Ten íntima relación con D. Eduardo del Palacio e con D. Primitivo Sanjurjo, mañífico poeta de quén presenta un soneto, o poema "Las Garzas", a oda "Afrodita" e dous sonetos máis: "El Barco" e "La Poesía", do libro "Mesetas ideales". Louva a poesía de Sanjurjo, di que ten asegurado un lugar na poesía castelán, e termina adevirtindo que ista é a derradeira Carta de Galicia.

Cicáis fixemos un pouco longa ista síntesis das Cartas de Devos. Son o sentimento dun poeta que soupo penetrar na entrana de Galicia.

Ista obra era totalmente descoñecida pra os galegos de hoxe, e de fai moitos anos, tamén. Ise gran galego que é Xosé Ramón e Fernández-Oxea

fixo a versión galega que pubricóu a editora de Galicia: "GALAXIA". Fernández-Oxea, a quen tanto debemos moitos dos que nos adicamos a estudar cousas da Terra —folklore, heráldica, historia—, foi amigo de Devos, pese á súa pouca edade, pois romatara entón o Bachillerato "i estrenaba os primeiros pantalóns longos". Por el, que puxo limiar a istas Cartas i unha nota biográfica de Devos, sabemos das amizades que éste fixo en Ourense. Xa era entón famoso novelista. O traductor fálanos do poeta, das súas obras, dos seus ésitos; tamén do seu amor á Patria, que o levóu a loitar nas trincheras e morrer defendendo a Bélxica cando tiña, ren máis que 25 anos. Héroe e mártir lle chama, e con razón. Só un privilexiado coma Ben-Cho-Shei, pudo amosarnos ó poeta na súa dimensión espritoal, da meirande ampritude. Foi héroe na loita e mártir, porque unha "bala perdida", como ben di o seu amigo, acabóu ca súa vida nun campo alemán de prisioeiros.

O poema REMEMBER, datado no Santos de 1914, en traducción castelá feita por D. Eduardo del Palacio, inclúiese no libro. A dór inmensa do poeta está presente en todos os seus versos:

Escomenza:

"Iste é o mes no que os mortos teñen frores na súa tomba.
"Pro hoxe ¿quén poderá levarllas si padecen dóres a milleiros?
"A tenra nai agonía, non hai belga que non morra;
"Desertos os camposantos, as cruces non teñen frores."

Pra romatar:

"Outono trunfal alfombre cos seus tapices de raso,
as follas secas caídas, o roxo camposanto que é a miña Terra".

O poeta Devos non pudo voltar a Galicia, ollar a súa normal evolución, coñecer máis prefundamente a nosa poesía. Había ser un novo García Lorca, trovando na nosa lingoa e romatando por chamarse galego. Polas nosas rías baixas faría, á cotío, descobrimentos novos, e sabería, tamén, que aquel "orgulo galego" desapareceu, porque, conscentes da súa valía, os galegos xa non se consideran humillados. Dendes o Máis Alá, o poeta que comprendeu e amóu a Galicia, olla o noso rexurdir e sinte, por ista razón, fonda lediza, pois tamén no ceo pódese sentir lediza pola felicidade dos humáns.

Galicia ten de agradecer a Fernández-Oxea a laboura realizada. Iste escritor, cunha bibliografía moi eistensa, loita de cote pra presentar todo aquelo que seña louvanza da Terra que o veu nascer; laboura que agardamos teña o premio que meresce.

As "Cartas de Galicia" é un éisito doble: de Fernández-Oxea e de "Galaxia".

MANUEL FABEIRO GOMEZ

O "ONOMÁSTICO" DO P. SARMIENTO

Cúmplese niste ano o segundo centenario do *Onomástico etimológico de la lengua gallega,* curiosísimo tratado escrito por Frai Martín Sarmiento no ano 1768.

En lembranza diste importante feito cultural, reproducimos algunhas frases do estudo que encol da obra do frade bieito, ten realizado o Prof. Joseph M. Piel:

Cando tomamos por primeira vez contacto con ista semasioloxía do galego —e así cómo se podería traducir o título do *Onomástico*—, ficamos cautivados pola agudeza e frescura de esprito que das súas páxinas se desprendían, pola intuición moitas veces xenial con que o P. Sarmiento sabe encamiñar a solución dun problema etimolóxico, pola súa arte de reducir á espresión máis simple custiós complexas, polo ton despretencioso e ó mesmo tempo vigoroso e non raro pintoresco con que espón as súas ideias, sempre orixinás e impregnadas dunha forte persoalidade.

¿En qué reside ista orixinalidad? Un dos seus aspectos xa foi posto de releve nun lúcido opúsculo polo Dr. Filgueira Valverde. Referímonos ó "grandioso" plan de estudos galegos, concebido por Fr. Martín, e que revela un poder de orgaización e de construción verdadeiramente asombroso. Foi pena que as circunstancias da vida do P. Sarmiento, que o mantiveron lonxe da súa querida Galicia, no lle permitisen poñer el mesmo en execución tan vasto e ben pensado proieito —nada menos que unha enciclopedia científica de Galicia—, pois non foi a "garra" nin a capacidade de traballo que lle faltaran para tanto. Mais, aínda así, deixounos importantes fragmentos dista magna obra, os cales, desgraciadamente, se non atopan recollidos i estudados como merecen.

No que toca ó *Onomástico* trátase de algo máis que dun fragmento. Ademáis dun léxico etimolóxico razonado, é tamén unha auténtica *Défense et Illustration* do idioma galego. A doutriña que o P. Sarmiento espón eiquí en materia etimolóxica é tan sana, que aínda hoxe un filólogo se podería guiar por ela.

Foi certamente ó P. Sarmiento a quen primeiro se lle ocurríu a ideia dun diccionario etimolóxico románico, como veu ser realizado máis tarde por Diez, Meyer-Lübke e Wartburg, os que infelizmente non podían ter conocemento do seu orixinal precursor.

Sarmiento foi un esprito inquedo, que se non subordinaba doadamente á discipriña dun plan preestabrecido. O *Onomástico* está escrito ó correr da pluma, nun ton de *charla,* un asunto puxando ó outro, con saltos ás veces imprevistos. Abonda con se fixar nos tíduos dos capítulos en que divide o seu manuscrito, pra ter unha ideia da complexidade dista estrana obra.

Pra o Prof. Piel, ó cabo, "a rehabilitación do grande defensor da língua galega digno sucesor dun Nebrija, dun Aldrete e dun Covarrubias, camiña a pasos largos".

DICIONARIO DOS ESCRITORES IBÉRICOS

En Praga ven de aparecer un "Diccionario dos escritores ibéricos", do que é autor o prof. Zdenek Hampl, de Karlovy University.

Consta de seis capítulos, corespondentes ás literaturas castelá, portuguesa, catalá, galega e vasca..

Na parte adicada á literatura galega figura unha introdución sobre a evolución histórica da mesma nas súas dúas grandes épocas, medieval e moderna, e logo 23 breves capítulos sobre outros tantos nomes de nosa literatura.

O prof. Zdenek Hampl é un prestixioso filólogo, con merecido creto nos meios romanísticos europeos.

Iste Diccionario de escritores que ven de aparecer coa súa firma, é o froito dun esforzado labor de anos nos eidos das diferentes literaturas ibéricas.



TESES DE LICENCIATURA DE TEMA GALEGO NA FACULDADE DE LETRAS DE SANTIAGO

Nos primeiros días de novembro constituíronse os tribunás encarregados de xulgar as teses para o grado de Licenciatura presentadas na Faculdade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago. Antre ditas teses figuran as seguintes, de tema galego, redactadas polos Licenciados que tamén se mencionan.

Dos portadas destruidas de la Catedral de Santiago (D. Serafín Moralejo Álvarez).

Sobre el Renacimiento en Galicia. La escultura en el primer tercio del siglo XVI (Dona María Teresa Novo Domínguez).

Yacimientos arqueológicos prerromanos del Ayuntamiento de Santiago de Compostela (D. Fernando Acuña Castroviejo).

El folklore de los castros gallegos (D. José Manuel González Reboredo).

El Monasterio de Santa María de Montederramo (D. Manuel Varela Espiñeira).

El libro III de Testamentos del Hospital Real de Santiago (Dona Marta Batanero Díaz).

Documentos del notario Pedro de Lagoa para la Catedral de Tuy (Dona María de Guadalupe Posada).

Fala e cousas de Toba (Dona Susana López Facal).

Formaciones expresivas en gallego. Voces de animales (Dona Hilda Otero Pérez).

Vida mariñeira de Sada. Contribución pra un estudio lingüístico (Dona Carmen Ríos Panisse).

Formas romances en el Tumbo C de la Catedral de Santiago, I (Dona María Dolores Fernández Fernández).

Formas romances en el Tumbo C de la Catedral de Santiago, II (Dona María Teresa Martínez Cachafeiro).

MENÉNDEZ PIDAL

Finouse en Madrid ós 99 anos de edá, D. Ramón Menéndez Pidal. O grande filólogo español nacera na Coruña o ano 1869. Pasóu a vida enteira revisando, axustando, aitualizando as súas pescudas, en incesante, paseniño achegamento á verdá. O caraiter de traballo "científico" no eido histórico-cultural e crítico literario consiste mesmamente niso.

A Menéndez Pidal débeselle o descobremento de inormes zonas soterradas na épica e na lírica de Edade Meia. É conocida a súa condición de mestre e orientador dunha escola de investigado-

res e críticos, antre as máis importantes, hoxe do Oicidente, pola calidá e continuidá ininterrumpida. Foi o autor de *Poesía juglaresca y orígenes de las literaturas románicas,* quen lles deu o pulo inicial meiante o estudo analítico e a aplicación da filoloxía prá comprensión dos testos literarios; a quenes formóu e orientóu persoalmente dende o "Centro de Estudios Históricos" e da "Revista de Filología Española", fundada por el no 1914.

Mais ningún auténtico investigador. ten deixado de ser tamén un home de letras cabal, á altura do seu tempo. O estudo, a pescuda teñen un ouxeto concreto, pero abrollan dun interés, ó mesmo tempo ideal, vivo e aitual polos problemas permanentes do país. Velahí o caso da figura que acaba de desaparecer. Unha figura á que a pescuda histórico-literaria permitíulle adequirir craridá, lucidez e autoridá nos temas candentes do seu país e do seu tempo.

NOTAS

BAIXO o tíduo de *A Samuel Beckett Reader* tense pubricado unha escolma de textos do sonado autor de *Agardando a Godot.* Como novedá inxire escritos primitivos e case inacesíbeles de Beckett, como *Dante and the Lobster,* obras de teatro, como a sinalada i *Endgame,* e obras narrativas como *Molloy* e *Malone Dies.* Ademáis de algús poemas pouco esparexidos, un estraito de *How It Is* e *Imagination Dead Imagine.* A escolma foi realizada por John Calder, quen nas súas notas espricativas axuda ó leitor a se adentrar no mundo diste difícei autor.

CELEBROUSE en Teresópolis o "IV Festival Brasileiro de Literatura", tradicional promoción da Academia Teresopolitana de Letras, cuio fallo final é feito pola Academia Brasileira de Letras. Resultóu vencedor do certame —ó que concurriron máis de dous mil poemas—, o poeta carioca Zalkind Piatigorsky co *Canto Dó do Pó, Canto do Pastoreio* e *Semitam.*

A OBRA de Valle-Inclán, ate o dagora pouco conocida fora do ámbito lingüístico castelán, comenza a atopar relevancia no estranxeiro, fora mesmo dos círculos hispanistas. A. N. R. F. acaba de publicar *Jardin Ombreux* e *La Marquise Roselinda.* Na mesma editora publicáronse nistes dous derradeiros anos, *Lumières de Bohème, Retable de l'Avarice, de la Luxure et de la Mort,* a triloxía *La Guerre carliste* e *Fleur de santeté.*

POLA publicación do seu derradeiro libro, *O Instinto Supremo,* que ten como tema a vida do Mariscal Rondon, o novelista portugués Ferreira de Castro foi homenaxeado pola Academia Brasileira de Letras. Elmano Candin saudóu ó escritor luso, que, a proposta de Peregrino Júnior, recibirá tamén a medalla "Machado de Assis".

EDICIÓNS Aymá, de Barcelona, publicóu na súa coleición "Voz, Imagen", a versión castelá de *Primera història d'Esther,* de Salvador Espriu, arrequecida cun limiar de R. Domenech. Trátase. sin dúbida, da obra maestra do teatro catalán contemporáneo, e unha das sobranceiras creaciós da literatura catalana do noso tempo. A versión castelá, revisada polo autor, é obra de Santos Hernández, tradutor tamén hai pouco de *La pell de brau.*

O POETA galego-arxentino Francisco Luís Bernárdez acaba de editar un interesante volume con tíduo *Mundo de las Españas.* Trátase de cincuenta e tres estampas nas que se entretecen motivos críticos, comentos de obras, conmemoranzas, notas de paisaxe, perfís de homes que o autor ten conocido i estimado. Antre as figuras evocadas por Bernárdez nistas páxinas, destacan Rosalía de Castro e Valle-Inclán, Teixeira de Pascoaes i Eça de Queiroz, Machado, Unamuno e Miguel Hernández.

SALVATORE QUASIMODO, o sonado poeta italiano, tense distinguido como tradutor de autores clásicos, antre eles varios poetas gregos. Agora Mondadori presenta versiós da *Antologia Palatina,* que contén espresiós líricas da civilización alexandrina. O tradutor realizóu a súa escolma de xeito de "salvar" a aqueles "novos poetas innumerábeles" da morea dos versificadores, esprican os editores.

INDICE DO TOMO VI

Xaneiro-marzo, abril-xunio
Xulio-setembro, outubro-decembro

1968

	N.º	Páx.
Allué Andrade		
Cinco pezas para cémbalo	22	492
Barreiros, Cosme		
Encol dun arte social	20	223
A poesía africana moderna	21	358
"Merlín e familia"	21	370
Beiras, Xosé Manuel		
Vicente Risco e Nós. Notas pra unha leria	20	162
"El Conde de Gondomar. Un azor entre ocasos"	20	240
"Vida y leyenda de San Pedro de Mezonzo"	21	376
Bernárdez, Francisco Luis		
Dos aldeas gallegas	19	95
Cambre Mariño, X.		
Pequena amostra da poesía do Canada francés. Tradución	21	312
C (arballo) C (alero), R (icardo)		
As tensións creadoras na obra de Valle-Inclán	19	93
"Geada"	19	99
"A lingoaxe i as lingoas"	19	102
"Contribución al Diccionario gallego"	19	110
A lenda do Graal	20	358
"La tradizione manoscritta della lírica galego-portoghese"	21	362
"Sul duecento letterario in Spagna. Il problema della poesía lírica"	21	369
Durán, Carlos		
Carta de Inglaterra	22	494
Fabeiro Gómez, Manuel		
"Cartas de Galicia" de Devos	22	507
Fernández, Javier		
A festa dos Maios na Gran Bretaña	22	488
Filgueira Valverde, Xosé		
"Vía Crucis" de Paúl Claudel. Tradución	20	194
Fraguas Fraguas, Antonio		
Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e do seu tempo	21	334

	N.º	Páx.
Franco Grande, X. L.		
"Bajo Miño y Costa Sur"	19	109
"Cantos de Nadal, Aninovo e Reis"	19	116
Carta a un mozo galego de hoxe	20	217
"Teatro Galego"	20	244
"A lus do Candil"	21	366
Gándara Feijoo, Alfonso		
Proyección literaria de la emigración gallega. Nostalgia	19	40
García-Durán, J.		
O bilingüismo infantil e a formación da persoalidade	19	88
García-Sabell, D.		
Páxinas do Xornal	19	63
A realidade humá de Rosalía	22	385
González Casanova, J. A.		
Comunicación social e desenrolo político no xurdimento da conciencia nacional	21	275
González Fontán, A.		
Cultura e sociedade	19	90
González López, Emilio		
Valle-Inclán y la Pardo Bazán: "Divinas palabras" y "El tetrarca en la aldea"	20	212
Labrada, A.		
O Graal	22	486
López Canedo, Elisardo		
Proyección literaria de la emigración gallega. Nostalgia	19	40
López Nogueira, X. M.		
Dialéctica e Poesía: Sobre un libro de X. L. Franco Grande	20	200
Lorenzana, Salvador		
Narradores e teóricos do "Nouveau roman"	19	51
"Linguagem e estilo de Eça de Queiroz"	20	235
As interrogantes no teatro de Ionesco	21	288
Lorenzo, Ramón		
Dámaso Alonso, y su obra	22	476
Losada, Basilio		
"Non"	19	104
"Rosalía de Castro"	19	113
"Contos pra nenos"	20	238
"El problema del desarrollo en la Galicia rural"	21	364

	N.º	Páx.
"As ponlas baixas"	21	371
"Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega"	21	374
"A Torre de Babel"	22	496
"Un lugar en el tiempo"	22	500
"Lengua y estilo de Curros Enríquez"	22	504
Mariñas del Valle, Xenaro		
Pequena farsa dos amores desencontrados	21	295
Martínez Torner, Eduardo		
Curiosidad literaria	21	326
Misiego, Micaela		
Thomas Wolfe, poeta de soidade	19	1
Ormr i auga	20	129
Isledinga Sögur	21	257
A nova poesía: Allen Ginsberg ou a rebelión	22	469
Mor, Patricio		
"Marcel Proust"	20	246
Noya Campos, María Camino		
Dous contos	20	230
Otero Pedrayo, Ramón		
Desvelamento de Santiago	19	77
Piñeiro, Ramón		
"O misterio da Saudade"	19	107
"Ao pé de cada hora"	19	112
"El arte dramático de Valle-Inclán"	20	232
"Libro de Xob. O Eclesiastés. A Cántiga das Cántigas"	20	239
Carta a Jean Pierre García	22	425
Porto Dapena, Xosé Álvaro		
As vocales átonas, *e, o, a,* en contaito con labial	19	30
Poesía coreán en galego	20	184
Estudo morfo-semántico do apreciativo galego. ¿O sufixo -iño, diminutivo garimoso?	22	412
Rodrigues Lapa, M.		
Uma ediçâo do trovador Airas Nunes	22	482
"Sementeira do vento"	22	498
Sédar Senghor, Léopold		
A volta do fillo pródigo	19	71
S (eoane), L (uis)		
"Los gallegos en la Argentina"	20	242
S (eoane), S.		
"La Coruña"	21	373
Dous contos de Yasunari Kawabata. Tradución	22	465

	N.º	Páx.
Sobrado, Carlos		
Callois fala das pedras	19	101
Taboada, Xesús		
Cuevillas e o seu maxisterio	21	314
Torres Queiruga, Andrés		
"El pensamiento de Amor Ruibal"	22	502
Valle-Inclán, Ramón del		
Dez cartas dirixidas a Pérez Galdós	20	225
Vázquez Cuesta, Pilar		
Sobre la lira lusitana de Curros Enríquez: Poesías perdidas y nuevamente halladas	20	149
Veiga Arias, Amable		
Fonología Gallega. Fonemática: El sistema consonántico, I	21	282
Villar Ponte, Antón		
Nouturnio de medo e morte	22	451
Zubillaga Barrera, Carlos A.		
Epistolario americano de los hermanos Sagra	22	433

En cumplimiento de lo dispuesto en el art. 24 de la vigente Ley de Prensa e Imprenta, y para información de nuestros lectores, se consignan a continuación los nombres de las personas integrantes del Consejo de Administración u órgano rector de la *Editorial Galaxia,* Sociedad anónima, como empresa editora de la presente publicación:

1 Ramón Otero Pedrayo: Presidente
2 Domingo García-Sabell: Vicepresidente
3 Sebastián Martínez-Risco: Vocal
4 Antonio Fernández López: Vocal
5 Jesús Ferro Couselo: Vocal
6 Agustín Sixto Seco: Vocal
7 Emilio Álvarez Blázquez: Vocal
8 Jaime Isla Couto: Consejero-Delegado
9 Ángel Cuiñas García: Secretario.

Asimismo, se hace constar que ninguno de los accionistas de esta Sociedad es poseedor de una participación que alcance al diez por ciento del patrimonio social, a que se refiere el prececto legal referido.

Editorial Galaxia, S. A. fue fundada por escritura pública de tres de noviembre de mil novecientos cincuenta, ante el Notario Don Miguel Hoyos de Castro, con el núm. 2.909 de su protocolo, con un capital de 500.000 pesetas, dividido en acciones de mil pesetas cada una, en la actualidad enteramente suscritas y desembolsadas.

Esta edición facsimilar
da revista *GRIAL*,
rematouse de imprentar
no obradoiro de
Artes Gráficas Galicia, S.A.,
na rúa Segovia, 19 de Vigo,
o día 15 de setembro do 1988

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	60	ptas.
Estranxeiro	75	"
Suscrición anual, 4 números ..	200	"
Estranxeiro	240	"

REDACCION E ADMINISTRACION

Editorial Galaxia—Reconquista, 1 — Vigo

TIP. FARO DE VIGO